



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Curso Académico: 2023/2024

Versión; Unidade/Órgano	Data aprobación
V.1. - Comisión de Calidade do Centro	28/05/2025
Informe técnico conforme da SCVTI	16/09/2025
V. 2 - Xunta de Facultade	14/09/2025
V. 3 - Comisión de Calidade e Planificación, delegada de Consello de Goberno	26/11/2025

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 1 de 131

Índice

1. Introducción.....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	9
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	9
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	30
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudantado	69
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	106
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	111
Directriz 6. Información pública	116
3. Plan de Melloras do centro	118
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	127
5. Listaxe de evidencias e indicadores	127

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 2 de 131

1. Introducción

1.1 Presentación da memoria

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

O Equipo Directivo do Centro, así como a súa Comisión de Calidade, teñen un forte compromiso coa materialización das Accións de Mellora, tanto daquelas máis inmediatas, de cumprimento anual, como daquelas outras proxectadas cun carácter temporal máis dilatado.

Os axentes directamente implicados no correcto desenvolvemento do SGC son o Equipo de Dirección, a Comisión de Calidade do Centro, a responsable de Calidade do Centro, o Coordinador de Calidade, o Comité Consultivo e os/as Coordinadores de título.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade. A Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais concíbese como unha análise sintética do axeitado funcionamento do SGC (Sistema de Garantía de Calidade), en tanto baluarte da calidade dos títulos que se imparten no citado centro: Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Economía, Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación, Máster Universitario en Dirección de Empresas, Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira e Máster Universitario en Economía.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais levar a cabo unha análise global do SGC.

En aplicación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a elaboración da presente memoria correspondeu á Comisión de Calidade do Centro, reunida en sesión específica, trala finalización da cal trasladou á Xunta de Facultade o documento provisional para a súa aprobación, o que tivo lugar, finalmente o 14 de outubro de 2025.

A presente memoria toma como referencia os informes de resultados dos títulos de grao e máster referenciados. Nestes informes analízase de xeito pormenorizado os resultados do SGC en relación á organización e desenvolvemento dos títulos durante o curso 2023-2024, curso no que se centra o presente documento.

Tamén constituíron documentos de referencia para a elaboración desta memoria: o Manual do Sistema de Garantía de Calidade, o manual de procesos (actualizados en marzo de 2023) e o plan estratéxico 24-26 aprobado pola Comisión de Calidade delegada do Consellos de Goberno o 28 de febreiro de 2025.

<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2025-03/pe-fcceeee-24-26-cddcg.pdf>

O SGC estase a converter nun marco operativo de cara a detectar disfuncións ao mesmo tempo que funciona como un espazo de discusión e de toma de decisión en colaboración coas comisión académicas de graos e máster.

1.2 O Centro

Orixe e estrutura orgánica do centro

Os estudos da sección de Ciencias Económicas iníciáanse en Santiago de Compostela na curso 1967-1968 na Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais.

Esta Facultade, que non contaba cun edificio propio, percorreu ao longo de case dez anos edificios como os da antiga

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 3 de 131

Facultade de Dereito, os barracóns do Burgo das Nacións, a Facultade de Farmacia e o edificio de Fonseca, ata chegar en 1976, ao seu emprazamento actual. Tamén no transcurso deste anos, foi variando a súa denominación e acabou por converterse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Os estudos da Licenciatura de Economía así como os da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas aprobáronse no ano 1993, comezándose a impartir o primeiro curso destas titulacións no curso 1993-1994.

Na Facultade de Ciencias Económicas o equipo de dirección está formado por 6 persoas, que ostentan os seguintes cargos, en función do seu ámbito de competencias:

- Decano/a
- Vicedecano/a de Calidade e Innovación Docente
- Vicedecano/a de Estudantes e Relacións Internacionais
 - Vicedecano/a de Organización Docente e Titulacións
 - Vicedecano/a de Relacións coas Empresas e Institucións
 - Secretario/a de Facultade

O ámbito de aplicación do SGC comprende a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: estudantado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Catálogo de titulacións

O catálogo actual de titulacións de grao e máster da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais é o seguinte: [Grao en Administración e Dirección de Empresas](#) que se imparte no Campus de Santiago e [no Campus de Lugo](#).

[Grao en Economía](#)

[Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación](#)

[Máster Universitario en Dirección de Empresas](#) que se imparte no Campus de Santiago e no Campus de Lugo.

[Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira](#)

[Máster Universitario en Economía](#) no que participan as tres universidades do SUG e coordina a Universidade de Vigo.

[Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas](#)

O centro ten adscritos os seguintes departamentos:

[Economía Aplicada](#)

[Economía Cuantitativa](#)

[Economía Financeira e Contabilidade](#)

[Fundamentos de Análise Económica](#)

[Organización de Empresas e Comercialización](#)

Adicionalmente, os seguintes departamentos teñen docencia nos graos do centro:

[Ciencia Política e Socioloxía](#)

[Dereito Pública Especial e da Empresa](#)

Programas de doutoramento:

[Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial](#)

[Programa de Doutoramento en Economía e Empresa](#)

[Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica](#)

1.3 Sistema de Garantía de Calidade

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro, os/as Coordinadores de Título e o/a Coordinador de Calidade. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 4 de 131

(<https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2023-05/manual%20de%20calidade%2022-5-23.pdf>).

De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

Membros da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Decano da Facultade de Ciencias Económicas y Empresariales (presidente)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador de Calidade do Centro

Os/as Coordinadores/as de Título

Responsable da Unidade de Xestión de Centro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariales

Representante do estudantado

Representante do estudantado titor con voz pero sen voto

As funcións principais da CCC son as seguintes:

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
2. Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC).
3. Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
4. Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
5. Realizar o seguimento dos resultados do centro.
6. Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
7. Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisión de título.

Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2023/2024

8 de novembro de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (31-5-23)
2. Modificación das memorias de titulación.
3. Plan de acción titorial
4. Rolda de intervencións.

23 de novembro de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior (ordinaria do 8-11-2023)
2. Declaración de intención das modificación dos graos e dos mestrados oficiais do centro e, de ser o caso, informe razoado e aprobación.
3. Aprobación, se cómpre, do plan de acción titorial dos mestrados.
4. Rolda de intervencións.

21 de decembro de 2023. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior (ordinaria do 23-11-23)
2. Aprobación, se cómpre, do informe de execución das accións de mellora 22-23.
3. Aprobación, se cómpre, do informe de alegacións ao informe provisional de seguimento da ACSUG do máster en Economía.
4. Rolda de intervencións.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 5 de 131

11 de abril de 2024. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior (ordinaria do 21-12-23)
2. Informe razoado da Comisión de Calidade sobre os borradores das Memorias de Modificación dos Plans de Estudos dos Graos en ADE e Economía.
3. Rolda de intervencións.

31 de maio de 2024. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior (ordinaria do 11-04-24)
2. Aprobación, se cómpre, dos informes de resultados dos títulos de centro do curso 2022-2023.
3. Aprobación, se cómpre, da memoria de calidade do curso 2022-2023.
4. Informe de incidencias do curso 2022-2023.
5. Asuntos varios.
6. Rolda de intervencións.

10 de xullo de 2024. Reunión ordinaria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se cómpre, da acta da sesión anterior (ordinaria do 31-05-24)
2. Regulamento de TFG/TFM.
3. Plan de captación.
4. Asuntos varios.
5. Rolda de intervencións.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade en maio de 2010, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese.

No curso 2017-2018 o centro procedeu a adaptar o SGC ao novo documento marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade e ao novo Manual de Procesos, aprobados pola Comisión de Calidade en Planificación de Consello de Goberno o 22/02/2018. Estes manuais foron aprobados pola Xunta de Facultade o 12 de xullo de 2018 e pola Comisión de Calidade e Planificación de Consello de Goberno o 21 de setembro de 2018 (curso 2018-2019). O regulamento de réxime interno foi modificado o 19 de outubro de 2018, aprobada a modificación en Xunta de Facultade e ratificado polo Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2018. Toda a documentación relacionada co SGC da Facultade atópase no seguinte enlace:

(<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/calidade>)

En relación ao rexistro actualizado da documentación do SGC, anualmente, lévase a cabo unha revisión da documentación relativa ao mesmo para analizar se proceden posibles cambios na mesma.

O 3 de decembro de 2019 tivo lugar unha actualización do Manual do SGC do centro para incluír ao coordinador de calidade e o organigrama do centro. Así mesmo, tamén se actualizaron unha serie de procesos (PE-01, PC-02, PC-04, PC-05, PS-02) no Manual de Procesos para adaptalos á actividade do centro. Esta actualización realizouse no marco da Comisión de Calidade, na que están representados os distintos colectivos, co obxectivo de que a documentación do SGC se adaptase ao contexto do centro.

Novamente, o 18 de decembro de 2020 realizouse unha nova actualización do Manual de Procesos (na que se revisaron os procesos PC-01, PC-04, PS-01, PS-02, PS-04) así como unha revisión da política de calidade do centro, como se ven de comentar.

A Comisión de Calidade na súa reunión do 17 de decembro de 2021 aprobou a modificación do manual do sistema de garantía do centro para recoller os indicadores propios do centro, concretamente o estudo de satisfacción co TFG

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 6 de 131

e o estudo sobre o perfil de ingreso.

O 27 de xaneiro de 2022 o Manual do SGC do centro actualizouse de novo para incorporar os indicadores propios da Facultade, a nova versión da política de calidade e a modificación dos procesos institucionais.

Así mesmo, na Comisión de Calidade con data 21 de decembro de 2022 revisouse a documentación dos sistema de garantía de calidade. Concretamente, revisouse o manual do SGC para actualizar a composición do Comité Consultivo e a inclusión das institucións que reciben o premio Fulget.

O 27 de marzo de 2023, revisouse de novo o Manual do SGC para corrixir a denominación dos Vicedecanatos e a composición do Comité Consultivo. Así mesmo, revisouse o manual de procesos do centro e, para maior detalle, os seguintes procesos:

- PE-02 Revisión e mellora: O 30 de xuño de 2021 houbo cambio na denominación e na tipoloxía de procesos institucionais. Neste proceso de centro hai referencias a procesos institucionais que cambiaron. Así mesmo, suprimíronse as referencias aos informes de seguimento e acreditación, dado a que, no caso dos centros acreditados institucionalmente, os títulos elaboran informes de resultados.
- PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación: Modificación derivada dos cambios nos procesos institucionais.
- PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas: Modificación derivada dos cambios nos procesos institucionais.
- PS-01 Xestión dos recursos humanos: Modificación derivada dos cambios nos procesos institucionais.
- PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos: A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos xa non ofrece o indicador de satisfacción dos egresados coas infraestruturas. O centro elabora unha enquisa propia para dispoñer dun indicador.
- PS-03 Xestión documental: Modificación derivada dos cambios nos procesos institucionais.
- PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades: Eliminación de referencias a informes de seguimento/acreditación.
- PS-05 Xestión das incidencias (SQR): Modificación derivada dos cambios nos procesos institucionais.

O centro obtivo a **Acreditación Institucional** o 26 de abril de 2021.

Tamén cómpre destacar que o centro recibiu o recoñecemento de **Boas Prácticas de Calidade da USC** nas seguintes convocatorias:

- Convocatoria de 2020: Dinamización da elección e da relación con delegados/as.
- Convocatoria de 2020: Enquisa de satisfacción co TFG.
- Convocatoria de 2021: Protocolo de coordinación dos graos de Economía e Ade
- Convocatoria de 2022: Programa de Benvida ao Centro: Guía de Profesorado e Guía do Estudiantado.
- Convocatoria de 2023: Aula Profesional ECOADE.
- Convocatoria de 2024: Optimización dos procesos de traballo na Unidade de Xestión de Centro e Departamentos.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 7 de 131

1.4 Plan Estratéxico do Centro

O Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais 2024-2026 está integrado por cinco liñas estratéxicas en consonancia coas liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC, coas liñas estratéxicas do Plan Estratéxico da USC 2024-26 e coas necesidades e expectativas dos grupos de interese tal e como establece o proceso PE-01 Planificación Estratéxica do manual de procesos do SGC da Facultade. Na seguinte táboa móstrase a correlación entre as liñas estratéxicas dos Plans Estratéxicos da USC e da Facultade. Isto demostra unha clara conexión entre eles e a contribución da Facultade para acadar os obxectivos establecidos pola USC para o período 2024-26.

Táboa: Relación entre as liñas estratéxicas dos Plans Estratéxicos da USC e da F.CCEEEE

LIÑAS ESTRATÉXICAS USC	LIÑAS ESTRATÉXICAS F. CCEEEE
LE 1 - O estudantado e a comunidade universitaria	LE 1 - O estudantado: Formación e participación activa OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos. OE 1.2. Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do centro. OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado. OE 1.4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.
LE 2 - A formación e a docencia no novo contexto	LE 1 - O estudantado: Formación e participación activa OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos. OE 1.2. Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do Centro. OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado. OE 1.4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.
LE 3 - Os retos na política de persoal	LE 2 - Recursos humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia OE 2.1. Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación OE 2.2. Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI. OE 2.3. Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS. OE 2.4. Favorecer a formación do PDI e do PTXAS.
LE 4 - A Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar	LE 4 - Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade OE 4.1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia. OE 4.2. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna.
LE 5 - A senda da internacionalización	LE 5 - Internacionalización e relación con outras universidades OE 5.1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 8 de 131

LE 6 - A procura de infraestruturas ecoeficientes	LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente. OE 3.2. Optimización do uso dos recursos. OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección. OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudantado na xestión do centro.
LE 7 - A USC na era da transformación dixital	LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente. OE 3.2. Optimización do uso dos recursos. OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección. OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudantado na xestión do centro.
LE 8 - A xestión eficiente dos recursos	LE 3- Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente. OE 3.2. Optimización do uso dos recursos. OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección. OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudantado na xestión do centro.

O cadro de mando recollido no Plan Estratéxico do centro pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/calidade/documentacion-sgc>

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 9 de 131

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- 1.1. A vixencia da Política de Calidade.
- 1.2. A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- 1.3. A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- 1.4. A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- 1.5. No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- 1.6. A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- 1.7. A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Vixencia da política de Calidade

A política de calidade do centro ten como principal obxectivo o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis axeitada formación para os seus estudantes, que dean resposta ás demandas do mercado laboral e que garantan as condicións de desenvolvemento profesional.

Durante o curso académico 2023-24, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais continuou dirixindo o seu esforzo e traballo á consecución da satisfacción das necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, comprometéndose a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos dos que dispón, baixo os principios de responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia. Estes principios continúan sendo os pilares sobre os que se fundamenta a nosa política de calidade e sobre os que desenvolvemos o noso traballo.

1.2. Evolución do grao de cumprimento do Plan Estratéxico

Como xa se mencionou previamente, o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para o período 24-26 ten como referencia para a súa elaboración o plan estratéxico da Facultade para o período 2016-2020, o acordo de prórroga do plan estratéxico da Facultade para o período 2020-2022, as liñas estratéxicas do Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2024-2026 e as liñas xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC. O 5 de febreiro de 2025 aprobouse en Xunta de Facultade e o 28 de febreiro de 2025 foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno.

O Plan Estratéxico está integrado por cinco liñas estratéxicas:

LE1. O estudantado: Formación e participación activa.

LE2. Recursos Humanos: Formación, renovación, innovación e eficiencia.

LE3. Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable.

LE4. Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade.

LE5. Internacionalización e relación con outras universidades.

A continuación preséntase unha análise do grao de cumprimento das diferentes liñas estratéxicas recollidas no plan. Para os distintos obxectivos formulados incluírase información sobre os indicadores (de ser o caso) empregados para avaliar o seu cumprimento e sintetizaranse as accións de mellora realizadas durante o curso 2022-23 e 2023-24 vinculadas a cada obxectivo. Así mesmo, comentaranse as accións de mellora formuladas para o curso 2024-25 que teñen por obxecto contribuír ao cumprimento de cada unha das liñas estratéxicas.

Dado que, nalgúns casos, unha mesma acción de mellora, está vinculada con máis dun obxectivo, só se comentará unha vez.

- **Liña estratéxica 1. O estudantado: Formación e participación activa.**

Esta liña estratéxica concrétese nos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos.

OE 1.2. Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do centro.

OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado.

OE 1.4. Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos**, atópanse a nota media de acceso por preinscrición ou a ratio de preinscritos en 1ª opción sobre as prazas ofertadas e as iniciativas realizadas cos centros de secundaria e de formación profesional coa finalidade de captación.

Como se pode observar nos indicadores que figuran a continuación, a nota media de acceso por preinscrición, en termos xerais, amosa un certo crecemento, acadándose o obxectivo de superar o promedio dos últimos tres anos ao igual que no caso da relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas:

IN06C-Nota media de acceso por preinscrición	Promedio dos últimos 3 anos	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	10,27	10,41	10,32
Grao en Economía	9,40	9,51	9,52
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	6,92	7,15	7,16
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	7,00	7,01	7,09
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	7,13	7,12	6,90
Máster Universitario en Economía	6,79	7,25	7,51
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	6,98	6,85	7,03
Total	9,57	9,72	9,69

IN10C-Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	Promedio dos últimos 3 anos	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	82,00	86,00	91,50
Grao en Economía	69,49	68,80	70,40
Total	76,79	79,38	83,38

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 11 de 131

No que se refire ás charlas realizadas en centros de secundaria, durante o curso 23-24 contouse coa participación de seis profesores, nun total de 22 charlas. O desglose completo é o seguinte:

ISABEL NEIRA

Charla “Big Data en Economía”

1. CEIP as Mercedes 11 decembro. Lugo
2. IES Manuel Chamoso Lamas. O Carballiño.
3. IES Frei Martín Sarmiento. Pontevedra.

ADRIÁN DIOS VICENTE

Charla “A situación enerxética galega: un debate necesario para ter futuro”

1. IES As Fontiñas. 19 de Decembro 2023.
2. IES de Curtis. 5 de Febreiro 2024.
3. CIFP Universidade Laboral, Culleredo. 8 de Febreiro do 2024.
4. CPR Sek-Atlántico, Pontevedra. 19 de Marzo do 2024.
5. IES Álvaro Cunqueiro, Pontevedra. 4 de Abril do 2024.

ROSA MARÍA REGUEIRO

Charla “Que pode facer a economía por ti? E ti por ela?”

1. CPR Plurilingüe Santo Domingo, A Coruña.
2. CPR Los Sauces, Pontevedra.
3. IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, A Estrada.
4. IES Chan do Monte, Marín.

MELCHOR FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Charla “Que significa que o turismo é sostible?”

1. IES Punta Candieira, Cedeira.
2. IES María Casares, Oleiros.
3. IES As Barxas, Moaña.
4. IES Primeiro de Marzo, Baiona.
5. IES de Poio, Poio.

DAVID RODEIRO PAZOS

Charla: “A creación de empresas na universidade”

1. IES Manuel García Barros, A Estrada.
2. IES Macías o Namorado, Padrón.

XOSÉ ANTÓN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Charla: “Para que serve a economía?”

1. IES Manuel García Barros, A Estrada.
2. IES de Cacheiras, Teo.
3. IES Ordes, Ordes.

O centro tamén participa nos Encontros na USC, organizados polo programa A Ponte. No curso 23-24, tiveron lugar entre 30 de xaneiro e o 2 de febreiro. Os encontros desenvolvéronse en 4 xornadas e recibíuse un total de 560 estudantes.

Tamén se participou, ao igual que outros anos, nos **Encontros Virtuais na Zona USC** con estudantado de ensino medio interesado nas titulacións da Facultade, que se realizou o 22 de Marzo do 2024. Este formato permite que estudantes que non poden asistir de xeito presencial coñecer a Facultade, tamén poidan preguntar e obter información personalizada.

Do mesmo xeito, tamén se participou no proxecto “**Coñece a USC**” que por primeira vez, no curso 23-24, organizaba visitas non só para estudantes, senón tamén para as súas familias. Este evento tivo lugar en dúas xornadas, o 13 e 15 de Xuño do 2024. Como novidade, a segunda xornada organizouse en sábado, para facilitar a asistencia das familias e que fora posible conciliar coa vida laboral.

Por outra banda, desenvolveuse a campaña **Coñece a Facultade de CC Económicas e Empresariais, en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística da Facultade e o Servizo de Normalización Lingüística da USC**. A campaña está orientada á captación de estudantado de ensino medio e a normalización do uso do galego mediante as RRSS, polo que se contou coa creadora de contidos @Pradorua, que realizou tres vídeos, orientados a explicar as titulacións, o funcionamento da Facultade e afondar na visión que o actual estudantado ten das titulacións. Os vídeos foron publicados nas diferentes Redes Sociais da Facultade (Instagram, X, Facebook e LinkedIn). Pódense aquí ver dous exemplos de vídeos:

Vídeo I. Sobre as titulacións da Facultade:

https://www.instagram.com/reel/C7x8a0tM2cl/?utm_source=ig_web_copy_link&igsh=MzRIODBiNWFIZA==

Vídeo II. Falando con estudantado da Facultade:

https://www.instagram.com/reel/C8DA6tcMZ6t/?utm_source=ig_web_copy_link&igsh=MzRIODBiNWFIZA==

No que se refire ao **OE. 1.2: Fomentar a participación activa do estudantado nas clases e na vida do centro**, entre os indicadores establecidos para avaliar o seu cumprimento atópanse a satisfacción do estudantado coa titulación, a satisfacción do estudantado coas infraestruturas do centro, o número de iniciativas de innovación docente recollidas no repositorio web da Facultade e a valoración xeral sobre a asistencia do estudantado ás clases.

No que se refire á satisfacción dos estudantes e egresados coas infraestruturas, a enquisa de satisfacción dos egresados foi modificada e nos últimos anos non se pregunta pola satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro.

O centro, dende o curso 20-21 realízase unha enquisa propia na que se pregunta, entre outras cuestións, sobre estes aspectos.

A continuación, preséntanse os datos que se derivan da enquisa:

Satisfacción dos egresados coas titulación	Promedio dos últimos 3 anos	21-22	22-23	23-24
ADE	4,05	3,94	4,09	3,59
ECO	3,93	4,06	3,83	3,24
Total	3,99	4	3,96	3,415

Satisfacción dos egresados coas infraestruturas	Promedio dos últimos 3 anos	21-22	22-23	23-24
ADE	4,19	4,15	4,14	4,23
ECO	4,05	4,16	3,93	3,83
Total	4,12	4,155	4,035	4,03

No que se refire ás iniciativas de innovación docente, froito dunha acción de mellora (AM-5/22-23), púxose en marcha a convocatoria anual do **Premio de Innovación Docente da Facultade** coa finalidade de recoñecer as iniciativas innovadoras do centro e de darlles difusión.

Así, o 24 de maio de 2023 celebrouse a I Xornada de Innovación Docente, onde se presentaron cinco iniciativas postas en marcha na Facultade e que se están empregando na docencia de diversas materias de grao. Esta xornada permitiu divulgar propostas que poden servir de referencia ao resto de profesorado e tamén se aproveitou para dar o coñecer o repositorio de prácticas que inauguramos este curso no noso centro a partir da convocatoria do Iº Premio de Innovación Docente, destinado a recoñecer o esforzo innovador nas nosas titulacións. Así, as profesoras María del Carmen Sánchez Carreira, Loreto Fernández, Belén Fernández, Xulia Guntin e Eva Aguayo explicaron as iniciativas innovadoras que están empregando na docencia de diversas materias de grao. O profesorado asistente participou activamente para coñecer os pormenores de cada unha das propostas.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 13 de 131

No curso 23-24, de xeito similar, o 4 de xullo de 2024 celebrouse a II Xornada de Innovación Docente, onde se presentaron tres iniciativas desenvolvidas polo profesores Adrián Dios e Raúl Ríos, Loreto Fernández e Diego Sande.

A convocatoria e o repositorio coas iniciativas presentadas pode consultarse no seguinte enlace:

[Premio de Innovación Docente | Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://usc.gal/Premio-de-Innovación-Docente-Facultade-de-Ciencias-Económicas-e-Empresarias-Universidade-de-Santiago-de-Compostela)

Ademais, a innovación docente e investigadora do centro, fica patente no feito de que a **Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias foi un dos oito centros recoñecidos na Convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos centros da USC 2022.**

En relación coa asistencia ás clases, o profesorado, en termos xerais, traslada nas xuntanzas de coordinación dos diferentes cursos que se percibe unha baixa asistencia. De xeito similar, tense tratado esta cuestións nas xuntanzas con delegados/as recollidas no Plan de Acción Titorial. Na procura de reverter esta situación, no curso 23-24 puxéronse en marcha as seguintes accións de mellora:

AM-2/23-24: Incrementar a representación estudantil en Xunta de Facultade.

Con esta finalidade, nas sesións informativas de comezo de curso insistiuse na relevancia da representación estudantil e na súa participación na Xunta de Facultade e nas comisións delegadas da Xunta de Facultade.

Así mesmo, na xuntanza con delegados/as do 6 de novembro de 2024 insistiuse de novo na súa relevancia e na utilidade para o estudantado representante.

Por último, tamén se transmitiu esta insistencia a través do estudantado titor.

Como resultado, atopouse de 7 a 40 estudantes, conseguindo así o obxectivo formulado.

AM-8/23-34: Incrementar a asistencia regular do estudantado ás clases. Esta accións de mellora comprende dúas tarefas: Recomendar ao profesorado en Xunta de Facultade que controle a asistencia ou a valore dalgunha maneira e insistir ao estudantado nas sesións de orientación do PAT a relevancia da asistencia regular ás clases.

O 5 xuño de 2024, en Xunta de Facultade, a petición de valorar a asistencia ás clases foi trasladada ao profesorado. Así mesmo, nas sesións de orientación do Plan de Acción Titorial das primeiras semanas do curso, insistiuse na relevancia da asistencia regular ás clases.

Así mesmo, entre as accións de mellora a executar no curso 24-25, atópanse as seguintes para contribuír ao cumprimento deste obxectivo:

AM-1.1/24-25: Programar no horario de inicio de curso unha sesión fixa do PAT na que se insistirá en cuestións relevantes para o seguimento do curso e dos estudos.

AM-1.3/24-25: Promover entre o profesorado a consideración da participación activa na clase como un elemento a considerar na avaliación continua.

No que se refire ao **OE 1.3. Contribuír á formación integral do estudantado**, entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento deste obxectivo atópanse o nº de actividades recollidas na programación da Aula Profesional ECOADE, a porcentaxe de estudantado que recibe formación en competencias informacionais por niveis (básico, avanzado...), o nº de actividades realizadas para promover o uso da lingua galega, o nº de actividades culturais e deportivas ofertadas polo centro e as medidas dirixidas a promover o uso responsable da intelixencia artificial.

En relación coa Aula Profesional ECOADE, no curso 23-24 tiveron lugar as seguintes actividades:

- Ciclo de conferencias Aprendendo das empresas e institucións: Trátase dun conxunto de conferencias que se programan por cuatrimestre impartidas por profesionais da empresa ou do ámbito público para achegar ao estudantado ao mundo

profesional.

- Cineforum: Empresa, economía e sociedade. O obxectivo desta actividade é o fomento da reflexión sobre cuestións relativas á empresa e á economía e que teñen un impacto na sociedade, a través do cine nun ambiente informal. No seguinte enlace pode consultarse a programación do ciclo de cine para o curso 23-24:
<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7122633905152667648>
- Talleres sobre elaboración do correo de presentación e do curriculum vitae, sobre procesos de selección, sobre o uso do linkedin como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade...
- Talleres sobre ferramentas de office 365: Excel, Power Bi, Word...
- Curso sobre “R”, ERP (Libra), sinatura dixital....

No que se refire ás actividades desenvolvidas para promover o uso da lingua galega, durante o curso 23-24 realizouse a actividade, previamente comentada “Coñece a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais”.

Estas accións desenvolvidas para contribuír a un emprego máis responsable da intelixencia artificial. No curso 23-24, levouse a cabo a **AM-6/23-24** consistente en modificar a guía docente de TFG para incrementar o peso da cualificación da exposición oral na avaliación. <https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/Normativa-TFG.aspx>

Con respecto aos **cursos en competencias informacionais**, para fomentar a realización deste tipo de cursos, incluíronse as accións formativas en Competencias en Información desenvolvidas pola Biblioteca na **guía docente de diferentes materias** como elemento de avaliación ou como recomendación. Concretamente, na titulación de ADE, nas materias de Historia Económica (1º curso), e Investigación Comercial e Sistema Informativo Contable (4º curso), e na titulación de Economía, nas materias de Estrutura Económica Mundial I (1º curso) e Traballo de Fin de Grao (TFG, 4º curso). Doutra banda, desde a coordinación do TFG de Economía decidiuse incluílo como recomendación para superar con éxito a materia.

O profesorado que inclúe o curso CI na guía docente da súa materia é matriculado, se así o desexa, na aula virtual na que se desenvolve cada curso para poder facer un seguimento da formación realizada -á excepción das persoas que titorizan os TFG-.

Así mesmo, un grupo de profesorado colabora de forma activa coa Biblioteca, cedendo parte da **sesión de presentación** da súa materia á Biblioteca para que se introduza o curso de formación en competencias informacionais ao estudiantado e se fomente a súa participación. Ademais, na materia de Sistema Informativo Contable (4º ADE) cédese unha clase interactiva á Biblioteca, para realizar unha **sesión práctica** de busca de información e uso dos xestores bibliográficos.

Tamén se solicita aos coordinadores de cada título e aos coordinadores de cada curso que **difundan a información sobre esta formación** nos espazos virtuais dos que dispoñen, para garantir que chegue a todo o estudiantado.

A continuación, ofrécense os **principais indicadores** de participación e aptitude dos cursos básico e avanzado nos últimos anos.

NIVEL BÁSICO

		2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Matrícula oficial (total estudiantado, sen rexistros duplicados)	ADE	933	929	852	884
	ECONOMÍA	602	597	477	470
Matrícula oficial (materia 1º curso guía docente)	ADE	216	224	222	250
	ECONOMÍA	170	185	162	159
Matrícula curso CI (estudiantado de 1º curso)	ADE	96	110	143	123
	ECONOMÍA	49	22	66	41
Matrícula curso CI (total estudiantado)	ADE	166	128	181	147
	ECONOMÍA	87	33	78	59
Porcentaxe participación (estudiantado de 1º curso)	ADE	44%	49%	64%	49%
	ECONOMÍA	29%	12%	40%	26%

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24				
	Páxina 15 de 131				

Porcentaxe participación (total estudiantado)	ADE	18%	14%	21%	17%
	ECONOMÍA	14%	6%	16%	13%
Nº estudiantado apto (estudiantado de 1º curso)	ADE	80	84	89	105
	ECONOMÍA	35	18	39	27
Nº estudiantado apto (total estudiantado)	ADE	139	99	119	126
	ECONOMÍA	54	22	48	43
Porcentaxe aptos Grao (1º curso guía docente)	ADE	37%	38%	40%	42%
	ECONOMÍA	21%	10%	24%	17%
Porcentaxe aptos Graos (total estudiantado)	ADE	15%	11%	14%	14%
	ECONOMÍA	9%	4%	10%	9%

No caso do nivel básico, a **participación do estudiantado de 1º curso** de ADE descendeu lixeiramente no curso 23-24, situándose a participación arredor da metade do estudiantado. No grao en Economía, a participación é máis baixa, quedando no 26 % fronte ao 40% do curso pasado. Estes datos reflicten unha evolución inestable, especialmente no caso de Economía, e apuntan á necesidade de reforzar as estratexias de motivación e difusión entre o estudiantado de novo ingreso.

En relación coa **participación total do estudiantado de Grao**, no curso 2022-23 obsérvase unha recuperación significativa: Economía alcanza de novo o 16 % de participación, e ADE experimenta un incremento notable ata acadar o 21 %. Porén, no curso 2023/24, ambas titulacións sofren unha leve baixada nas taxas de participación.

Estas variacións poden explicarse, en parte, polos cambios nas vinculacións das materias co curso de Competencias en Información. Cómpre lembrar tamén que a matrícula nos cursos CI está aberta a todo o estudiantado de Grao, desde 1º ata 4º curso, e que se trata en moitos casos do mesmo colectivo durante varios anos consecutivos. Esta circunstancia condiciona directamente as porcentaxes de participación: o estudiantado de 1º pode decidir adiar a formación básica a cursos posteriores, mentres que o de 4º pode realizar tanto o curso básico como o avanzado no seu último ano, ou ben chegar con esa formación xa superada dende cursos anteriores.

No que respecta ás **porcentaxes de aptitude** do estudiantado de 1º curso de ADE, o dato situándose arredor da media histórica, próxima ao 40 %. No caso do grao en Economía, a evolución é máis preocupante: a porcentaxe recuperárase significativamente no curso 2022-23, pero o indicador volve descender no último ano académico (2023-24), quedando no 17 %.

Se se analiza o conxunto do estudiantado de Grao, as porcentaxes de aptitude mantéñense arredor do 10 % tanto en ADE como en Economía.

NIVEL AVANZADO

		2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Matrícula oficial (total estudiantado, sen rexistros duplicados)	ADE	933	929	852	884
	ECONOMÍA	602	597	477	470
Matrícula oficial (materia 4º curso guía docente)	ADE	341	336	222	173
	ECONOMÍA	203	189	144	123
Matrícula curso CI (estudiantado de 4º curso)	ADE	104	90	71	42
	ECONOMÍA	93	35	27	30
Matrícula curso CI (total estudiantado)	ADE	120	107	114	63
	ECONOMÍA	126	45	54	41
Porcentaxe participación (estudiantado de 4º curso/TFG)	ADE	30%	27%	32%	24%
	ECONOMÍA	46%	19%	19%	24%

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24				
	Páxina 16 de 131				

Porcentaxe participación (total estudantado)	ADE	13%	12%	11%	7%
	ECONOMÍA	21%	8%	11%	9%
Nº estudantado apto (estudentado de 4º curso /TFG)	ADE	81	58	45	39
	ECONOMÍA	80	22	26	23
Nº estudantado apto (total estudantado)	ADE	87	63	100	56
	ECONOMÍA	101	25	26	30
Porcentaxe aptos Graos (4º curso /TFG guía docente)	ADE	24%	17%	20%	23%
	ECONOMÍA	39%	12%	18%	19%
Porcentaxe aptos Graos (total estudantado)	ADE	9%	7%	12%	6%
	ECONOMÍA	17%	4%	5%	6%

No **nivel avanzado**, as tendencias de participación difiren entre as dúas titulacións. En ADE, a porcentaxe de participación do estudantado de 4º curso descendeu no curso 23-24 pasando ao 24%. En Economía, o descenso experimentado nos cursos 21-22 e 22-23 podería estar relacionado, en parte, coa desvinculación do curso CI da materia “Política Económica II”, á que estaba ligado nos cursos anteriores. Aínda que o curso CI se recomenda na guía docente do TFG, o estudantado tende a valorar máis positivamente a súa integración como parte da avaliación dunha materia, dado que non realizar o curso implica renunciar, de facto, á puntuación que os profesores reservan para aprobar o curso CI. A pesar diso, no curso 2023-24, a participación do estudantado de 4º curso experimenta un leve aumento, igualándose á porcentaxe observada en ADE.

En relación co total do estudantado de Grao, no caso de ADE no curso 2023-24 rexístrase unha caída considerable na participación, situándose nun 7 %. No caso de Economía, nos últimos tres cursos as porcentaxes mantéñense relativamente estables.

Respecto das porcentaxes de aptitude, tras varios anos de progresivo descenso respecto das de participación, debido máis á taxa de abandono que á non superación das tarefas requiridas para demostrar a adquisición das competencias, nos últimos ano obsérvase unha tendencia ascendente. Hai que ter en conta que esta taxa calcúlase respecto do estudantado matriculado nunha materia obrigatoria de 4º e non respecto do estudantado matriculado no curso CI (esta outra porcentaxe ronda o 80%). É por isto que as variacións na taxa de participación dos últimos anos repercuten tamén na taxa de aptitude.

En calquera caso, a experiencia indícanos **a importancia de incluír esta formación nas Guías docentes de materias afíns** (Metodoloxía, Estatística, TFG...) e que sexa tida en conta, na medida do posible, na avaliación desas materias.

Finalmente, achéganse os **resultados máis relevantes das enquisas de satisfacción** que a Biblioteca recolle ao rematar cada actividade formativa. Chama a atención, entre o estudantado do grao en ADE, a redución na porcentaxe de respostas afirmativas á pregunta “Cres que o curso debería ser obrigatorio?”, o que nos indica unha certa insatisfacción sobre a utilidade ou o formato do curso. En contraste, en Economía mantense un apoio estable e lixeiramente crecente. Isto pon de manifesto que, a pesar da redución observada en canto a participación, o estudantado de Economía segue a percibir unha certa carencia destas competencias e amosa a relevancia que o estudantado outorga ás CI para a súa formación integral na Universidade. En conxunto, os datos revelan a posible necesidade de revisar o deseño e contidos do curso para adecuala ás necesidades cambiantes do estudantado.

Por outra banda, a pesar da redución na porcentaxe de estudantado de ADE que considera que o curso debería ser obrigatorio, a valoración da súa utilidade e satisfacción mellorou notablemente, pasando dun 56% a un 73% as persoas que o valoran con 4-5. Tamén aumentou a percepción positiva en aspectos como a utilidade para a formación académica e profesional ou a mellora no coñecemento de recursos na súa área.

No caso de Economía, xunto coa estabilidade na percepción da obrigatoriedade do curso, obsérvase tamén una mellora significativa en todas as métricas de satisfacción, subindo, por exemplo a valoración global 4-5 dun 45% a un 68%.

Na procura de seguir avanzando no cumprimento do **OE 1.3**, formúlanse as seguintes accións de mellora para o curso 24-25:

AM-2.1./24-25: Realizar novas actividades de benvida de carácter deportivo e cultural: 3x3 de baloncesto, feira das nacionalidades...

AM-4.2./24-25: Achegar a Facultade á sociedade a través da realización ou colaboración en actividades socioculturais como por exemplo visitas guiadas ao patrimonio artístico do centro.

AM-5.1./24-25: Promover o uso da lingua galega a través da proposta de actividades por parte da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade.

No que se refire ao cumprimento do **OE 1.4: Mellorar a empregabilidade dos/as egresados/as**, entre os indicadores establecidos para avalialo atópanse as xuntanzas realizadas con diferentes colectivos para debater sobre a modificación dos plans de estudos, o número de actividades de orientación laboral realizadas, o número de actividades realizadas co colectivo de egresados/as e a porcentaxe de estudantado egresado nun curso académico que realizou as prácticas en empresas e institucións.

No que se refire ás **xuntanzas realizadas para debater sobre a modificación dos plans de estudos**, ademais das xuntanzas realizadas polas comisións de modificación dos plans, tiveron lugar xuntanzas co comité consultivo do centro no que se debateu sobre a cuestión, así como xuntanzas con estudantes e con egresados.

Concretamente, a modificación dos plans de estudos foi tratada nas reunións do Comité Consultivo celebradas nas seguintes datas: 30 de setembro de 2021, 14 de decembro de 2022 e 23 de novembro de 2023 e as recomendacións recibidas foron recollidas e consideradas polas comisións de modificación dos plans de estudos.

Ademais, mantivéronse reunións cos titulados para coñecer as súas perspectivas sobre a titulación e as posibles melloras e modificacións. Así mesmo, o centro realiza dende o curso 2020-21 unha enquisa ao estudantado tras a defensa do Traballo Fin de Grao, na que se lles pregunta por diversos aspectos relacionados cos seus estudos. As principais conclusións obtidas destas enquisas foron consideradas no debate sobre a modificación dos estudos.

En relación coas actividades de orientación laboral, no marco da Aula Profesional ECOADE, realizáronse diferentes actividades con esta finalidade como o taller sobre o contacto profesional coa empresa, o taller sobre selección de persoal ou o taller sobre LinkedIn como ferramenta de aprendizaxe e empregabilidade. Ademais, no marco do Plan de Acción Titorial, o 15 de maio de 2024 celebrouse unha sesión de orientación onde se presentaron os másteres oficiais con docencia no centro, os másteres propios, deuse información sobre o doutoramento, sobre posibles bolsas como as de internacionalización do IGAPPE, sobre a ampla oferta de emprego público ou sobre as opcións que ofrece o exercicio libre da profesión da man do Colexio de Economistas de A Coruña.

Por outra banda, ao longo de todo o curso realizouse difusión de ofertas laborais entre o estudantado actual e entre o colectivo egresado, empregando as redes sociais do centro para facelo, especialmente o LinkedIn.

En relación ao estudantado que realizou prácticas, nos últimos anos os datos amosan unha tendencia ascendente moi positiva, acadándose o obxectivo establecido de superar o valor promedio dos últimos 3 anos.

IN22C- Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Promedio dos últimos 3 anos	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	43,34	49,59	44,07	48,44
Grao en Economía	36,01	37,11	42,65	66,25

- **Liña estratéxica 2: Recursos Humanos. Formación, renovación, innovación e eficiencia.**

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 18 de 131

Esta liña estratéxica concrétese nos seguintes obxectivos estratéxicos:

- OE 2.1. Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación.
- OE 2.2. Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI.
- OE 2.3. Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS.
- OE 2.4. Favorecer a formación do PDI e do PTXAS.

Estre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 2.1. Perseguir a excelencia do PDI en docencia e investigación**, atópanse o número de materias que inclúen no sistema de avaliación unha valoración ou recomendación sobre a realización dos cursos en competencias informacionais, o número de soportes empregados para facer difusión dos logros docentes e investigadores do PDI do centro ou o número de iniciativas de innovación docente recollidas no repositorio do centro.

No que se refire ás iniciativas de innovación docente recollidas no repositorio, esta cuestión xa foi comentada previamente. No seguinte enlace pode consultase o repositorio:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/premio-innovacion-docente>

En canto ás materias que inclúen no sistema de avaliación unha valoración ou recomendación sobre a realización dos cursos en competencias informacionais, como xa se mencionou previamente, na titulación de ADE, está recollido nas materias de Historia Económica (1º curso), Investigación Comercial, Sistema Informativo Contable (4º curso) e Traballo de Fin de Grao (4º curso) e na titulación de Economía, nas materias de Estrutura Económica Mundial I (1º curso) e Traballo de Fin de Grao (TFG, 4º curso).

No que respecta á difusión dos logros docentes e investigadores do PDI do centro, emprégase o LinkedIn para facer esta difusión así como o xornal ECONTADE, publicación de periodicidade bimensual que recolle a actividade do centro. O primeiro número do xornal ECONTADE recolleu a actividade do centro entre os meses de marzo a xullo de 2022. A través desta publicación dáselle visibilidade as diferentes actividades que se desenvolven ou que afectan á facultade e ao seu persoal e, polo tanto, tamén aos logros docentes e investigadores do PDI da Facultade. Así mesmo, dáselle difusión aos acordos das comisións da facultade co obxectivo de que a información chegue a toda a comunidade universitaria. Esta publicación mantense na actualidade. A continuación, figura o enlace aos números existentes do xornal.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/xornal-facultade-econtade>

O xornal é tamén remitido aos membros do Comité Consultivo da Facultade co obxecto de manter aos membros informados da actividade máis relevante do centro.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 2.2. Colaborar cos departamentos do centro no proceso de renovación xeracional do PDI**, atópanse a porcentaxe de PDI funcionario sobre o total do PDI e as xuntanzas realizadas co profesorado novo.

Nos últimos cursos estívese incorporando profesorado novo ao centro e tense detectado certo descoñecemento en relación a procedementos ou tarefas a realizar e mesmo ao propio funcionamento do centro. Para contribuír á súa adaptación e integración, no curso 21-22 creouse un comité de benvida para o novo profesorado co fin de familiarizalo coa vida do centro e co seu funcionamento. Este comité realiza unha reunión co profesorado novo para presentar ao equipo decanal e o funcionamento do centro así como para coñecer ás novas incorporacións e as súas inquiredanzas. Ademais, elaborouse unha guía para o profesorado que serva de apoio ás novas incorporacións. Esta guía inclúe información relativa aos seguintes aspectos (publicouse no curso 21-22. <https://acortar.link/rzA7YJ>):

- Persoal do centro, órganos de goberno (comisións do centro), titulacións impartidas...
- Vías de comunicación: redes sociais, correo institucional, taboleiros,...
- Plan de acción tutorial
- Organización docente: coordinación da actividade docente, distribución de grupos, avaliación do estudantado...
- Operativa docente: titorías, guías docentes, aulas virtuais de coordinación, xestión dos tfgs/tfms, rexistro da actividade

docente...

- Secretaría virtual do PDI
- Sede electrónica
- Xestión das incidencias informática
- Difusión do Sistema de Garantía de Calidade do centro

Tanto as accións de benvida desenvolvidas polo centro como o propio documento foron moi ben acollidas polo persoal docente de recente incorporación. Concretamente, o comité de benvida mantivo unha reunión co profesorado novo o día 7 de abril de 2022. Nesa reunión presentouse a guía ao profesorado. O profesorado novo destacou a utilidade do documento e agradeceu a celebración da xuntanza.

Pediuse ao novo profesorado que propuxesen as cuestións que lles parecería de interese engadir e, recibidas as súas suxestións, revisouse o documento e publicouse a versión final na páxina web.

Este mesmo proceso realizouse no curso 22-23, concretamente o 2 de novembro de 2022, como se pode comprobar nas redes sociais da facultade.

<https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:6995380838230052868>.

O profesorado novo neste curso tamén valorou moi positivamente a celebración da xuntanza e o documento á súa disposición. De xeito similar, no curso 23-24, o 24 de outubro de 2023, celebrouse unha nova xuntanza co profesorado de recente incorporación nese curso.

Esta iniciativa foi recoñecida co **Premio de Boas Prácticas de Calidade** na convocatoria de 2022.

Polo que se refire á porcentaxe de PDI funcionario sobre o total, na táboa que figura a continuación preséntase a evolución que amosa un lixeiro crecemento nos últimos anos.

IN26C- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	45,36	43,62	45,83	47,47
Grao en Economía	47,30	40,58	40,26	46,15
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	46,43	51,72	60,00	64,52
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	30,00	50,00	50,00	47,62
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	66,67	58,33	70,00	66,67
Máster Universitario en Economía	73,33	73,33	75,00	73,33
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	35,00	50,00	47,62	47,62
Total	46,62	47,08	50,00	52,28

Estre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 2.3. Perseguir a eficiencia e mellora continua na xestión realizada polo PTXAS**, atópanse o grado de satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido, a elaboración dun manual dos procesos que se realizan na Unidade de Xestión e o número de trámites a realizar online.

No que se refire á satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido, a continuación amósase unha táboa na que se observa a evolución crecente dos últimos anos, acadándose o obxectivo establecido no plan estratéxico de superar o valor promedio dos últimos 3 anos.

IN49C-Satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido	Promedio dos últimos 3 anos	2021-22	2022-23	2023-24
Total	3,82	3,57	4,01	4,13

En canto á elaboración do manual de procesos, as fichas dos procesos documentan as operacións que se realizan para completar unha tarefa e son un instrumento imprescindible para conseguir estandarizar os procedementos e identificar

posibles melloras, así como para a transferencia do coñecemento. No seguinte enlace, pode consultarse unha das fichas que forma parte do manual relativa á defensa de TFG ([Evidencia 1](#)).

Por último, respecto ao avance na realización de trámites online, cambiáronse todos os formularios a versión dixital: solicitude de TFG de TFM, de prácticas en empresa, de destinos ERASMUS e SICUE, de cambios de quenda, de dispensa, de guías docentes, e para optar aos premios TFG que convoca a facultade. O proceso dixital simplifica, axiliza e minimiza os erros nas solicitudes do estudantado. Requíreselles que o entreguen dende o enderezo electrónico institucional para acreditar a súa identidade, en lugar da sinatura, o que lles evita ter que imprimilos e escanealos. A nivel da administración, posibilita que a xestión se realice de maneira automatizada. ([Evidencia 2](#)) ([Evidencia 3](#)) Os formularios electrónicos permiten a compilación automatizada de datos e a súa análise. Proporciona resultados precisos e facilita verificar a trazabilidade de todo o proceso. ([Evidencia 4](#)).

A labor realizada no ámbito da transformación dixital, no da xestión da información e no da organización do traballo da unidade de xestión do centro, foi recoñecido como **Boa Práctica de Calidade na convocatoria de 2024**.

Entre as accións de mellora do curso 23-24, cómpre recordar a **AM-3** que contribúe ao cumprimento do OE 2.3.:

AM-3/23-24: Ferramenta de consulta de horarios para o estudantado. Esta ferramenta esta dispoñible na web da facultade e permite acceder ao estudantado de forma moi rápida o seu horario completo simplemente introducindo as súas iniciais e o curso. É unha ferramenta especialmente útil para o estudantado de mobilidade e dos primeiros cursos, reducindo considerablemente as consultas realizadas sobre esta cuestión. Así mesmo, axilizará a xestión dos cambios de quenda ao permitir cotexar os horarios do estudantado moi rapidamente.

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/HORARIOS.aspx>

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 2.4. Favorecer a formación do PDI e do PTXAS**, atópanse a porcentaxe de participación do PDI e do PTXAS nos plans de formación. Neste caso, atendendo ás metas a acadar establecidas no Plan Estratéxico 24-26 (incremento respecto ao curso anterior), preséntase nas táboas o indicador para este curso e para o curso pasado. Como se pode ver, en xeral incrementouse a porcentaxe de profesorado que participou nos plans de formación ao igual que a porcentaxe de PTXAS. En calquera caso seguimos a traballar na participación do profesorado nos programas formativos, existindo a posibilidade de propoñer desde o propio centro diferentes programas formativos do profesorado a demanda para adaptarnos ás súas necesidades específicas.

I6-I7. Porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación	2022-23	2023-24
Grao en Economía	33,33	28,57
Grao en Administración e Dirección de Empresas	20,79	23,81
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	13,64	24,14
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	37,93	28,95
Máster Universitario en Dirección de Empresas	5,56	18,18
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	10,00	21,43
Máster Universitario en Economía	18,75	18,75

I6-I7. Porcentaxe de participación do PTXAS nos plans de formación	2022-23	2023-24
	65,38	68,00

No caso dos cursos de formación dirixidos ao PTXAS, ademais dos ofertados a nivel xeral, anualmente, a responsable da Unidade de Xestión do centro realiza unha demanda de cursos de formación tendo en conta as carencias no persoal de administración e servizos do centro e as esixencias do mesmo.

- **Liña Estratéxica 3: Infraestruturas e xestión eficiente, transparente e sustentable.**

Esta liña estratéxica concrétese nos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente

OE 3.2. Optimización dos recursos

OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección

OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudantado na xestión do centro

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 3.1. Dotar e manter instalacións e equipamento docente** atópanse, a satisfacción do estudantado coas infraestruturas do centro (medida a través da enquisa propia de TFG), a satisfacción do PDI con servizos e espazos (medido na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida) e a satisfacción do PTXAS coas instalacións (medida na enquisa de satisfacción do PTXAS coas funcións desenvolvidas), os espazos dispoñibles no centro para a convivencia do estudantado e a existencia de aulas polivalentes. A continuación, amósanse os datos para os indicadores establecidos. Como amosan as táboas, os datos son positivos en termos xerais, moi próximos ao obxectivo establecido.

Satisfacción do PTXAS coas instalacións (escala 1-5)	Promedio dos últimos 3 anos	21-22	22-23	23-24
	3,92	4,06	3,77	3,88

Satisfacción do estudantado coas infraestruturas do centro (escala 1-5)	Promedio dos últimos 3 anos	21-22	22-23	23-24
	4,14	4,15	4,07	4,07

Satisfacción do profesorado cos servizos e espazos (escala 1-5)	22-23	23-24
ADE	4,23	4,36
ECO	4,19	4,35

No que se refire a espazos dispoñibles no centro para a convivencia do estudantado e a existencia de aulas polivalentes, no curso 23-24 púxose en funcionamento un novo espazo concibido sobre todo como un lugar de traballo, aínda que con características máis informais que outros espazos semellantes. A diversidade do mobiliario do denominado **ESPACIO COLABORATIVO**, está pensado para que o estudantado poida experimentar con formas de traballo menos ortodoxas e máis flexibles, onde se poida innovar aproveitando a menor rixidez espacial. Dispón tamén dun encerado onde poder traballar, e de equipamento para practicar con presentacións de ordenador. Cabe, ademais, a posibilidade de reserva en momentos puntuais para actividades específicas centradas nas docencia e na divulgación.

Esta nova zona súmase a outros espazos dirixidos ao estudantado como a Sala da biblioteca, a Sala de estudo, a Sala Argos e as tres Salas de traballo.

https://www.linkedin.com/posts/ecodeusc_desde-esta-tarde-na-facultade-de-ciencias-activity-7117615584208384000-pGfW?utm_source=share&utm_medium=member_desktop&rcm=ACoAAB4YHhoBJfu0Szz3YtdfmVrbNleul5ye5FU

Por outra parte, nos últimos anos, fíxose un importante esforzo en dotar diversos espazos do centro con mobiliario rehabilitado, habilitando diversas zonas de descanso, co fin de que o estudantado se sinta cómodo no centro.

Ademais, a totalidade das aulas do centro están equipadas para a docencia telemática.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 3.2. Optimización dos recursos** atópanse, a satisfacción do estudantado coas infraestruturas do centro (que xa foi previamente comentado) e o número de actividades que promoven hábitos de economía circular.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 22 de 131

No que se refire ás iniciativas para promover hábitos de economía circular, nos últimos anos puxéronse en marcha diversas iniciativas neste senso como, por exemplo, a feira de libros libres (https://www.linkedin.com/posts/ecoadeusc_hoxe-23-de-abril-d%C3%ADa-internacional-do-libro-activity-7188489228463329280-B-F7?utm_source=share&utm_medium=member_desktop&rcm=ACoAAB4YHhoBJfu0Szz3YtdfmVrbNleul5ye5FU)

Así mesmo, o mobiliario empregado para darlle unha nova vida a diversos espazos do centro tamén se guía polo principio da circularidade na medida en que era mobiliario en desuso do noso centro ou doutros centros da Universidade que foi rehabilitado para darlle unha nova vida.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 3.3. Xestión eficiente no ámbito da dirección**, atópase a satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido cuxa evolución xa foi comentada previamente.

No que se refire aos indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 3.4. Incrementar a participación do PDI, PTXAS e estudiantado na xestión do centro**, entre os mesmos atópanse o número de estudiantado representante en Xunta de Facultade, o número de delegados/as, o número de estudiantado titor, a porcentaxe de asistencia do PDI á Xunta de Facultade, a satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido (xa comentada) ou as taxas de resposta das enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, do profesorado coa docencia impartida e do PTXAS coas funcións desenvolvidas.

En relación ao estudiantado representante en Xunta de Facultade, co obxectivo de incrementar o número, no curso 23-24 púxose en marcha a **AM-2/23-24**: Incrementar a representación estudiantil en Xunta de Facultade.

Nas sesións informativas de comezo de curso insistiuse na relevancia da representación estudiantil e na súa participación na Xunta de Facultade e nas comisións delegadas da Xunta de Facultade. Así mesmo, na xuntanza con delegados/as do 6 de novembro de 2024 insistiuse de novo na súa relevancia e na utilidade para o estudiantado representante. Por último, tamén se transmitiu esta insistencia a través do estudiantado titor. Como resultado, pasouse de 7 a 40 estudantes, conseguindo así o obxectivo formulado.

En relación ao estudiantado delegado, nas sesións de orientacións de comezo de curso, recollidas no Plan de Acción Titorial, insístease na relevancia da figura dos/as delegadas e tamén se realiza un seguimento do proceso de elección de delegados/as a través das coordinacións de curso. Unha vez nomeados os/as delegados/as, realízanse a lo menos dúas xuntanzas por curso co equipo decanal e coas coordinacións de curso e titulación para debater sobre a marcha do curso.

https://www.linkedin.com/posts/ecoadeusc_hoxe-tivemos-xuntanzas-con-delegads-e-subdelegad-activity-7259990936976277504-fDmz?utm_source=share&utm_medium=member_desktop&rcm=ACoAAB4YHhoBJfu0Szz3YtdfmVrbNleul5ye5FU

Polo que respecta ao estudiantado titor, no curso 23-24, contouse con 8 estudantes titores, que participaron activamente en diferentes actividades ao longo do curso: xornada de benvinda, actividades do Programa A Ponte, apoio ao estudiantado de mobilidade ou colaboración na campaña solidaria de nadal.

No que se refire á porcentaxe de asistencia do PDI á Xunta de Facultade, no 2024 foi do 33%.

A taxa de resposta da enquisa de satisfacción coa docencia recibida do estudiantado foi en 2023 do 54,29% en ADE e do 24,52% en Economía e no 2024, do 61,19% en ADE e do 57,12% en Economía.

No curso 22-23 púxose en marcha a **AM 3.1/22-23**, unha iniciativa consistente en pedirlle a un/unha profesor/a que lle facilitase ao estudiantado o tempo necesario para cubrir as enquisas de satisfacción docente durante unha sesión de clase. Como consecuencia desta Acción de Mellora, as taxas de resposta das enquisas de satisfacción coa docencia recibida subiron considerablemente.

Nesta mesma liña, o Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas e Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira formulan as seguintes accións de mellora para o curso 24-25:

AM-3/24-25/MTUXET: Mellora da taxa de resposta ás enquisas propias realizadas polo Máster: Elaborar os formularios en formato dixital, facer recordatorio, establecer datas concretas para a entrega das enquisas.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 23 de 131

AM-2/24-25/DIXECOFI: Dixitalización dos formularios para avaliar o grao de satisfacción do estudiantado e dos titores profesionais coas prácticas en empresa.

A **taxa de resposta do PTXAS** coas funcións desenvolvidas foi do 48,15% en 2023 e do 42,31% en 2024. No caso do **PDI**, a taxa de resposta da enquisa de satisfacción coa docencia impartida no caso de ADE foi do 54% en 2023 e do 49,46% no 2024 e no caso de Economía foi do 56,63% en 2023 e do 52,50% en 2024, polo que as taxas de PTXAS e PDI descenderon lixeiramente no último ano.

- **Liña Estratéxica 4: Transferencia efectiva da investigación e do coñecemento e compromiso coa sociedade**

Esta liña estratéxica concrétese nos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 4.1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.

OE 4.2. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia da investigación e do coñecemento cara a súa contorna.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 4.1. Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia** atópanse, o número de subscritores en LinkedIn, o avance no recoñecemento da Revista Galega de Economía e no seu posicionamento nos diferentes índices de calidade, a satisfacción do estudiantado coa información dispoñible (medida a través da enquisa propia de TFG) e o número de actividades socioculturais realizadas polo Facultade ou en colaboración con asociacións culturais.

Na procura de avanzar do desenvolvemento de vías de comunicación e difusión de información tanto internas como externas, a facultade conta con perfís nas redes sociais: LinkedIn, (<https://www.linkedin.com/school/ecoadeusc/>), e nas redes sociais bluesky, Instagram, Youtube e Facebook (@ecoadeusc).

No que se refire a **LinkedIn** pasouse de 4300 seguidores (do curso pasado) a superar, no momento actual os 4800.

En relación co avance no recoñecemento da **Revista Galega de Economía**, nos últimos anos houbo un avance moi importante. Os artigos da Revista Galega de Economía dende 2012 á actualidade estaban na web da revista do servizo de publicacións da USC. Dende 1990-2012 ou ben non estaban en ningún repositorio/web institucional, pois ao principio a revista era só impresa, ou ben estaban en diferentes webs non institucionais.

Na actualidade, tódolos artigos dende 1990-2012 poden atoparse en Minerva. E dende 2012 están na web da revista no servizo de publicacións, onde tamén hai un enlace a Minerva:

<http://www.usc.es/revistas/index.php/rge/issue/archive>

Igualmente, se engadiron todos os volumes da revista a Dialnet. Dende aí tamén se pode acceder aos contidos de todos os artigos publicados:

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=1981>

Así, todos os contidos están accesibles dende webs institucionais da USC, mellorando tamén o acceso aos contidos ao estar dispoñibles dende Dialnet.

Dende a dirección da revista realizáronse os trámites precisos para incorporar os artigos da RGE na base de datos Ideas-REPEC (AM 12.1/20-21) e a incorporación da revista European Reference Index for the Humanities and Social Science (ERIH-PLUS) (AM 12.2./20.21).

En relación á incorporación dos artigos á base de datos Ideas-REPEC, engadíronse tódolos artigos da revista que non estaban na base de datos, de modo que, a día hoxe, non hai ningún artigo pendente de engadir. A medida que se vaian publicando números adicionais da revista, incorporaranse os novos artigos que se publiquen. A ligazón da revista na base de datos é:

<https://ideas.repec.org/s/sdo/regaec.html>.

En relación ao European Reference Index for the Humanities and Social Science (ERIH-PLUS), incorporouse a revista á base datos, sendo a data de aprobación da incorporación o 22/03/2021. A ligazón da revista na base de datos é:

<https://kanalregister.hkdir.no/publiseringskanaler/erihplus/periodical/info.action?id=474005>

Tamén compre sinalar que a *Revista Galega de Economía* obtivo o selo de calidade FECYT, que a acredita como unha publicación *excelente* na [oitava edición da avaliación da calidade editorial e científica de las revistas científicas españolas 2022](#). Ademais de cumprir con todos os indicadores e criterios de avaliación, obrigatorios e recomendados, a revista recibiu a mención ás boas prácticas editoriais en igualdade de xénero, un novo indicador creado pola FECYT na devandita convocatoria. En outubro de 2023 a revista incorporouse ao Emerging Sources Citation Index (ESCI) e en xuño de 2024 renovou o selo de calidade da FECYT con mención de boas prácticas editoriais en igualdade de xénero.

Polo que se refire á satisfacción do estudantado coa información dispoñible, como se observa na seguinte táboa, a valoración xeral e favorable, acadando o obxectivo establecido de superar o valor promedio dos 3 últimos anos.

Satisfacción do estudantado coa información dispoñible	Promedio dos últimos 3 anos	2021-22	2022-23	2023-24
	4,07	3,99	4,07	4,05

Co fin de promover actividades culturais, en 2023 púxose en marcha a convocatoria de axudas para a realización de actividades culturais, xornadas científicas, cursos, congresos...

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/convocatoria-axudas-organizacion-actividades-culturais>

No marco desta convocatoria, o 6 de novembro de 2024 tivo lugar a obro teatral “Conferencia-Freak en formato desbordado arredor da lectura escénica dos corpos sexuais”, esta iniciativa foi unha proposta do PTXAS do centro. <https://www.linkedin.com/feed/update/urn:li:activity:7259197887450927104>

Coa finalidade de seguir avanzando neste obxectivo, propónse a seguinte acción de mellora para o curso 24-25:

AM 4.1./24-25: Avanzar no recoñecemento da Revista Galega de Economía e no seu posicionamento nos diferentes índices de calidade.

AM-4.2./24-25: Achegar a Facultade á sociedade a través da realización ou colaboración en actividades socioculturais como por exemplo visitas guiadas ao patrimonio artístico do centro.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 4.2. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia da investigación e do coñecemento cara a súa contorna**, atópanse as actividades realizadas para impulsar a participación do sector empresarial/institucional na docencia e o número de publicacións científicas producidas na Facultade depositadas en Minerva.

No que se refire a impulsar a participación do sector empresarial/institucional na docencia, como xa se comentou previamente, no marco da **Aula Profesional ECOADE**, celébrase o ciclo de conferencias **Aprendendo das empresas e institucións** que recolle un conxunto de **10 conferencias** distribuídas ao longo de todo o curso nas que participan profesionais do ámbito empresarial ou das institucións públicas. A continuación, detállanse as conferencias do curso 23-24:

- A xestión de datos e elaboración de estatísticas como saída profesional: o Instituto Galego de Estatística. Conferencia impartida por Marcos Rodríguez Rey do IGE. 14 de outubro de 2023.
- Funcións do departamento de administración: o caso de Castrosúa. Conferencia impartida por Noelia Suárez López, directora de administración e control de Castrosúa. 11 de outubro de 2023.
- A aportación do mar á economía galega. Conferencia impartida por Silvia Cortiñas Fernández, secretaria xeral técnica da Consellería do Mar (Xunta de Galicia). 18 de outubro de 2023.
- A economía circular na actividade das empresas (varios ponentes). Was Circulamos USC. 25 de outubro de 2023.
- O papel do Banco Central Europeo. Conferencia impartida por Gozalo Camba-Méndez do BCE. 8 de novembro de 2023.
- A estratexia de internacionalización dunha empresa. Conferencia impartida por Ángel Lamas, director de exportación de

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 25 de 131

Torre de Núñez. 21 de febreiro de 2024.

- A asesoría fiscal como saída profesional. Conferencia impartida por Gerardo Díaz Casal, asesor fiscal de Telefónica. 28 de febreiro de 2024.
- Marketing dixital. Conferencia impartida por Eva Filgueiras, executiva de marca de Ymedia. 20 de marzo de 2024.
- O control externo do sector público. Conferencia impartida por Anxo Calvo Silvosa do Consello de Contas de Galicia. 3 de abril de 2024.
- Coñece a unha empresa. Conferencia impartida por Alejandro Amoedo, director xeral de Espina & Delfín. 8 de maio de 2024.

Así mesmo, no marco da Aula Profesional ECOADE, tamén se realizou unha visita á Corporación Hijos de Rivera.

Adicionalmente, os másteres oficiais tamén organizan seminarios e conferencias ao longo do curso. Así, por exemplo, no caso do Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación, unha parte dos contidos prácticos desenvólvese a través de conferencias e visitas previstas. Ademais, varias materias da titulación contan no seu profesorado con profesionais. Trátase das materias de Metodoloxía e Técnicas de Investigación Aplicada en Desenvolvemento, Sustentabilidade e Innovación, Fronteiras das Ciencias e das Tecnoloxías, Políticas e Programas de Apoio á I+D e a Innovación, Deseño, Avaliación e Xestión de proxectos de investigación e Implantación de Sistemas de Xestión da Innovación. Na especialidade de Economía circular e sustentabilidade, realízanse xornadas prácticas impartidas por profesionais.

Nesta liña, o Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación formula a seguinte acción de mellora para o curso 24-25:

AM-3/24-25/DEIN: Co obxectivo de incrementar tanto a cantidade de entidades nas que o alumnado da especialidade de economía circular e sustentabilidade poida facer prácticas, porase en marcha unha acción de identificación e captación de institucións e empresas vinculadas a economía circular e a sustentabilidade no que este alumnado poida facer as súas prácticas, ao tempo que poida colaborar en outras actividades complementarias do Máster.

Desde a Facultade existe un interese e un esforzo permanente por estar en contacto co entorno profesional e mellorar a visibilidade do centro de cara ao exterior.

Nesta liña, no curso 23-24, asináronse os seguintes convenios de prácticas: ACADEMIA TRINIDAD SL (BiG FORMACIÓN), ACIS (Servizo Galego de Saúde) Innovación e xestión da saúde pública, AGUAS CABREIROA, ASESORÍA JUAN LÓPEZ, SL, BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING S.L., BANCO SANTANDER - AXENTE FINANCEIRA VILA AYERBE, BDO AUDITORES S.L.P., BIOSTATECH, ADVIDE, TRAINING & INNOVATION IN BIOSTATISTICS, BLANCO Y REY ASESORES, SL., CLÍNICA BLANCO RAMOS S.L., COGAMI (CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE), COMPONENTES DE VEHÍCULOS DE GALICIA S.A., CONCELLO ARTEIXO, CONCELLO BURELA, CONCELLO CARNOTA, CONS_REG_INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS CARNE VACÚN DE GALICIA, CONSELLERÍA DE SANIDADE - USC – GALARIA, COREMAIN SLU, DELOITTE, S.L., DELOITTE CONSULTING S.L.U., DELOITTE STRATEGY, RISK & TRANSACTIONS S.L., DEPUTACIÓN DE OURENSE, DIEXFE, S.L., DISTRIBUCIONES MANUELA Y VICENTE, SL, DS SMITH PACKAGING GALICIA, S.A., ECADE - ECONOMISTAS ASESORES PARA LA DIRECCIÓN DE EMPRESAS, ENTERPRISE MOBILITY, EQUIPOS LAGOS, SAU, GESTORÍA DE LA TORRE, IGAE-INTERVENCIÓN GENERAL DE LA ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO, INICIA ASESORES, INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL (INSS), INVERSIONES ALTO PRADO S.L. (Hotel Sun Galicia), ITH PLANNING AND DESIGN SL, J&A GARRIGUES, SLP, JESÚS LORENZO E HIJOS, S.L., KPMG AUDITORES, S.L., KRACK THE WALK S.L., LESTROVE GESTIÓN S.L., LEVEL FABRICS, MANTESIL SL, MANUEL ÁNGEL GESTOSO SANMARTÍN, MARISCOS ANTÓN FERNÁNDEZ, MARTÍN GARCÍA CONSULTORES S.L., MILLASUR, S.L., OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., RAHID S.A. – ARAGUANAY, RECAMBIOS FRAÍN, SL., REGUEIRA VÁZQUEZ ASESORES SLP, REY DE LA BARRERA ASESORES, S.L., SANTOS EQUIPAMIENTO DE INTERIORES, SLU, SIEMENS, SUÁREZ ASESORÍA, SUÁREZ E LORENZO ASESORES, S.L., SUMMIA CONSULTORES, S.L., VELOSO RECAREY, SLP, VOTORANTIM CEMENTOS ESPAÑA, S.A., WARAIRA LALAND SLU.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento deste obxectivo, no curso 22-23 acordouse a inclusión no comité consultivo da empresa galardoada co premio Fulget. A Facultade premia anualmente a unha empresa ou institución polo seu compromiso e colaboración co centro.

A Comisión de Calidade aprobou na súa xuntanza do 21 de decembro de 2022, a modificación do manual do sistema de garantía de calidade para recoller a revisión da composición do Comité Consultivo.

Son membros do Comité Consultivo Externo de Expertos:

- Entre 10 e 15 representantes de institucións públicas, organizacións sociais, asociacións profesionais... (como por exemplo Colexio de Economistas de A Coruña, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Federación Galega de Municipios e Provincias, Consello de Contas de Galicia, Concellos de Santiago de Compostela, Consellería de Facenda, IGAPE, representación sindical...)
- Entre 10 e 15 representantes de entidades empresariais e banca que teñan vínculo coa Facultade (convenios de prácticas, impartición de charlas e conferencias, cursos...).
- Unha representación dos/as egresados/as dos títulos impartidos na Facultade.

O Comité consultivo reunirase, como mínimo, unha vez ao ano e deixará constancia das súas reunións mediante actas. Co obxecto de facilitar a recollida de información, para as consultas necesarias poderanse articular mecanismos alternativos que permitan participar aos seus membros (solicitude de informes, enquisas, etc).

Co fin de acadar unha actualización permanente da composición do Comité Consultivo, a Comisión de Calidade acordou na súa xuntanza de 21 de decembro de 2022 que as diferentes organizacións galardoadas co premio Fulget pasasen a incorporarse ao Comité (en substitución daquelas que non teñan participado nas últimas xuntanzas).

Así, no curso 23-24 pasou a formar parte do comité consultivo Fisela (Grupo FSL).

Finalmente, no que se refire ao número de publicacións científicas producidas na Facultade depositadas en Minerva, a data 31 de decembro de 2024, a cifra ascendía a 851 publicacións, a 26 de febreiro de 2025, a 922.

- Liña estratéxica 5: Internacionalización e relacións con outras universidades

Esta liña estratéxica concrétese nos seguintes obxectivos estratéxicos:

OE 5.1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.

Entre os indicadores establecidos para avaliar o cumprimento do **OE 5.1. Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade**, atópanse a porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade sobre o total de profesorado dos títulos de ADE e Economía, o número de prazas de mobilidade ERASMUS a disposición do estudantado, a satisfacción do estudantado de mobilidade entrante.

A continuación amósase a evolución na porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade que presenta unha evolución ascendente, acadándose o obxectivo establecido no plan estratéxico:

Porcentaxe de profesorado que participa en programas de mobilidade	Promedio dos últimos 3 anos	2021-22	2022-23	2023-24
ADE	5,63	8,82	4	9,68
ECO	4,73	5,19	5,19	10,13

Polo que se refire á satisfacción do estudantado de mobilidade entrante, a continuación amósanse os datos dos últimos anos:

Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (Inf. 5)	Promedio dos últimos 3 anos	2021-22	2022-23	2023-24
	4,17	4,40	3,80	4,13

En relación ao número de prazas de mobilidade ERASMUS a disposición do estudantado, no curso 2022-23, ofertáronse un total

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 27 de 131

de 156 prazas: 75 en economía e 81 en ADE. No curso 23-24, subscribiuse un convenio novo para ADE na Universidade de Molde (Noruega) con 2 prazas. Polo tanto, ofertáronse 158 prazas: 75 en Economía e 83 en ADE.

Na procura de continuar avanzando no cumprimento do OE 5.1., no curso 23-24 executáronse as seguintes accións de mellora:

AM-1/23-24: Elaborar un rexistro de estudantado de mobilidade saínte con datos de contacto para que o estudantado futuro poida poñerse en contacto con eles/elas e coñecer de primeira man a realidade da Universidade de destino. A través desta vía, conséguese tamén información sobre os destinos ofertados.

Para o curso 24-25, formúlase a seguinte acción de mellora:

AM-6.1./24-25: Realizar unha enquisa dirixida ao estudantado de mobilidade saínte co obxectivo de coñecer con maior profundidade os destinos e as súas características.

AM-6.2/24-25: Asignar un/unha estudante titor/a a cada estudante de mobilidade entrante coa finalidade de facilitar a súa adaptación ao centro.

1.3. Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro

De acordo co PE-02 Revisión e Mellora, a Comisión de Calidade do Centro determina os obxectivos de calidade ou operativos que concreten os obxectivos estratéxicos establecidos no plan estratéxico do centro.

Na súa actualización tamén se poderá ter en conta a información derivada dos plans de mellora dos títulos impartidos no centro. Os obxectivos de calidade recollidos no plan de melloras anual deberán ser:

- Claros, concisos e ben definidos
- Concretos no tempo, establecendo fases e prazos para a súa execución
- Estructurados segundo os responsables implicados
- Medibles, para que poida ser verificada a súa consecución
- Ambiciosos pero alcanzables
- Coherentes coa política de calidade do centro

Tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, a Comisión de Calidade elabora o plan de melloras anual (PM) que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

De forma xeral, a Comisión de Calidade é a responsable de establecer os resultados planificados para os indicadores xerais do centro, así como de establecer os obxectivos a alcanzar para cada un dos indicadores clave relacionados cos obxectivos de calidade do centro. Sempre que sexa posible, os indicadores de medición dos obxectivos establecidos no plan de melloras anual, serán os xerados para o Sistema de Garantía de Calidade e estableceranse valores a acadar para cada obxectivo. Deberán terse en conta tamén as propostas derivadas do proceso clave PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas así como as recomendacións que xurdan do ciclo de verificación, seguimento, modificación e acreditación dos títulos.

O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro xa foi analizado no apartado anterior.

1.4. Plan de melloras anual do centro

No que se refire ao á avaliación da execución das accións de mellora formuladas, a finais de ano as comisións de titulación debaten sobre a execución das accións formuladas para cada título e, posteriormente, a Comisión de Calidade, avalía o cumprimento tanto das accións de título como das de centro. No caso do curso 23-24, o 24 de xaneiro de 2025 a Comisión de Calidade debateu sobre o informe de execución das accións de mellora 23-24.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 28 de 131

Adicionalmente, no caso das titulacións de máster, infórmase sobre a eficacia das accións de mellora a través do informe de resultados. De xeito similar, no caso das accións de mellora de centro, analízase o grao de cumprimento das diferentes accións de mellora e a súa contribución aos obxectivos estratéxicos do centro na memoria de calidade que se elabora anualmente.

No apartado 1.2. da directriz 1 relacionáronse os diferentes obxectivos estratéxicos, por unha banda coas accións de melloras executadas, recollidas no plan de melloras 23-24 e, por outra banda, coas accións de melloras recollidas no plan de melloras a executar no curso 24-25.

1.5. Coordinación no centro e coordinación intercentros

Na procura de mellorar a coordinación entre as materias impartidas nas distintas titulacións da Facultade, existe un coordinador/a para cada título e no caso dos graos, coordinadores/as para cada curso.

Co obxectivo de seguir avanzando na coordinación da docencia, o 18 de novembro de 2020 aprobouse unha modificación no **protocolo de coordinación** inicial dos graos en Economía e ADE co obxecto de explicitar as funcións de determinadas figuras fundamentais na coordinación como os/as delegados/as de curso, os/as profesores/as coordinadores/as das materias, os/as coordinadores/as do TFG, os/as coordinadores/as de curso e os/as coordinadores/as de grao. Así mesmo, o protocolo de coordinación inclúe para cada unha destas figuras o calendario de actividades a realizar en cada curso académico.

Para facilitar a labor dos diferentes axentes implicados no proceso de coordinación da docencia, o protocolo de coordinación recolle tamén unha serie de anexos con modelos dos informes a elaborar: informe de verificación da programación e coordinación da materia, informe de coordinación do TFG, informe de coordinación de curso, informe de coordinación de grao... (<https://cutt.ly/vR7UyPw>).

Por outra banda, no caso do Grao en Administración de Empresas, na medida en que é un título que se imparte tamén no Campus de Lugo, é fundamental a coordinación intercentros. Por este motivo, o protocolo de coordinación do grao en Administración e Dirección de Empresas elaborado no campus de Santiago de Compostela remitiuse a Lugo e traballouse de forma conxunta entre os dous centros para a súa aprobación final. Así mesmo, o 13 de novembro de 2020, aprobouse tamén un protocolo de coordinación para a Comisión Intercentros, co obxecto de que exista un fluxo de información continuado entre os dous centros e se compartan experiencias.

A posta en práctica do protocolo de coordinación contribuíu a formalizar as tarefas dos diferentes axentes implicados no proceso e a obter información moi valiosa para o mellor funcionamento das titulacións.

Por outra banda, permitiu sistematizar e documentar axeitadamente o traballo que xa se viña facendo na coordinación. Deste xeito, existe uniformidade nos informes elaborados por parte dos coordinadores/as de cursos o que facilita a elaboración, ao tempo que incrementa a utilidade, do informe de coordinación de título.

Ademais, no protocolo aprobado en novembro de 2020 figura tamén, como xa se comentou, un informe de verificación da programación e de coordinación da materia, documento que serve de evidencia do compromiso dos/as coordinadores/as de materia de que a información que se inclúe na programación das materias se axusta á que figura no plan de estudos (contidos, competencias e sistemas de avaliación).

Finalmente, cabe salientar, a modo de exemplo, os seguintes aspectos recollidos no protocolo de coordinación que contribúen á mellora da planificación e desenvolvemento das ensinanzas:

- As reunións establecidas entre os coordinadores de curso e o estudantado ou cos delegados de curso para coñecer a opinión do estudantado sobre o desenvolvemento do curso, posibles baleiros ou duplicidades detectados, problemáticas puntuais nalgũa materia en concreto, equilibrio na distribución da carga de traballo...
- O emprego do calendario ou cronograma na aula virtual por parte do profesorado de cada curso para evitar a sobrecarga de traballo.
- A comunicación entre os coordinadores de curso e o profesorado coordinador de materias para facer chegar posibles

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 29 de 131

incidencias detectadas nas materias en cuestión.

No que se refire á coordinación intercentros, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais existen dous títulos intercentros, o Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster Universitario en Dirección de Empresas.

O Grao en ADE conta cunha Comisión Intercentros formada polos Decanos, Responsables de Calidade, Coordinadores dos graos en ADE, a Responsable da Unidade de Xestión do centro responsable do título (Santiago) e un representante do estudantado de cada centro, que se reúne para dar solución as cuestións derivadas da implantación do título nos distintos campus. Esta Comisión reuniuse o 29-04-24 para tratar o desenvolvemento do curso nos dous centros, debater sobre os resultados do título e formular accións de mellora de forma conxunta.

O Máster Universitario en Dirección de Empresas consta cunha Comisión Académica Intercentros formada por membros dos equipos de dirección dos centros, por persoal de administración e servizos, por profesorado de diferentes áreas de coñecemento e por representantes do estudantado, equilibrado por campus, e que se reúne para solucionar calquera cuestión relacionada co funcionamento do título. A Comisión Académica Intercentros reúne de forma periódica para garantir o bo funcionamento do título e a comunicación de forma continua, tanto a docentes como a estudantes, de tódalas datas e procedementos importantes en relación aos diferentes ámbitos do máster.

Por último, en relación coa coordinación interuniversitaria, na Facultade impártese o máster interuniversitario en Economía. A coordinación entre as tres universidades (Santiago, Coruña e Vigo) artículase a través da Comisión Interuniversitaria. A Comisión Interuniversitaria está conformada por 2 coordinadores da Universidade da Coruña, 2 da Universidade de Santiago de Compostela e 3 da Universidade de Vigo. Na medida en que a Universidade de Vigo é a universidade coordinadora ten a maiores o coordinador xeral do máster e as demais universidades contan con 2 representantes cada unha na CAM.

No curso 2023-24 celebráronse 5 xuntanzas: 13 de setembro de 2023, 18 outubro 2023, 16 de novembro de 2023, 16 de febreiro de 2024, 2 de abril de 2024.

1.6.Vixencia do SGC

Como xa se comentou no apartado 1.3 desta memoria, anualmente, lévase a cabo unha revisión da documentación relativa ao SGC para analizar posibles cambios na mesma. Como resultado de esta revisión, leváronse a cabo modificacións do Manual do Sistema de Garantía de Calidade o 3 de decembro de 2019, o 17 de decembro de 2021, o 27 de xaneiro de 2022 e o 27 de marzo de 2023. De xeito similar, o manual de procesos foi revisado o 3 de decembro de 2019, o 18 de decembro de 2020, o 27 de xaneiro de 2022 e o 27 de marzo de 2023. Por último, a política de calidade foi revisada o 18 de decembro de 2020.

1.7.Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese

Desde a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos defínense anualmente os indicadores e informes a empregar. Tal e como figura no Manual do Sistema de Garantía de Calidade, adicionalmente aos indicadores facilitados pola ACMP, o centro leva a cabo unha enquisa ao comezo do curso sobre o perfil do estudantado entrante e outra enquisa para avaliar a satisfacción do estudantado co traballo fin de grao. A información relativa a estes indicadores está dispoñible na intranet e emprégase na avaliación e seguimentos dos resultados dos títulos do centro.

No que se refire ás queixas e reclamacións, tal e como se establece no PS-05 Xestión de incidencias, con carácter anual a Comisión de Calidade analiza todas as queixas e reclamacións recibidas no Decanato así como os procedementos seguidos para a súa resolución. As incidencias recibidas e o seu tratamento recóllense nos respectivos informes de resultados das titulacións. O informe de incidencias está dispoñible na AASX.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 30 de 131

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

1. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do estudantado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
 2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - a. cumprimento de guías docentes;
 - b. procedementos de coordinación,
 - c. análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - d. análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1. **Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do estudantado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.**

As comisións de título, de acordo co proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, deberán analizar os seus indicadores e trasladar á Comisión de Calidade do Centro (CCC), a través da persoa coordinadora, as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar.

Así, tanto os informes de resultados dos títulos de grao como os dos másteres, foron analizados nas respectivas comisións de titulación e, posteriormente pola Comisión de Calidade reunida con data 28 de maio de 2025.

A análise dos resultados das diferentes titulacións queda recollida na presente Memoria de Calidade e, para maior detalle poden consultarse os informes de resultados de cada titulación. [INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEE 23-24](#)

Se como resultado da análise do funcionamento dos títulos se propón levar a cabo unha modificación do título ou mesmo a súa extinción, realízase de acordo co proceso institucional PI-03 Establecemento e actualización da oferta académica.

A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 2:

Grao en Administración e Dirección de Empresas

2.a. Cumprimento das guías docentes:

En canto ás materias do grao, ofertáronse todas as previstas na memoria verificada. Os programas/guías docentes apróbanse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, nas Xuntas de Facultade. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. Tamén se fixo un esforzo por coordinar os programas, sistemas de avaliación e metodoloxía de cada unha das materias nos dous campus.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 31 de 131

Durante o curso 2023-2024, co obxecto de adaptar o plan de estudos aos cambios na realidade social e económica, continuouse a traballar na modificación da memoria da titulación. Finalmente a Comisión Redactora do Plan de Estudos do Grao en ADE aprobou en 2024 unha modificación substancial do título coa finalidade de adaptar a oferta formativa as novas competencias e resultados da aprendizaxe que se esperan dos futuros graduados en ADE. Esta modificación substancial foi ratificada pola Xunta de Facultade tanto no campus de Santiago como de Lugo en ambos casos con data do 12 de abril de 2024. Esta modificación supón cambios importantes: reformúlase a redacción e asignación das competencias; equilibrase a distribución entre docencia interactiva e a expositiva; incorpóranse novas materias, etc. Esta previsto que estes cambios se poñan en marcha no curso 2025-2026. En liñas xerais, os membros externos do Comité Consultivo valoraron positivamente as melloras incorporadas nos plan de estudos.

No que se refire ao **cumprimento das guías docentes**, dende as reunións de coordinación do curso comprobouse que todas as programacións das materias para o curso 2023-2024 incorporaran o recollido na memoria. Ademais, os/as coordinadores/as de curso remiten aos coordinadores/as de materia os informes de verificación (recollidos no protocolo de coordinación do centro), no que os/as coordinadores/as deben garantir que as programacións cumpren o establecido na memoria da titulación.

2.b. Procedementos de coordinación:

No que se refire aos **procedementos de coordinación**, o título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais nos diferentes niveis para garantir que a docencia se desenvolve segundo o previsto na MVT:

O título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais nos diferentes niveis para garantir que a docencia se desenvolve segundo o previsto na MVT:

1.- Unha Comisión Intercentros de Grao en ADE (que se reúne para dar cumprida solución ás cuestións derivadas da implantación do título nos diferentes campus).

2.- Un coordinador de título en cada un dos dous centros e coordinadores de curso. As funcións de coordinación recóllense no protocolo de coordinación aprobado por ambos centros e inclúen as seguintes actividades:

- Favorecer a coordinación entre as diferentes materias.
- Recoller suxestións en relación á titulación.
- Recadar as demandas de formación do profesorado nos aspectos relacionados coa correcta implantación do título.
- Participar na elaboración do Informe de Seguimento.
- Colaborar coa dirección do centro no desenvolvemento das actividades derivadas do Plan de Acción Titorial.
- Promover o bo funcionamento do Plan de Estudos.
- Xestionar a aula de coordinación do curso (de habela).
- Informar á Comisión de Calidade do Centro de todas as cuestións que deben valorar e que afecten ao seguimento dos estudos do Grao. Presentar propostas de mellora.

3.- Representantes do estudantado nas distintas comisións e nas Xuntas de Facultade.

4.- Estudantado titores que serven ás veces de delegados do estudantado fronte aos coordinadores e aos equipos decanais, axudando a coñecer a opinión do estudantado sobre o curso, materias, incidencias, etc. A idea é empregar esta figura como un elemento de coordinación e comunicación directa co estudantado.

5.- Un coordinador de prácticas externas por centro, de xeito que cada estudante estea asistido por un titor académico no centro e un titor externo na empresa onde desenvolve as prácticas.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 32 de 131

6.- Un responsable académico de mobilidade por centro para os diferentes programas de mobilidade (Erasmus+, Prácticas Erasmus+, SICUE, Convenios Bilaterais países extracomunitarios, Erasmus + International Credit Mobility (KA107)).

7.- Comisión de coordinación do TFG en Santiago e unha coordinadora de Traballo Fin de Grao en Lugo, que xestiona a aula virtual e mantén contacto permanente co estudantado matriculado na materia, informándoo das actividades formativas interesantes para desenvolver correctamente o TFG, da guía docente e regulamento do TFG, así como resolvendo calquera dúbida que poda xurdir, tanto aos titores como aos estudantes.

8.- Comisións que velan polo bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. En Santiago existen as seguintes comisións: Comisión académica do Grao, Comisión Permanente, Comisión de Actividades Complementarias á Docencia, Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizos, Comisión de Biblioteca, Comisión de Calidade, Comisión de Mobilidade, Comisión de Normalización Lingüística, Comisión de Validacións e Comisión de Xénero. No Campus de Lugo existen as seguintes comisións: Comisión de Calidade e Docencia, Comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas, Comisión de Relacións Exteriores e Comisión de Xénero e Comisión de Título. En cada unha delas acórdase un calendario de reunións cunha orde do día establecida previamente na convocatoria e sobre a que se debate e toman acordos que se reflicten nas diferentes actas da comisión correspondente. O obxectivo é que o debate sirva para identificar debilidades, propor solucións, implementar innovacións e contribuír ao bo desenvolvemento e continuidade do título en cada curso.

Como en anos anteriores, en cada centro puxéronse en marcha os mecanismos dispostos para mellorar a coordinación docente. Leváronse a cabo as reunións por curso, as da Comisión do Grao e as da Comisión do TFG. Asemade, seguíronse empregando as aulas de coordinación de curso e de grao como ferramenta de comunicación e coordinación.

Nesta labor de coordinación tamén se segue a desenrolar o protocolo de coordinación. En Santiago elaborouse o “Informe coordinación Grao en ADE: Curso 2023/2024”, no que se resumen as principais accións da coordinación e as accións desenroladas de coordinación vertical. Por outra banda recóllense os informes de coordinación de cada curso e o do TFG e as principais conclusións das observacións realizadas polo profesorado e estudantado nas distintas reunións e/ou enquisas de coordinación. Ademais se incorporan os baleiros e duplicidades detectados no Grao e as propostas de accións de mellora. Este informe foi aprobado na Comisión de Coordinación do Grao en ADE e está dispoñible na aula de coordinación de grao e foi debatido na Comisión de Título. En canto as enquisas/reunións co estudantado, son poucos os/as alumnos/as que responderon ás enquisas de coordinación de curso. Na enquisa do TFG que realiza o vicedecanato de calidade, ademais de outros aspectos, inclúense algunhas preguntas sobre todo o Grao, entre elas sobre os posibles baleiros e duplicidades e sobre a satisfacción coa titulación.

2.c. Análise do perfil real de ingreso/egreso:

En canto ao **perfil de ingreso real**, recollemos na seguinte táboa os indicadores que, xunto con outros informes achegados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, imos empregar para a análise do perfil real de ingreso.

Código	Nome	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	200	200	200	200	200
IN03G-PC-05	Matrícula de acceso	216	219	216	216	227
IN04G-PC-05	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	207	207	206	202	219
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	9,27	10,12	10,29	10,46	10,32
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	3,13	2,42	2,05	2,86	1,97
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0,97	0,84	0,75	1,10	1,53

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 33 de 131

IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	83	81	73,50	86,00	91,5
IN12G-PC-05	Taxa de ocupación do título	103,50	103,50	103	101	109,5
N18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	8,19	1,26	2,91	5,39	5,7

No último curso do grao en ADE detectouse un pequeno incremento no número de alumnos matriculados (IN02G-PC-05), situándose no 2023/24 nos 913. Sinalar que os alumnos matriculados de novo ingreso por preinscrición (IN04G-PC-05) no último ano foron de 219, polo que as prazas ofertadas foron practicamente cubertas na súa totalidade na convocatoria de xullo dada a gran demanda do mesmo. No relativo á preferencia pola titulación, o 91,5% dos matriculados por primeira vez prescribíranse en ADE en 1ª opción (IN10G-PC-05), producíndose un incremento respecto ao 86% do curso anterior. Sinalar que a nota media de acceso (IN06G-PC-05) nos últimos curso foise incrementado é no último curso acadou o 10,32 (cursos anterior: 10,29). Seguindo a pauta do anterior curso académico, a maioría dos estudantes que acceden pola cota xeral proceden de Bacharelato (99%) e de Formación Profesional (1%). O resto son continuación de estudos, maiores, deportistas e discapacitados. A nota de acceso do estudantado que proceden de Bacharelato foi de 10,33 e de Formación Profesional de 9,16 (datos CIUG).

En canto á procedencia xeográfica do estudantado, a maioría son da CCAA galega (199) e 108 da provincia da Coruña, sendo a proximidade xeográfica a que determina en maior medida a súa procedencia. A procedencia xeográfica dos estudantes ven condicionada pola proximidade do seu domicilio ou pola facilidade de transporte. Hai só 6 alumnos de outras CCAA e 4 estranxeiros. A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados sitúase no 1,53% (porcentaxe algo superior a de cursos precedente); mentres que a porcentaxe de estudantado estranxeiro (IN08G-PC-05) é baixa, situándose no curso 2023-24 no 1,97%, diminuíndo lixeiramente no último curso.

En relación á mobilidade do estudantado, a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08) viña medrando nos últimos anos se ben non dispoñemos de datos para os últimos cursos. Por outra parte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) situouse no 5,7%, recuperando as cifras previas a pandemia. No último curso, a mobilidade entrante para este curso afectou a 52 estudantes (9 Erasmus, 41 convenios con outras universidades e 2 Sicue). En canto a mobilidade saínte foron un total de 53 estudantes (42 Erasmus, 3 convenios con outras universidades, e 8 Sicue) (INF 03).

Na Facultade realízase unha enquisa propia sobre o perfil de entrada do estudantado dende o curso 19-20. No caso dos resultados do curso 23-24, a enquisa foi por 66 estudantes. As conclusións reforzan o recollido nos parágrafos anteriores e aportan información máis completa:

- O grao de ADE foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia, 86,4%, superior no caso dos homes que no de mulleres.
- principal motivo de escolla da titulación é a vocación (75,4%), mais tamén constitúe unha razón de peso as mellores perspectivas laborais que lles proporciona o estudo do grao (17,5%).
- A maioría do estudantado que accedeu á titulación (en torno ao 77,8%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Esta porcentaxe é superior nas maioría mulleres, 83,8%, que nos homes, 69,2%.
- Todo o estudantado procedente de Bacharelato de CC. Sociais e de outros bacharelatos fixo materias de Economía.
- Todo o estudantado enquisado cursou a materia de Matemáticas no Bacharelato. Ademais, a porcentaxe daqueles que estudaron Estatística tamén é moi elevado, sendo superior para aqueles que cursaron o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (84,6-76,6%).

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 34 de 131

2.d. Resultados de aprendizaxe:

Un indicativo da consecución das competencias previstas no título é a taxa de éxito, que amosa información sobre o grao de eficacia do estudantado e da institución con relación á súa actividade académica. Esta taxa mide a relación porcentual entre o número total de créditos que superaron os estudantes e o número total de créditos aos que se presentaron. A taxa de éxito sitúase no 73,44% (74,98% no 2022-23).

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	81,63	74,17	72,58	74,98	73,44

No que se refire á taxa de rendemento, este último curso 2023-24 sitúase no 66,28%, por debaixo da prevista na MVT (70%) e da media da USC (81,65%) pero en cifras similares a prepanidemia.

A taxa de avaliación do título foise incrementando, ata situarse en valores sempre superiores ao 85%. Actualmente sitúase no 88,97%, por debaixo do 92,69% da media da USC. A taxa de avaliación acadada, en todo caso, cifras moi similares nos cursos analizados.

A taxa de abandono este último curso medrou ata o 28,43%, moi por enriba do curso anterior (20,51%), superando o límite establecido na MVT (25%). A media da USC foi do 17,52%.

A taxa de graduación está relacionada coa duración media dos estudos (IN38), que no último curso se sitúa en 5,06 anos, lixeiramente por encima do curso anterior (4,80 media da USC).

A taxa de idoneidade na graduación (IN51G) que mide a porcentaxe de estudantes que finalizaron os seus estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso, mellorou (o 22,04% no curso 22-23 e o 25,13% no último curso 2023-24).

A taxa de eficiencia dos egresados (IN53G) que é unha relación porcentual entre o nº total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación e o nº total de créditos nos que se matriculou, é bastante elevada e segue medrando (81,82%) superando a taxa prevista na MVT (80%).

INDICADOR	CURSO ACADÉMICO				
	2019/20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN34-S01-PM-01 Taxa de rendemento	75,79	65,14	63,06	66,28	66,28
IN35-S01-PM-01 Taxa de éxito	81,63	64,17	72,58	74,98	73,44
IN36-S01-PM-01 Taxa de avaliación	92,84	87,83	86,88	88,4	90,25
IN37-S01-PM-01 Taxa de graduación	39,38	41,72	39,55	41,82	38,71

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24				
	Páxina 35 de 131				

IN38-S01-PM-01 Duración media dos estudos	5,73	5,38	5,33	5,13	5,06
IN40-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso	13,56	23,03	17,74	20,51	28,43
IN41-S01-PM-01 Taxa de abandono RD 1393	31,25	33,13	25,42	33,33	25,81
IN51G-S01-PM-01 Taxa de idoneidade na graduación	23,75	18,4	24,24	22,04	25,13
IN53G-S01-PM-01 Taxa de eficiencia	76,07	77,22	79,22	80,51	81,82

Indicadores de Inserción laboral

No último informe da ACSUG “Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015” (dende xaneiro de 2021 ata marzo de 2021) faise un estudo dos egresados en Ciencias Sociais e Xurídicas I (CCSSXX_I_) (rama no que se recollen os diferentes graos e licenciaturas en ADE e economía en Galicia) e mais concretamente dos diferentes graos en ADE que se imparten no SUG.

En xeral, los graduados en ADE traballan nunha porcentaxe similar tanto o resto de graos da súa rama de coñecemento como do SUG en xeral. O Grao en ADE en Santiago acada a porcentaxe do 81%.

En canto a si buscou e atopou emprego relacionado coa súa titulación de novo os graduado en ADE obteñen valores similares a media do resto de titulacións de CCSSXX_I_ e do SUG en xeral. O grao en ADE en Santiago acada a porcentaxe do 71%.

En canto o tempo que tardou en atopar o primeiro emprego relacionado coa titulación nos graduados en ADE-SUG é algo inferior a media do resto de titulacións de CCSSXX_I_ e do SUG en xeral. Neste aspecto os graduados en ADE en Santiago tardan 9,63 meses.

En canto a si as funcións que desenrola no seu traballo son específicas da titulación, o grao en ADE en Santiago acada a mellor puntuación de tódolos graos galegos en ADE (87%).

En canto a se volvería a cursar a mesma titulación de novo os graduados en ADE-SUG (81,26%) outorgan puntuacións mellores que a súa rama de coñecemento (80%) ou o conxunto do SUG (79%). Os graduados en ADE en Santiago valoran positivamente este ítem (82%) ao igual que en Lugo (80%).

En canto a si volvería a cursar a súa titulación na mesma Universidade as puntuacións son moi similares tanto nos graos SUG-ADE, na rama de coñecemento ou a totalidade do SUG. O grao en ADE en Santiago acada o 91% lixeiramente por enriba media da media do SUG-ADE (90,5%).

Destacar que os graduados en ADE (Santiago) de forma maioritaria traballan en Galicia e en particular na propia provincia (43%).

Estes datos reflicten que os graduados en ADE, e en particular na USC, presentan en xeral datos similares de inserción laboral (traballan, emprego na súa titulación, ...) que o resto dos egresados en Ciencias Sociais e Xurídicas I e do SUG no seu conxunto.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 36 de 131

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese:

A continuación amósanse os indicadores máis relevantes en relación coa satisfacción dos diferentes colectivos:

Código	Nome	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN15G	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	3,88	-	4,51	5	3,46	3,66
IN19G	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	4,38	-	4,25	4,33	4,43	4,39
IN20G	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,15	-	-	-	4,54	4,54
IN21G	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,88	-	-	-	-	-
IN42G	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,13	3,21	3,39	3,32	-	3,35
IN46G	Satisfacción do estudantado coa docencia recibida	3,83	3,78	3,8	3,97	3,98	3,96
IN47G	Satisfacción do PDI coa docencia impartida	4,16	3,97	3,95	4,18	4,19	4,16
IN48G	Taxa de resposta satisfacción estudantado docencia recibida	27,22	34,24	25,52	27,39	54,29	60,77

Os datos de satisfacción do último curso son moi similares aos do curso pasado e pódense considerar, en termos xerais, satisfactorios.

A satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade saíntes é moderada Santiago e respecto as prácticas é moi elevada. De xeito similar, a satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas é moi elevada.

Tamén se expresa satisfacción coa docencia, recibida e impartida, sendo moi semellantes as valoracións medias do estudantado e do profesorado, e moi similares as do curso pasado. En canto a satisfacción do estudantado coa docencia recibida é de 3,96. A taxa de resposta da satisfacción do estudantado coa docencia recibida taxa sube de forma moi importante ata o 60,77% (54,29% curso anterior). Con relación a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, compre destacar que ó profesorado está satisfeito, en xeral, coa docencia impartida (4,16).

Como xa indicamos anteriormente, o vicedecanato de calidade en Santiago realizou unha enquisa ao estudantado que lera o seu

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 37 de 131

TFG en xuño e setembro do 2024. Ademais das preguntas específicas sobre o TFG, inclúense nela algunhas máis sobre o conxunto da titulación.

	2024
Estou satisfeito/a coa formación teórica recibida na titulación:	3,51
Estou satisfeito/a coa formación práctica recibida na titulación:	3,95
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación:	3,59
Sénteste preparado/a para desenvolverte no mercado laboral?	4,17

En resume, os recen egresados expresan satisfacción coa titulación (3,59) e séntense preparados para o mercado laboral (4,17), aínda que expresan maior satisfacción coa docencia práctica (3,95) que ca docencia teórica (3,51). Os resultados de ambas enquisas son contraditorios.

Por último, de acordo ao establecido no PS-05 Xestión de incidencias, con carácter anual a Comisión de Calidade analiza todas as **queixas e reclamacións** recibidas no Decanato así como os procedementos seguidos para a súa resolución. No curso 2023-24 presentáronse formalmente na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago as seguintes incidencias: 1 reclamación sobre cambio de quenda, 1 queixa en relación aos métodos de avaliación dunha materia e 1 impugnación dunha pregunta de exame. Todos elas foron desestimadas. Consideramos que dada a gran cantidade de estudantado matriculado, 913, o número de incidencias foi moi baixo.

Adicionalmente ao procedemento de presentación de queixas e reclamacións, a facultade conta con unha **caixa de suxestións á que se pode acceder a través dun código QR**, o que se publicita a través de cartelería, das pantallas e da guía do estudante.

Grao en Economía:

No curso 2023-2024 **remata o proceso de modificación da MVT, tras aprobarse na Xunta de Facultade**. Introducíronse cambios importantes: reformúlase a redacción e asignación das competencias; equilíbriase a distribución entre docencia interactiva e a expositiva; establécese en 6 o número de créditos das materias básicas e obrigatorias (agás Finanzas) e en 4,5 os das optativas, o que permite incrementar a oferta destas últimas; aumentáanse en 4,5 os créditos obrigatorios; reubícanse algunhas materias na estrutura do título; etc. De axustarse o procedemento ao esperado, os cambios empezarían a poñerse en marcha no curso 2025-2026.

2.a. Cumprimento das guías docentes:

En cumprimento do Protocolo de coordinación, pediuse aos coordinadores de materia os Informes de verificación. Todos os informes de verificación indican que as materias axústanse ao plan de estudos do título.

Por outra banda, na enquisa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida (INF.13), as puntuacións que reciben as preguntas relacionadas coa programación das materias son elevadas:

- o/a docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación (4,30 sobre 5);
- cumpre co programa e o plan de traballo previsto (4,35);
- os/as alumnos/as sabemos de antemán cales van a ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos (4,11);
- os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia (4,24).

A porcentaxe de participación nesta enquisa foi do 57,12%.

2.b. Procedementos de coordinación:

En termos xerais, con excepción da comisión intercentros, empréganse os mesmos procedementos de coordinación expostos para o grao en ADE. Expóñense a continuación sinteticamente as principais accións de coordinación (excluíndo as relacionadas coas prácticas externas e a mobilidade que se tratan nos puntos específicos) que se desenvolveron durante o curso 2023-2024. Explícanse máis polo miúdo no **Informe de coordinación 2023-2024**.

En liñas xerais, desenvolvéronse as reunións e as accións previstas no **Protocolo de coordinación**: reunións de coordinación co profesorado; solicitude dos informes de verificación; enquisas/reunións co estudantado; participación en todas as comisións das que forman parte por normativa os/as coordinadores/as; elaboración dos informes de coordinación e do informe de resultados; coordinación da materia TFG; deseño e mantemento das aulas virtuais de coordinación; transmisión de información e mensaxes ao estudantado a través das aulas virtuais de coordinación; canalización das solicitudes do estudantado aos órganos pertinentes; colaboración co PAT; e realización das accións oportunas para que cada grupo expositivo teña un/a delegado/a, entre outras. Tamén a coordinación participou nas reunións para a reforma do plan de estudos do Grao en Economía e elaborou informes para enviar a cada un dos departamentos sobre, entre outras, as taxas de rendemento, éxito e avaliación das materias do seu ámbito.

2.c. Análise do perfil real de ingreso/egreso:

Recollemos na seguinte táboa os indicadores que, xunto con datos proporcionados pola CIUG sobre a matrícula e outros informes achegados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, imos empregar para a análise do perfil de ingreso real e do nivel de demanda.

Indicador	Nome	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN01G	Prazas ofertadas	150	150	150	125	125
IN02G	Matrícula (non contabiliza aos estudantes de programas de mobilidade)	614	602	597	534*	526*
IN03G	Matrícula de acceso	157	163	172	130	124
IN04G	Matrícula de novo ingreso por preinscripción	150	160	166	127	120
IN12G	Taxa de ocupación (%)	100,00	106,67	110,67	101,6	96,0
IN06G	Nota media de acceso por preinscrición	8,76	9,50	9,20	9,51	9,52
IN07G	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	92,62	100	99,39	99,21	-
IN08G	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,93	3,16	2,85	2,06	3,23
IN09G	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	1,14	0,83	1,51	1,5	1,71
IN18G	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de	4,40	1,00	2,85	2,06	2,09

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 39 de 131

	mobidade sobre o total de matriculados					
IN10G	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao) (%)	73,33	66,00	64,67	68,8	70,4

*Matrícula global: Número de estudantes matriculados nun curso académico sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming. [hai un cambio no cómputo do indicador]

Ao analizar os seguintes datos, é importante ter en conta que no 2022-2023 **reduciuse o número de prazas ofertadas a 125**, co obxecto de axustarse ao establecido na MVT.

- Segundo a estatística da CIUG, un 39% das persoas matriculadas son mulleres.
- *Vía de acceso*: case a totalidade acceden na cota xeral e deles o 94% procede do bacharelato e o 6% da FP (o 2% o curso pasado). Aumenta, polo tanto, a porcentaxe que procede da FP.
- *Nota de acceso (IN06G e IN07G)*: a nota media de acceso por preinscrición ascende e sitúase no 9,52. Non dispoñemos do dato par este curso da porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G).
- *Preferencia pola titulación*: aumenta a porcentaxe de estudantado matriculado por primeira vez que se preinscribira en Economía en 1ª opción (IN10G), alcanzando o 70,4%.
- *Procedencia*: o estudantado matriculado procede maioritariamente de Galicia. Só o 3,23% dos matriculados son estranxeiros (IN08G) e só o 1,71% son nacionais de fora de Galicia (IN09G).
- *Estudiantado recibido por programas de mobilidade (IN18G)* supuxo o 2,09% sobre o total de matriculados.

Tendo en conta o indicado, a redución de prazas ofertadas veu acompañada dunha certa mellora na media de acceso e na porcentaxe de estudantado matriculado por primeira vez en primeira opción con respecto ás do curso anterior.

Como xa se comentou para o caso do grao en ADE, o centro realiza unha enquisa para coñecer o perfil do estudantado novo. Polo que se refire aos resultados do estudantado entrante no curso 23-24, a enquisa foi contestada por 48 alumnos/as.

Os principais resultados da enquisa foron os seguintes:

- O número de alumnos é superior ao número de alumnas (62.5%-37.5%).
- O grao de ECO foi escollido por unha ampla maioría como 1ª preferencia (75.0%) sendo claramente superior no caso dos homes (86.7%).
- O principal motivo de escolla da titulación é a vocación (71%); superior no caso das mulleres. Tamén constitúe unha razón de peso as mellores perspectivas laborais que lles proporciona o estudo do grao (sobre todo nos homes).
- A maioría do estudantado que accedeu á titulación (en torno ao 81%) cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, sendo maior esta incidencia no caso das mulleres.
- Todo o estudantado enquisado cursou materias de Matemáticas no Bacharelato. Os contidos de Estatística foron amplamente cursados no Bacharelato.
- As materias de Economía no Bacharelato foron seguidas por todo o estudantado procedente do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais e unicamente por un 37.5 do estudantado procedente do bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
- Unha ampla maioría cursou o Bacharelato en centros públicos (89%).
- A nota media de acceso ao grao de ECO foi 10.01, sendo a nota máis elevada un 13.68 e a máis baixa un 5.55. A nota media é lixeiramente superior no caso das mulleres (0.26 puntos).

A nota media de acceso é algo máis elevada (0.42 puntos) para aquel estudantado que cursou o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

2.d. Resultados de aprendizaxe:

O estudantado que está en cuarto curso en 2023-24 é o que comezou o Grao no 2020-2021, curso no que se implantan protocolos estritos na docencia ante a pandemia do COVID, con todos os cambios no modelo de ensino que esta circunstancia trouxo consigo, polo que compre telo en conta á hora de avaliar os indicadores de rendemento.

A **taxa de graduación** (IN37G) aumenta ao 38,46, situándose lixeiramente por riba do previsto na MVT. Non obstante, o dato segue a ser moi baixo comparado ca media da USC (60,57%). A causa non parece estar en que se alonguen os estudos en exceso senón máis ben na elevada taxa de abandono (43,85%), especialmente en primeiro curso (36,73%). Compre considerar o impacto adicional que a pandemia puidera ter nas elevadas taxas de abandono dos últimos cursos, que viría a engadirse a todas aquelas causas que xa se teñen analizado nos informes anteriores.

Algunhas das actuacións desenvolvidas desde o curso 2021-22 se espera teñan algunha incidencia na taxa de abandono nos vindeiros cursos, pero é cedo para sabelo dado que a taxa de abandono en primeiro mídese no X+2. No 2023-24 ponse en marcha un curso cero de matemáticas (**AM7.1/23-24**) e algunhas medidas para incrementar a asistencia a clase do estudantado (**AM8.1/23-24** e **AM8.2/23-24**), medidas que poden ter algún impacto no futuro na redución da taxa de abandono.

En canto ás taxas de rendemento e de éxito, seguen unha evolución coherente coa taxa de abandono en primeiro curso e co desenvolvemento da titulación, xa que van mellorando a medida que se alcanzan cursos superiores. Non obstante, obsérvase, en xeral, unha mellora nas taxas do primeiro curso con respecto ás de anos anteriores. En total, son cinco as materias do grao que presentan taxas de rendemento por baixo do 50%, tres de primeiro curso e dúas do segundo.

Segundo coa aplicación da acción de mellora **AM-8/19-20**, envíanse aos departamentos os informes sobre a evolución dos indicadores de resultados das materias do Grao, para que se fagan as reflexións pertinentes. Tamén estas taxas tivéronse en conta no proceso de revisión do plan de estudos.

No que se refire aos indicadores, os valores concretos amósanse na seguinte táboa:

Indicador	Nome	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24	Media USC 23-24
IN34G	Taxa de rendemento	75,26	65,66	60,37	63,14	67,24	81,65
IN35G	Taxa de éxito	82,77	73,96	70,69	72,98	75,69	88,09
IN36G	Taxa de avaliación	90,92	88,78	85,4	86,52	88,83	92,69
IN37G	Taxa de graduación	34,56	45,32	45,9	35,96	38,46	60,57
IN38G	Duración media dos estudos	4,99	5,20	5,23	4,91	4,91	4,80
IN40G	Taxa de abandono durante o primeiro curso	34,43	26,32	26,92	28,19	36,73	17,52
IN41G	Taxa de abandono RD 1393	39,71	32,37	44,26	36,84	43,85	20,13
IN53G	Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)	81,95	80,00	78,65	84,74	85,68	n.d

A **taxa de graduación** (IN37G, porcentaxe de estudantes que remata os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico mais en relación coa súa cohorte de entrada) sube ao 38,46%, por riba do previsto na Memoria do título.

Esta porcentaxe está moi por baixo da que presenta a media da USC (60,57%). Agora ben, debe terse en conta que a taxa de graduación nas titulacións presenciais no ámbito da Economía nas Universidades españolas para a cohorte de ingreso do 18-19 foi do 43,38%, dato obtido da Univbase do Ministerio de Universidades.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 41 de 131

Con respecto ao primeiro (IN38G), obsérvase que no 2022-23 a duración media é de 4,9 anos. Segundo datos da Univbase, a duración media dos estudos de Grao en Economía nas universidades presenciais españolas no último ano dispoñible (2022-23) foi de 4,96 anos, non moi lonxe do noso dato. Dado que a taxa de graduación é, como xa dixemos, a porcentaxe dos que rematan como máximo en 5 anos, non parece que as cifras en dita taxa poidan explicarse por este factor.

Compre, polo tanto, prestar atención ao segundo factor. A **taxa de abandono RD 1393 (IN41G)** (porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) acadou o 43,85%, porcentaxe que supón un importante incremento con respecto á do curso previo (36,84) e que segue a ser elevada e por riba do previsto na Memoria do título. Pola súa parte, a **taxa de abandono** no primeiro curso (IN40G) sitúase no 36,73%. Semella entón que é a taxa de abandono a que pode explicar que as taxas de graduación non sexan máis elevadas.

Dado que este ven sendo un problema recorrente, foron moitas as accións de mellora que se puxeron en marcha para tratar de comprender a natureza do problema. Ata o Informe de seguimento do 2017-2018, desenvóléronse múltiples enquisas para coñecer as causas do abandono pero as conclusións que se obtiñan eran moi limitadas dado o baixo número de respostas. Tamén se solicitaron datos a área de Calidade co mesmo obxecto, pero non estaban dispoñibles. Finalmente, atendendo á acción de mellora AM-9/18-19, incluída no Informe de seguimento do curso 17-18, obtivéronse máis datos, proporcionados ao centro pola área de Calidade e polo representante da Universidade na CIUG, o que permitiu seguir afondando no coñecemento das causas do abandono na titulación, especialmente no primeiro curso. Desde o vicedecanato de Docencia e Titulacións desenvolveuse un informe exhaustivo baseado nos datos. Enumeramos a continuación as principais conclusións do mesmo (pódese consultar o informe completo na evidencia que acompaña a dita acción de mellora):

- A media da taxa de abandono en Economía da USC é parecida á do conxunto español
- Ven provocada fundamentalmente polo abandono en primeiro curso
- A maioría do estudantado que abandona a titulación tivo moi malos resultados no ano de inicio
- Obsérvase unha relación positiva significativa relativamente alta entre a nota de acceso e o número de créditos superados no ano de inicio
- O 35% dos estudantes que abandonaron o Grao matricularonse noutro grao da USC pertencente maioritariamente á área de Ciencias Sociais e Xurídicas e tamén de Humanidades. Ditas áreas teñen contidos menos cuantitativos cos de Grao en Economía, sendo este un dos factores (xunto co nivel de dificultade do Grao), sinalado polo estudantado como causa de abandono en enquisas previas.

No marco da mesma acción de mellora, deseñouse unha *enquisa para coñecer mellor o perfil do estudantado de novo ingreso* e a súa posible relación coa taxa de abandono. A enquisa pasouse ao estudantado de primeiro no acto de benvinda do curso 19-20. No Informe de seguimento do curso 18-19 incluíuse unha nova acción de mellora (AM-6/19-20) dirixida a analizar o perfil do estudantado de primeiro, sobre a base dos resultados de dita enquisa, e a súa vinculación coa taxa de abandono. Das respostas das 131 persoas que contestaron á enquisa, extraemos as seguintes conclusións que poden ter algún vínculo coa taxa de abandono:

- O 29% non escolleu Economía como primeira opción.
- O 71% que opta en primeiro lugar pola titulación faíno por “vocación”, sendo o pragmatismo o 2º motivo en importancia aínda que cun peso moito menor (13%). No cuestionario contemplábase a opción de que o motivo fora porque a nota acadada non lle permitía acceder a outras titulacións de máis interese, pero non foi sinalada por ningún alumno.
- O 65% procede do bacharelato de Ciencias Sociais ou Humanidades; deles o 75% escolleu Economía en primeira opción. O 33% procede dos Bacharelatos de Ciencias/Tecnoloxía, e neste caso o 62% optou por Economía como primeira opción.
- O 80% ten cursado a materia de Economía no bacharelato; o 100% do estudantado que procede do bacharelato de Ciencias Sociais ou Humanidades.
- Unicamente 2 alumnos indican que non teñen cursado matemáticas no bacharelato (posiblemente os alumnos que proceden da modalidade de Humanidades). Un terzo do estudantado que contestou á enquisa cursaron as matemáticas dos bacharelatos de Ciencias ou Tecnoloxía.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 42 de 131

- O 86,6% do estudantado ten cursado Estatística no bacharelato.
- A nota media de entrada foi dun 9.42, a nota máis alta 13.7 e a máis baixa 5.4.
- No estudantado que accede á titulación con nota inferior a 8 baixa significativamente a escolla da titulación como primeira opción (dun 71% a un 55%) e naqueles que optan por Economía como 1ª preferencia ten moita maior importancia o pragmatismo e o mellor mercado laboral (o motivo vocacional baixa ao 50%).

Para seguir avanzando no coñecemento e redución das causas do abandono, especialmente en primeiro, incluímos no anterior informe de resultados a acción de mellora AM3/20-21, cun dobre obxectivo. Por unha banda, acadar máis información sobre o estudantado que figura no informe de abandono potencial en primeiro curso e analízala e, pola outra, mellorar a descrición que se ofrece sobre o título na web, co obxecto de que o estudantado que se matricule sexa máis consciente do que pode atopar nel. En relación con esta última, escribiuse unha nova redacción na que se poñía máis de manifesto o contido cuantitativo da titulación. Con respecto á primeira, obtivéronse máis datos sobre o estudantado en risco de exclusión e se analizaron. As principais conclusións foron as seguintes:

- Perfil do estudantado de novo ingreso:
- A medida que aumenta a cualificación coa que accederon, aumenta a porcentaxe dos que se matricularon en primeira opción.
 - A porcentaxe aumenta drasticamente no grupo do estudantado que entrou con 9 ou máis.
- Aproximadamente o 30% do estudantado de novo ingreso está en risco de abandono no primeiro cuatrimestre.
- Perfil do estudantado **en risco de abandono**:
- Ten cualificacións inferiores a 10 e non elixiu a titulación como primeira opción.
 - A porcentaxe dos que non aprobaron ningunha no primeiro cuatrimestre é moi elevada entre os que están na franxa de cualificacións do 6, distribúese de xeito bastante uniforme entre os que están nas franxas do 7, 8 e 9 e cae drasticamente entre o estudantado que entrou con 10 ou máis.
 - A porcentaxe dos que non elixiron a titulación como primeira opción é considerablemente máis elevada entre os que están en risco de abandono (57%) que entre os que aprobaron algunha (28%).
- Aproximadamente a metade do estudantado en risco de abandono non se volveu matricular en 21-22.
- Perfil do estudantado en risco de abandono que **non se matriculou** no 21-22:
- O 62,5% non elixira o Grao en primeira opción
- Non se observa un perfil claro por cualificacións, excepto que son inferiores a 10
- Perfil dominante no estudantado en risco de abandono que **si se matriculou** no 21-22:
- O 48% non elixira o Grao en primeira opción
- Non se observa un perfil claro por cualificacións, excepto que son inferiores a 10.

Cabe engadir que a elevada taxa de abandono tamén foi considerado na revisión do plan de estudos do grao en Economía, polo que se espera que as modificacións levadas a cabo axuden a reducila. Como xa indicamos, se espera que o novo plan se poña en marcha no curso 2025-26.

No curso 21-22, en virtude da AM-6/21-22 realizouse unha enquisa ao profesorado do centro co obxecto de coñecer a importancia da avaliación continua nos resultados do estudantado e en virtude da AM-11/21-22, acción esta relativa ao abandono, elaborouse un informe cos resultados específicos da enquisa para o primeiro curso. Os resultados da enquisa, tanto para o conxunto do Grao como para o primeiro curso, poden sintetizarse en:

- A meirande parte do profesorado considera que a avaliación continua mellora a aprendizaxe xeral do estudantado e contribúe a incrementar a porcentaxe do mesmo que supera a materia.
- Non obstante, aproximadamente un 38% dos enquisados considera que dificulta a obtención de sobresalientes, cuestión que debería terse en conta para non penalizar ao estudantado de cualificacións máis elevadas. Supoñemos que a razón podería estar en que pode resultar complicado manter o sobresaliente en todas as actividades que se desenvolven ao longo do curso.
- Esta relación entre avaliación continua e cualificacións pode ser relevante para mellorar a vinculación do alumando á titulación.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 43 de 131

Actuacións postas en marcha no curso 2021-22:

- Todas as accións levadas a cabo polo equipo decanal e polo profesorado do centro para atraer talento á Facultade (como a posta en marcha do plan de captación AM-3/21-22, o programa A Ponte, a mellora da información sobre a titulación dispoñible na web).
- As accións levadas a cabo para estimular a participación e o interese do estudantado na vida do centro (AM-8/2021-22).

Actuacións postas en marcha no curso 2022-23:

- No curso 2022-2023 redúcense as prazas ofertadas en primeiro de 150 a 125. Aínda que o obxecto da medida é axustarse ao que figura na MVT, e unha acción que podería ter algunha incidencia na porcentaxe de estudantado que entra en primeira opción, nas cualificacións de primeiro curso e na taxa de abandono.

Actuacións postas en marcha no curso 2023-24:

- Tendo en conta que nalgúns das enquisas o estudantado indicaba as matemáticas como unha das dificultades no inicio do proceso de ensino aprendizaxe na titulación, a Facultade puxo en marcha no 2023-24 un **“Curso cero de matemáticas aplicadas para a titulación de Economía” (AM7.1/23-24)** co obxecto de reducir as posibles carencias formativas do estudantado nese eido e, tamén, coa meta de diminuír a taxa de abandono no primeiro curso que puidera ter como orixe ditas carencias.
- As **AM8.1/23-24** e a **AM8.2/23-24** teñen como obxectivo incrementar a asistencia regular do estudantado ás aulas, recomendando ao profesorado que incentive dalgún xeito a asistencia e insistindo ao estudantado da súa importancia a través do PAT. Lembramos que nas análises realizadas vinculábase a asistencia coa taxa de aprobados e, ademais, podería incrementar a vinculación do estudantado coa titulación, o que podería influír na redución da taxa de abandono.

A pesar de tratarse dun problema reiterado, sorprende a elevada taxa de abandono RD 1393/2007 nos tres últimos cursos, especialmente no 2021-22 (44,26%) e no 2023-24 (43,85%). Aínda que non se fixo unha análise específica, non cabe descartar o impacto da pandemia do COVID, que viría a sumarse aos factores que xa estaban afectando á citada taxa. Tendo en conta que a taxa de abandono RD 1393/2007 defínese como a porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior, calculamos que o dato de 2023-24 correspóndese coa cohorte de acceso do 2019-2020 (curso no que tivo lugar o confinamento polo COVID).

Tamén é preocupante a taxa de abandono no primeiro curso do 2023-24 (36,73%), a máis elevada da serie que presentamos, o que terá impacto na taxa de abandono total en cursos posteriores. Calculamos que a taxa de abandono no primeiro curso (porcentaxe dos estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2) do 2023-24 se corresponde coa cohorte de ingreso do 2021-2022, polo que aínda nos se pode valorar o posible efecto dalgúns das medidas adoptadas despois dese curso que se comentan no cadro anterior (por exemplo, a redución de prazas ofertadas a 125 no 2022-23, ou o curso cero de matemáticas que se pon en marcha no 2023-24 (**AM7.1/23-24**)).

Indicadores de inserción laboral

Os datos de inserción laboral do Grao en Economía na USC recollidos pola ACSUG poden considerarse bos. En 2021 traballaba o 89% dos egresados no curso 2014-2015 (o 88% das mulleres e o 89% dos homes). A cifra é dous puntos máis elevada que a do conxunto das titulacións de Economía do SUG. O 66% ten contrato indefinido (o 60% das mulleres e o 73% dos homes) e o 77% realiza funcións específicas de nivel universitario. O 23% está a traballar no resto de España e o 3% no resto da Unión Europea. Non aparecen explicitamente nos resultados da enquisa a porcentaxe que traballa por conta allea. As porcentaxes dos que volverían a cursar estudos universitarios (95%), a estudar a mesma titulación (83%) e os que o farían na mesma universidade (97%) son elevadas.

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A satisfacción do estudantado coa docencia recibida (4,07 sobre 5) e a do profesorado coa docencia impartida (4,28) son elevadas. A taxa de resposta á enquisa do estudantado coa docencia recibida foi do 57,12%, polo que se acadou o obxectivo de superar o 20% que se estableceu na AM-3/22-23. En canto á enquisa que realiza a USC aos egresados, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi do 4,09 sobre 5. Pola súa parte, na enquisa que se realiza no centro ao estudantado que defendeu neste curso o seu TFG, o resultado da satisfacción coa titulación pode resumirse en que o alumando considérase satisfeito coa titulación (3,24), aínda que obsérvase unha senda descendente. A diferenza dos cursos anteriores, o estudantado está especialmente satisfeito coa formación práctica (3,69) mentres que a valoración da formación teórica é inusualmente baixa (2,90). A participación nesta enquisa foi do 52,5%.

Código	Nome	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN15G	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	4,51	4,5	3,25	3,8
IN16C (centro)	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	4,20	-	-	-
IN19G	Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas	4,00	4,61	4,38	4,43
IN20G	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas	4,00	4,67	4,61	4,11
IN42G	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3,39	3,32	-	4,09
IN46G	Satisfacción do estudantado coa docencia recibida	3,69	3,97	4,03	4,07
IN47G	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,02	4,26	4,29	4,28

Código	Nome	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN48G	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida (%)	27,41	15,27	24,52	57,12

O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación [IN42G] foi do 4,09 sobre 5.

Por outra parte, como xa vimos en apartados anteriores, unha información máis precisa nola transmite a enquisa realizada polo vicedecanato de calidade na Facultade ao estudantado que leu o seu TFG neste curso. A participación nesta enquisa foi do 52,5%. Recollemos a continuación as puntuacións promedio obtidas nas preguntas relativas ao conxunto da titulación (nunha escala 1-5):

	2021-22	2022-23	2023-24
A información dispoñible sobre a título é axeitada (web, horarios, calendarios, prácticas externas, mobilidade, xornadas...)	4,03	4,00	3,87
A atención e orientación prestada polo persoal do centro é boa:	4,39	4,12	4,02
Os recursos educativos, infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados para o desenvolvemento do título:	4,16	3,93	3,83
Sénteste satisfeito/a cos recursos postos a disposición pola Biblioteca:	4,05	3,88	3,71
Estou satisfeito/a coa formación teórica recibida na titulación:	3,97	3,71	2,90
Estou satisfeito/a coa formación práctica recibida na titulación:	3,52	3,34	3,69
En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación:	4,06	3,83	3,24
Sénteste preparado par desenvolverte no mercado laboral?	3,43	3,57	4,11

En resumo, segundo esta enquisa o alumando considérase satisfeito coa titulación (3,24), aínda que obsérvase unha senda

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 45 de 131

descendente. A diferenza dos cursos anteriores, o estudantado está especialmente satisfeito coa formación práctica (3,69) mentres que a valoración da formación teórica é inusualmente baixa (2,90). Haberá que ver en cursos posteriores se este cambio é algo puntual ou se mantén no tempo.

A satisfacción coa docencia recibida [IN46G e INF 13]. O estudantado que responde á enquisa amosa unha **satisfacción alta** coa docencia recibida (4,07 sobre 5).

A taxa de resposta do estudantado á enquisa sobre a docencia recibida subiu ao 57,12%, polo que se acadou o obxectivo de superar o 20% que se estableceu na AM-3/22-23.

A Satisfacción coa titulación. [INF. 22]. O estudantado dos distintos cursos puntúa a satisfacción global coa titulación cun 3 (o curso anterior foi 3,43) e a valoración global da enquisa é dun 3,36. Esta enquisa tivo unha taxa de resposta moi baixa (2,74%). Debe terse en conta que esta enquisa non valora só cuestións académicas (por exemplo, trámites de matriculación, información dispoñible, PTXAS, infraestruturas...)

Por outra banda, un dos principais inconvenientes desta enquisa é que descoñecemos o curso concreto do alumnado que responde, o que dificulta a interpretación dos resultados, sobre todo nos aspectos formativos. Non é o mesmo que o estudantado de cuarto curso diga que a titulación está mal organizada a que o diga o estudantado de segundo, porque nos primeiros cursos a aproximación ao coñecemento acumulado e ás ferramentas analíticas pode desequilibrar a balanza. Axudaría máis dispoñer dos resultados por curso. Consideramos que a enquisa realizada polo vicedecanato de calidade ao estudantado que leu o TFG ofrece resultados máis fiables.

En canto ao **profesorado**, contamos con dos referencias: a enquisa da satisfacción do profesorado coa docencia impartida [INF 14; IN47G] e a enquisa de satisfacción coa titulación [INF 23].

- A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) é **moi elevada** (4,28 sobre 5). En xeral, a valoración que se dan aos ítem da enquisa INF. 14 son moi satisfactorios, especialmente aqueles relacionados co desempeño propio da labor docente. A participación nesta enquisa foi do 52,50%.
- En canto á satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), o profesorado amósase notablemente satisfeito (3,94 sobre 5). O estudantado asiste con regularidade ás clases (3,03) e o estudantado implícase na titulación (3,17) son os puntos peor valorados, aínda que, cando se pregunta se o estudantado cumpre coa planificación académica sen problemas, o puntúan cun 3,92. A participación foi dun 45,00%.

No que se refire ás **queixas e reclamacións**, como xa se comentou para o caso do grao en ADE, con carácter anual a Comisión de Calidade analiza todas as queixas e reclamacións recibidas no Decanato así como os procedementos seguidos para a súa resolución. No **informe de incidencias** da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para o Grao en Economía no curso 23/24, recolléronse 4 incidencias, unha solicitando que se considerase unha solicitude de TFG fora de prazo e 3 relativas a cualificacións de diferentes materias que foron resoltas a través da constitución de diferentes comisións de reclamacións. O informe de incidencias está dispoñible na AASX.

Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación:

O perfil formativo do título mantén relevancia e vaise actualizando segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional. O Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación ten carácter anual (60 créditos ECTS) e presencial. Impártese de xeito continuado dende o curso académico 2009-2010.

O plan de estudos implantouse de acordo co establecido na memoria inicial verificada en 2009, ao longo destes anos fóronse

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 46 de 131

incorporando as sucesivas modificacións non substanciais nos informes de seguimento anual. As modificacións substanciais relativas ao plan de estudos incorporáronse no 2016 e no 2022. Como consecuencia do proceso de revisión do título, no curso 2016-2017 implantouse a segunda edición incorporando materias de nivelación. Posteriormente, no curso 2018-2019, tivo lugar a última renovación da acreditación. Sería no curso 2020-2021 cando se realizou unha modificación non substancial do título que afectou ao cambio de materias optativas e que se aplica dende o curso 2021-2022. A derradeira modificación, de carácter substancial, aprobouse e publicouse no 2022 e comezou a aplicarse no curso 2022-2023, deste xeito iniciouse a terceira edición do título que permitiu a implantación dunha nova especialidade centrada na economía circular e a sustentabilidade que substituíu á especialidade de desenvolvemento local e rexional.

O estudantado adquire as competencias previstas, como acreditan a valoración dos egresados e a súa inserción laboral. Asemade, o estudantado egresado recomenda a realización do máster a compañeiros e coñecidos.

A denominación do título reflicte os principais contidos e refírese ás dúas especialidades que o conforman (Xestión da Investigación e da Innovación e Sustentabilidade e Economía Circular). O máster ofrece a dobre orientación académico-profesional e investigadora.

A xustificación do título indicada na memoria verificada resulta axeitada. A titulación oríéntase a formar persoal especializado nos eidos da innovación e da sustentabilidade e economía circular, no ámbito sectorial, local e rexional, destinados tanto ao ámbito público como ao privado. Realízase unha articulación do coñecemento teórico e analítico e do dominio das ferramentas de diagnose necesarias para o deseño e a xestión de programas e proxectos aplicados a acción governamental, das institucións e empresas nos ámbitos da innovación, a sustentabilidade e a Economía Circular.

O máster aborda temáticas de interese, relevancia e carácter estratéxico para o desenvolvemento económico, social e ambiental de Galicia. O título fai un esforzo continuado por incorporar temáticas novidosas e de relevancia como a economía circular, a ecoinnovación, as cadeas globais de valor, as Estratexias de Especialización Intelixente ou as novas políticas de innovación orientadas á misión. Diversas instancias políticas, científicas e profesionais manifestan a necesidade de contar con formación especializada avanzada nos eidos da innovación e o desenvolvemento. Nese sentido, diversas institucións (como a Axencia Galega de Innovación, GAIN) veñen colaborando co máster en diversas actividades. Outras Universidades tamén detectan a necesidade de ofrecer esta formación, especialmente no ámbito latinoamericano.

Tal e como se comentou anteriormente, incorporáronse as modificacións substanciais á memoria verificada que reforzan os contidos relativos á sustentabilidade e a Economía Circular a través dunha nova especialidade, no marco da progresiva adaptación do Máster retos da sociedade e ás demandas do mercado laboral.

O plan de estudos desenvólvese segundo o establecido na memoria actualizada verificada en 2022. A programación docente, a planificación e a avaliación das materias, o deseño das actividades interactivas e a organización de actividades complementarias contribúen á adquisición das competencias xerais e específicas.

A planificación de cada materia recóllese nas Guías Docentes, nas que se indican os contidos, competencias, metodoloxía ou sistema de avaliación. As guías docentes están dispoñibles antes do inicio da matrícula e son revisadas e aprobadas anualmente pola Comisión Académica, seguindo o calendario de planificación académica anual establecido pola USC.

As competencias propostas na memoria son coherentes co deseño do plan de estudos, sendo traballadas e avaliadas en distintas materias. As materias Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster (TFM) permiten avaliar dun xeito integral a adquisición das competencias que debe acadar o estudantado egresado.

A docencia é presencial e organízase en clases expositivas e interactivas; algunhas materias impártense na aula de informática. Ao longo do curso tamén se organizan diversas actividades complementarias, como conferencias, seminarios e formación in situ. No curso 2023-2024 o máster participou na convocatoria de prácticas de campo da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, concedéronse as axudas e realizáronse prácticas de campo en varias empresas no primeiro cuatrimestre.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 47 de 131

A Comisión Académica do título reúne periodicamente para asegurar o adecuado desenvolvemento do título.

2.a. Cumprimento das guías docentes:

Cada materia conta coa súa guía docente, que se publican antes do inicio do curso. Ditas guías detallan os contidos, competencias, metodoloxía ou sistema de avaliación. Son revisadas e aprobadas anualmente pola Comisión Académica, seguindo o calendario de planificación académica anual establecido pola USC.

A programación das materias é supervisada polo coordinador do Máster, así como polos distintos membros da Comisión Académica e os coordinadores dos catro módulos nos que se organiza o título. Ó inicio de cada curso realízanse reunións co profesorado da titulación para revisar e adecuar, no caso de que sexa necesario, os programas e as guías docentes facendo os axustes que se consideran pertinentes consensuadamente entre a coordinación e o profesorado do título, principalmente para evitar solapamentos de materias. Estas reunións serven como avaliación de carácter interno do cumprimento dos obxectivos do título en termos de competencias e coñecementos.

No curso 2023-2024 as guías docentes mantiveron continuidade coas establecidas en cursos precedentes.

2.b. Procedementos de coordinación:

Este máster é un título universitario da USC e impártese en modalidade presencial. Dado que é un título de só un curso académico, os esforzos céntranse na coordinación horizontal. O coordinador do título establece os mecanismos para a coordinación docente, contando coa colaboración da coordinación dos módulos.

A preocupación pola calidade e bo funcionamento da titulación, maniféstase na reflexión continua realizada pola Comisión Académica para valorar a titulación e formular propostas de mellora, co obxectivo de que o estudantado acade o máximo aproveitamento da titulación. Asemade, maniféstase nas reunións celebradas periodicamente, tanto da Comisión Académica, como do profesorado, do estudantado e mixtas profesorado-estudiantado.

A coordinación docente efectúase mediante reunións do profesorado e tamén entre a coordinación do máster e o profesorado, en grupo e individualmente, para o seguimento da titulación e avaliación do seu funcionamento, para coordinar contidos e competencias, así como para propoñer as melloras oportunas. Como vén sendo habitual dende a implantación do máster en 2009, hai reunións co profesorado ao principio do curso para presentar o perfil do novo estudantado e coordinar as materias (en contidos, competencias e carga de traballo do estudantado), centrándose especialmente nas do primeiro cuatrimestre; ao final do primeiro cuatrimestre e, co obxectivo de realizar un mellor seguimento da titulación, a coordinación das materias do segundo cuatrimestre (incluíndo Prácticas e Traballo Fin de Máster), valorar os resultados obtidos polo estudantado, informar das actividades previstas (conferencias, formacións, seminarios,...) e calquera outra incidencia, modificación ou mellora que se considere; e outra no mes de xullo para valorar o funcionamento xeral da titulación, o rendemento dos estudantes, preparar o novo curso e plantexar posibles melloras.

Tendo en conta a dificultade de poder reunirse simultaneamente co conxunto do profesorado, a información relevante sobre os aspectos mencionados transmítese por correo electrónico e a coordinación do máster ten reunións individuais ou en grupo co profesorado da titulación para ter un maior coñecemento sobre o desenvolvemento do curso. Tamén se promoven reunións entre o profesorado das materias máis relacionadas, para evitar solapamentos de contidos ou que haxa contidos relevantes que queden sen cubrir. Ademais hai reunións co profesorado responsable de titorizar as materias Prácticas e Traballo Fin de Máster para abordar as cuestións específicas destas materias. A comunicación entre titores académicos e profesionais céntrase nos aspectos referidos ao plan formativo e desenvolvemento de habilidades e competencias transversais.

Por outra banda, a opinión do estudantado recíbese fundamentalmente a través dos seus dous representantes na Comisión Académica, que transmiten os comentarios das reunións periódicas que ten o estudantado da titulación. Tamén se celebran reunións entre a coordinación do máster e o estudantado para coñecer a súa valoración da titulación, as debilidades e dificultades que detectan e as propostas de mellora. Como resultado dese proceso de diálogo co estudantado, a principal queixa é a

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 48 de 131

acumulación de tarefas das distintas materias en determinadas semanas e a intensidade da carga docente en algúns momentos do curso.

Ademais de continuar co esforzo de coordinación entre as distintas materias, pediuse ao profesorado que informe ao comezo de cada materia das actividades a realizar e das datas previstas de entrega de traballos para que se poidan organizar mellor. Tamén se solicitou ao profesorado que, con carácter xeral, non se pidan máis de dúas actividades por materia, salvo que sexan tarefas de pequena dimensión ou obrigadas para o correcto desenvolvemento das materias. Hai que ser conscientes do elevado número de materias e de que o conxunto das materias con docencia presencial (agás Prácticas e TFM) só teñen 3 créditos ECTS. Ademais destas medidas, cada curso adáptanse os horarios, tratando de deixar na medida que o permita o calendario algunha tarde sen docencia ó longo do curso, especialmente no primeiro cuadrimestre, para que podan avanzar na realización de lecturas ou traballos individuais ou en grupo. Igualmente no segundo semestre teñen os venres libres, onde se aproveita para realizar algunha actividades complementaria.

A enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, inclúe unha cuestión referida á coordinación na organización do título e a coordinación entre docentes, ítem no que se acadou unha puntuación de 4,20 sobre 5 unha puntuación considerablemente alta. A valoración do profesorado coa titulación ten unha valoración global de 4,46 sobre 5 o que é un valor relativamente alto.

Dende o curso 2017-2018 cóntase con coordinadores de módulos ou especialidades, para unha mellor distribución das tarefas que implica a organización e funcionamento do máster. Así, o 05 de decembro de 2017 a Comisión Académica do Máster, aprobou a seguinte asignación de tarefas:

- Coordinación de TFM: María Ángeles Pereira Sánchez
- Coordinación de Prácticas Externas: María del Carmen Sánchez Carreira
- Coordinación da Especialidade de Xestión da Investigación e da Innovación: Xavier Vence Deza
- Coordinación da especialidade de Desenvolvemento Económico Rexional e Local: Xavier Vence Deza
- Coordinación de módulos:
 - b. Módulo de materias de nivelación: María de los Dolores Cadaval Sampedro
 - c. Módulo obrigatorio de Desenvolvemento Económico e Innovación: Xavier Vence Deza
 - d. Módulo Especialidade Xestión da Investigación e da Innovación: Óscar Rodil Marzábal
 - e. Módulo Especialidade Desenvolvemento Económico Rexional e Local: Ángeles Pereira Sánchez
 - f. Módulo de Aplicación: María del Carmen Sánchez Carreira

Óscar Rodil Marzábal e Ángeles Pereira colaboraran co coordinador do Máster nas tarefas específicas de elaboración dos horarios e das actividades complementarias, respectivamente.

2.c. Análise do perfil real de ingreso/egreso:

Existe unha alta coherencia do perfil de ingreso real co establecido na memoria verificada, que contempla unha heteroxeneidade de perfís. Deste xeito, o perfil do estudiantado por titulación tamén é variado. Dos 23 estudantes da matrícula de novo ingreso do curso 2023-2024, 18 proviñan de estudos vinculados a Economía e/ou ADE, o resto eran graduados en Ciencias Políticas, Relacións Internacionais e Socioloxía. O perfil do estudiantado é acaído, predominando os estudantes de Economía e ADE. A diversidade de titulacións resulta enriquecedora, igual que a diversa procedencia xeográfica, como valoran positivamente os distintos grupos de interese implicados na titulación. Nese sentido, o plan de estudos da titulación inclúe tres materias de nivelación (Introdución á Economía, Introdución á Empresa e Finanzas e Introdución á Econometría), que deben cursar as persoas matriculadas que non sexan tituladas en Economía ou Administración e Dirección de Empresas e que non teñan coñecementos

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 49 de 131

previos sobre esas áreas. Esas materias cumpren unha función axeitada para o correcto seguimento do máster polo estudantado procedente doutras titulacións, ao non identificarse especiais dificultades.

A principal preocupación en canto ao perfil do ingreso constitúea o baixo nivel de coñecemento dos idiomas nos que se imparte a docencia do máster (galego e castelán) por parte dalgúns estudantes estranxeiros. Este problema tende a concentrarse naquelas persoas que só dominan o inglés (como sucedeu nalgún curso con estudantes dos países árabes, aos que se lle axudou con material en inglés ata que van coñecendo o idioma e que puideron finalizar o máster) e, sobre todo, estudantes procedentes de China cun nivel moi baixo de castelán, o que dificulta enormemente que poidan seguir as materias ou ter unha comunicación básica co profesorado e cos compañeiros. A pesares dos esforzos da USC por implantar a esixencia de idioma, nalgún caso non é efectiva, dado que hai estudantado cun nivel moi baixo de castelán que consegue superar as probas de idioma (ou encontra outros subterfuxos legais para cumprir formalmente os requisitos), pero que á hora de recibir clase demóstranse as dificultades lingüísticas e a falta de comprensión básica do idioma.

A admisión de estudantado estranxeiro sen competencias lingüísticas non compete ao título, senón á Universidade. A pesar diso, tanto o título en repetidas ocasións, como o propio centro, a través da Comisión de Calidade, realizaron diversas actuacións para informar á Reitoría do problema e solicitamos que a USC esixa un nivel mínimo de idioma ao estudantado estranxeiro que accede ao máster. Outra das medidas adoptadas polo Máster foi reducir o número de prazas ofertadas na convocatoria anticipada e pasar de requisitos xerais a requisitos específicos, valorando tanto o CV como o coñecemento de idioma.

En canto á análise dos indicadores relativos ao perfil de acceso, destácase o IN01M Prazas ofertadas: ofértanse 25 prazas, este número non foi modificado nos últimos anos. No curso 2023-2024 o número global de persoas matriculadas 35, incluíndo o estudantado repetidor e de tempo parcial, se ben de novo ingreso foron 23 persoas.

A nota media de acceso por preinscrición (IN06M) foi de 7,16 similar ao 7,15 que foi a nota media no curso 2022-2023. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) foi do 14,29%, lixeiramente inferior ao 17,39% do curso 2022-2023. Polo que se refire á Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09M) é do 11,43% continuando a tendencia do curso anterior e bastante superior á dos últimos anos. Polo que se refire á taxa de ocupación do título (IN12M) estamos nun 92%, moi superior ao 64% do curso 2022-2023, isto foi debido ao ausencia de baixas tardías do estudantado estranxeiro que ten acontecido no curso precedente. Con respecto á mobilidade entrante e saínte, debe indicarse que no curso 2022-2023 recibíuse un estudante de intercambio. Aínda que o máster participa no programa Erasmus, tendo asinado convenios con distintas Universidades de Italia, Portugal ou Francia, non se envían estudantado de mobilidade. Este feito explícase polas dificultades de realizar a mobilidade Erasmus para un máster de carácter anual.

2.d. Resultados de aprendizaxe:

A titulación inscíbese dentro da rama da Economía pero presenta un carácter multidisciplinar, acorde ao carácter transversal da innovación, como factor clave para o crecemento e o desenvolvemento. Os contidos do máster prestan especial atención aos sectores estratéxicos para Galicia, que se contemplan na súa Estratexia de Especialización Intelixente RIS3, como o sector agroalimentario, a pesca e a acuicultura, as enerxías renovables, a eco-innovación, a biotecnoloxía, a nanotecnoloxía ou o sector biosanitario. O deseño do plan de estudos da titulación pretende axudar a afrontar os retos plantexados na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), pois os contidos abordados nas diversas materias están vinculados cos tres retos plantexados en dita estratexia e, especialmente, cos dous primeiros (novo modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseado na innovación e novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento).

Un dos grupos de investigación que participa no máster ten como liñas de investigación as estratexias de especialización intelixente, desenvolvemento sustentable e a economía circular, temáticas que tamén se ofertan para a realización de Traballo Fin de Máster. O máster aborda temáticas como a emerxencia de novos sectores ou a xestión da investigación e a innovación. É coherente coas liñas estratéxicas e obxectivos propostos no Plan Estratéxico da USC e coas especializacións do Campus de Santiago (Campus Vida e Campus da Cidadanía).

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 50 de 131

Varias materias proporcionan os coñecementos e ferramentas necesarias para guiar ao estudiantado na análise das oportunidades para converter ideas de negocio en empresas e no proceso de creación de empresas, emprendemento e autoemprego. Tamén se lles facilita a relación con persoas emprendedoras e empresarias, tanto a través das conferencias e seminarios formativos en empresas, como das prácticas externas en empresas para aqueles estudantes que optan pola orientación académico-profesional. Debe mencionarse a intensa e proveitosa colaboración con empresas e administracións públicas, que repercute favorablemente na formación do estudiantado. Asemade, algunhas materias teñen parte da docencia asignada a área externa, sendo impartida por profesionais de empresas ou de institucións públicas, como se indicou no criterio 4.

As competencias xerais do título seguen o establecido no artigo 3.3 do Anexo 1 do Real Decreto 1393/2007, engadindo outras dúas competencias básicas. Cada unha das dúas especialidades da titulación ten as súas competencias propias: tres na especialidade de Xestión da Investigación e da Innovación e catro na de Sustentabilidade e Economía Circular. Á súa vez, a orientación investigadora contempla tres novas competencias establecidas para a ensinanza de doutoramento no apartado 3.4 do Anexo 1 do Real Decreto mencionado.

Para adaptar o Máster aos retos da sociedade e dentro do continuo proceso de actualización do mesmo, realizouse unha modificación substancial que se implantou no curso 2022-2023, reforzando o perfil na temática de sustentabilidade e economía circular.

No que aos resultados de aprendizaxe se refire:

- A taxa de rendemento (relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superou o estudiantado e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon no curso analizado) é do 93,91 lixeiramente superior ao 93,07% do curso anterior.
- A taxa de éxito, relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron está no 100% en consonancia coa media da USC e mantendo a tendencia dos últimos anos, lixeiramente superior ao curso anterior que foi do 99,68%.
- A taxa de avaliación foi do 93,91%, lixeiramente superior á tendencia do Máster nos últimos cursos, no curso anterior foi de 93,37%.
- A taxa de graduación, tal e como se comentou anteriormente foi do 62,5, un indicador inferior ao curso anterior, que foi do 77,78.
- A duración media dos estudos foi de 1,21 reducindo a media dos estudos é inferior á media da USC que é de 1,50.
- A taxa de abandono foi para o curso 2023-2024 foi de 0,00 mellorando a taxa do curso 2022-2023 que era de 5,56%

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

Polo que se refire aos indicadores de satisfacción, destácanse os seguintes:

- IN42 Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación foi do 4,33 sobre 5 o que é unha puntuación relativamente alta, aínda que non podemos comparar co curso precedente dado que non contamos con este indicador no 2022-2023. Está en coherencia coa tendencia dos últimos anos.
- IN46 Satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, este indicador foi de 3,86 sobre 5, lixeiramente superior ao curso 2022-23, que foi de 3,79

Polo que se refire o indicador IN47 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación alcanzada é alta, na liña dos últimos anos, sendo de 4,57 sobre 5. Destácase a alta puntuación dada a comunicación e interacción co-estudiantado.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 51 de 131

Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas:

O título de Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas ten como obxectivos principais:

- (1) dotar ao estudiantado das competencias máis relevantes, tanto desde unha perspectiva teórica como aplicada, da planificación e dirección do turismo urbano e da xestión de empresas no ámbito turístico, proporcionándolle unha visión global e integradora, seguindo os criterios de innovación, eficiencia e sustentabilidade; e
- (2) formar dun modo rigoroso a expertos que orienten a súa carreira cara á investigación e o desenvolvemento do coñecemento no ámbito turístico.

As materias ofertadas que é necesario superar para obter o título, axústanse a estes obxectivos e a todo o establecido na súa memoria. A Planificación da Actividade Docente (elaboración, aprobación e publicación do PDA, POD e programación das materias) realízase de acordo co procedemento previsto no SGC e ten que ser aprobada pola Comisión Académica do Máster. As guías docentes e os programas das materias teñen que ser aprobados pola Comisión Académica do Máster, polos Consellos de Departamento con docencia no Máster e pola Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, que é o Centro no que esta titulación se imparte.

Todas as guías docentes presentan unha metodoloxía distribuída en docencia expositiva e interactiva cun alto grao de aplicación práctica dos contidos, a través de casos, resolución de problemas ou similares, e interese pola participación, en liña co proposto na memoria do título. As guías docentes están dispoñibles na web: <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-sociales-juridicas/master-universitario-turismo-urbano-gestion-empresas-turisticas>

O tamaño dos grupos é adecuado ao tipo de docencia. O número de persoas por aula non se achega aos límites establecidos pola memoria. A docencia organízase a través dun único grupo de docencia expositiva e outro único grupo de docencia interactiva, polo que o número de persoas por grupo docencia nas materias obrigatorias non varía, salvo no caso de que haxa estudiantado repetidor que asista algunha materia. As materias optativas tamén xeran grupos de tamaño variable, según da matrícula.

O acceso, admisión e matrícula dos estudantes está regulado pola Normativa Académica da USC que, anualmente, faise pública previa aprobación da Xunta de Goberno da Universidade. Este proceso, así como os criterios, etc. publícanse na web corporativa.

2.a. Cumprimento das guías docentes:

As guías docentes, incluíndo a programación das materias, apróbanse na propia Comisión Académica, nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade.

Antes da aprobación pola Comisión Académica, a coordinación do mestrado revisa se hai discrepancias entre as propostas de guías docentes que realiza o profesorado e o disposto na memoria do título. De ser así, indícase ao profesorado das discrepancias detectadas e se insta a solucionarlas.

En cursos anteriores, téñense detectado discrepancias nos sistemas de avaliación propostos para un número reducido de materias e o disposto na memoria do título. Esas discrepancias foron corrixidas, se ben cómpre verificar que non se volvan producir, tal e como se informou no autoinforme de seguimento do curso 2018-19.

2.b. Procedementos de coordinación:

O título conta coas estruturas de coordinación verticais e horizontais necesarias para garantir que a docencia se desenvolve de acordo coa memoria. Son as seguintes:

- Unha Comisión Académica formada por profesorado de diferentes áreas de coñecemento e con representantes do estudiantado que se reúne para solucionar calquera cuestión relacionada co funcionamento do título (ver as Actas das reunións). A Comisión Académica reúnese de forma periódica para garantir o bo funcionamento do título e a

comunicación de forma continua, tanto a docentes como a estudantes, de todas as datas e procedementos importantes en relación aos diferentes ámbitos do máster.

- Un coordinador/a do título que recolle suxestións relativas á titulación, tanto do estudantado como do profesorado, participa na elaboración do Autoinforme de Seguimento anual do título, coordina o programa de prácticas, xestiona a distribución e avaliación de TFM, e informa de forma permanente daquelas cuestións de interese para un bo funcionamento e coordinación do máster aos diferentes axentes implicados.
- Representantes do estudantado que participan nas reunións da comisión académica e que serven de fonte de información á Coordinación sobre calquera tema de interese vinculado ao estudantado.
- Comisións da facultade que velan por un bo proceso de ensino-aprendizaxe de todos os títulos impartidos no centro: comisión de igualdade e comisión de actividades complementarias, comisión de calidade, comisión de asuntos económicos, comisión de normalización lingüística, comisión de biblioteca.
- Este máster impártese en modalidade presencial nun único centro, polo que non é precisa coordinación neses ámbitos.
- No caso das prácticas externas, o mestrado elabora enquisas propias de satisfacción do estudantado, titores académicos e titores profesionais. Os resultados destas enquisas son comentados nun apartado específico, dentro da *Dimensión 1, Xestión do título* deste informe. A elevada satisfacción de titores profesionais e académicos amosa que o estudantado acada as competencias asociadas ás prácticas.

Por outra banda constatamos que, ao longo dos anos, incrementouse o esforzo de divulgación da información sobre o máster. Toda a información relativa aos diferentes procedementos que afectan á docencia se comunica con antelación a través da web da Facultade. Adicionalmente, o coordinador/a comunica de xeito continuo ao longo do curso, tanto a docentes como a alumnos, todas as datas e procedementos relevantes en relación aos diferentes ámbitos do Máster: presentación e acollida de alumnos para a inauguración do curso, inicio das actividades docentes, datas de realización de exames, convocatoria para asignación de temas e titores para os TFMs, convocatoria para a realización de prácticas, datas de peche de actas, convocatorias para a presentación e defensa de TFMs, así como as datas de todas as reunións da Comisión Académica como órgano máximo de coordinación. No caso do estudantado, esta información comunícase mediante email e a través da web da facultade.

Todo isto tradúcese en que, de acordo co *Informe sobre satisfacción do profesorado coa docencia impartida*, a satisfacción do profesorado coa coordinación entre as distintas materias e distintos niveis do título é elevada (4,12 puntos sobre 5 no curso 2023-24). Ata o curso 2017-18, o *Informe de satisfacción do estudantado coa docencia recibida*, incluía unha pregunta sobre a coordinación dos distintos profesores dunha mesma materia. O último dato dispoñible é o do curso 2017-18 e amosaba unha puntuación elevada, 4,21 puntos sobre 5.

2.c. Análise do perfil real de ingreso/egreso

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN01M	Prazas ofertadas	25,00	25	25	25	25
IN02M	Matrícula	35,00	28	29	25	27
IN03M	Matrícula de acceso	18,00	16	18	18	20
IN04M	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	18,00	16	18	18	20
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	7,07	7,22	6,86	6,85	7,03
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (%)	100,00	100	100	83,33	-
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	48,57	42,86	31,03	48,00	59,26
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	5,71	3,57	6,90	0	7,41
IN12M	Taxa de ocupación	72,00	64,00	72,00	72	80
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	25,71	25,00	34,48	28	14,81
IN14C	Relación entre matriculados en másteres no centro e número de egresados dese centro	0,61	0,51	0,60	0,67	0,65

No curso 2023-24 houbo 20 matriculados de novo ingreso, o que supón unha taxa de ocupación do 80%. Os indicadores amosan, tamén, que o 83,33% do estudantado accede á titulación cunha nota superior a 6, sendo a nota media de acceso (7,03)

lixeramente superior á dos últimos dous cursos.

A diversidade do estudantado é evidente tanto en termos de procedencia xeográfica como de titulación de orixe. De acordo co Informe 12 *Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia* (USC), o número de titulacións de acceso ao máster é de seis no curso 2023-24. A cifra real é maior, pois dous dos epígrafes incluídos nese informe: “Resolución Reitoral de Equivalencia” e “Estudios realizados no extranxeiro, nos que se computan 12 alumnos/as, non se especificar as súas titulacións. Este grupo de estudantes procede do extranxeiro e constitúe o 60% do estudantado da titulación.

A composición do estudantado axústase ás características dos estudos de Máster en Turismo, ao tratarse dunha titulación cun carácter interdisciplinario. Nese curso as titulacións relacionadas co turismo son fonte de tan so un dos novos estudantes.

Para maior detalle consultar o informe de resultados do título:

[INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEE 23-24](#)

2.d. Resultados de aprendizaxe

A actividade Docente realízase de acordo ao previsto na memoria do título. Toda a planificación docente do máster apróbaa a Comisión Académica e as guías docentes, incluíndo a programación das materias apróbanse na propia Comisión Académica, nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade.

As materias que compoñen o plan de estudos están orientadas a garantir que o estudantado adquiera habilidades e coñecementos, teórico e prácticos, adaptados ao mercado laboral. Cada materia avalía a adquisición das competencias e os resultados de aprendizaxe previstos e establecidos na memoria, á vez que os TFMs presentados por cada alumno permiten unha valoración xeral das competencias e resultados de aprendizaxe do título. A normativa en vigor para o TFM está a disposición de tódolos axentes interesados na páxina web da USC.

As competencias que o estudantado debe adquirir son coherentes cos obxectivos xerais do título e están definidas de forma clara, adecuada e accesible, así mesmo, nelas destácase o carácter de formación avanzada propio dos estudos de máster. Ademais, de acordo coa memoria do título, os obxectivos e as competencias xerais e específicas que os estudantes adquieren durante os seus estudos e esixibles para outorgar o título de máster, axústanse ao establecido na normativa vixente.

No que se refire aos indicadores de resultados do título, as taxas de rendemento, éxito e avaliación acadan valores elevados, incrementándose notablemente en relación ao curso anterior. Non obstante, prodúcese unha caída na taxa de graduación.

INDICADOR	DESCRICIÓN	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN34M	Taxa de rendemento (%)	83,17	85,22	82,86	76,12	88,63
IN35M	Taxa de éxito (%)	95,86	97,21	97,75	96,56	97,56
IN36M	Taxa de avaliación (%)	86,76	87,76	84,76	78,83	90,85
IN37M	Taxa de graduación (%)	57,14	94,44	68,75	83,33	66,67
IN38M	Duración media dos estudos	1,22	1,8	1,75	1,33	1,29
IN41M	Taxa de abandono RD 1393 (%)	9,52	0	6,25	11,11	22,22

A taxa de éxito (97,56%) é elevada no curso 2023-24 e semellante á de cursos anteriores. A taxas de rendemento e avaliación (88,63% e 97,56%, respectivamente) incrementaron considerablemente respecto do curso pasado.

A taxa de graduación descendeu considerablemente desde o 83,33%, do 2022-2023, ao 66,67% deste curso.

Indicadores de inserción laboral

Dispoñemos dos datos de inserción laboral do mestrado obtidos do Estudo de Inserción Laboral dos Titulados en Másteres no SUG no curso 2013-2014. Están resumidos na táboa seguinte.

	MTUXET	CSeX USC	CSeX SUG
Traballa na actualidade (%)	71,40	68,20%	74,60%
Non traballa na actualidade, pero traballaron algunha vez desde a finalización do máster (%)	28,60	18,40%	16,60%
Tempo dende que finalizou o máster ata o primeiro emprego (meses)	11,67	7,96	7,47
Tempo traballado dende que finalizou o máster (meses)	16,00	19,47	21,00
Tempo traballado dende que finalizou o máster nun emprego relacionado (meses)	5,43	10,60	13,14

A táboa mostra diferentes indicadores relacionados coa inserción laboral dos titulados, ofrecendo información dos datos deste mestrado (MTUXET) e dos mestrados ofertados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas na Universidade de Santiago de Compostela (CSeX USC) e no Sistema Universitario Galego (CSeX SUG).

Os datos dispoñíbles amosan que o 71,40% dos titulados do mestrado ao rematar o curso 2013-14 traballan na actualidade. Considerando, ademais dos que traballan na actualidade, a aqueles que traballaron algunha vez dende a finalización do mestrado, a porcentaxe acada o 100,00%. Estas porcentaxes son superiores ás referidas ao conxunto de mestrados do ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da Universidade de Santiago de Compostela (68,20% e 86,60%, respectivamente) e similares ás do Sistema universitario Galego do mesmo ámbito (74,60% e 91,20%).

Con respecto ao tempo necesario para atopar emprego, os titulados neste mestrado tardan 11,67 meses en atopar o primeiro emprego dende que obteñen o título. É un período máis longo que o existente para o conxunto de másteres do ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da Universidade de Santiago de Compostela (7,96 meses) e dos Sistema Universitario Galego (7,47 meses). Os titulados deste mestrado tardan algo máis de tempo en atopar emprego que os titulados doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas, pero traballan ou traballaron nunha porcentaxe máis elevada que os titulados en mestrados da USC e nunha porcentaxe similar considerando aos os titulados en mestrados do Sistema Universitario Galego.

Os datos mostran que, en promedio, o tempo traballado despois de rematar o mestrado no momento de realizar o estudo é de 16,00 meses, fronte aos 19,47 e 21 meses dos titulados doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da USC e o SUG. Este dato é coherente co comentado anteriormente: ao atopar o primeiro emprego máis tarde, os titulados deste mestrado teñen menos meses traballados que os seus compañeiros titulados doutros másteres no mesmo curso, considerando a mesma data de referencia.

Quizais a principal diferenza nos datos considerados estea no período de tempo traballado nun emprego relacionado coa titulación. Neste caso, os datos do Máster en Turismo Urbano e Xestión de empresas Turísticas (5,43 meses) son inferiores aos dos doutros mestrados no ámbito das Ciencias Sociais e Xurídicas da USC e o SUG (10,60 e 13,14 meses, respectivamente).

A realización de prácticas en empresas e, particularmente, en empresas do sector turístico pode contribuír a que os titulados, una vez finalizadas, manteñan vínculos coas empresas onde as realizan. Eses contactos poden ser útiles para atopar empregos vinculados coa titulación na propia empresa ou en contactos realizados dende o período de prácticas. De aí que no curso 2018-10 propuxéramos unha acción de mellora relativa a incrementar os convenios de prácticas con empresas do sector turístico, buscando mellorar a vinculación laboral dos titulados coas empresas do sector. Na actualidade, estase a traballar nesta liña.

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A análise da satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas e a

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 55 de 131

satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas foi realizada na primeira parte deste informe (Dimensión 1. A xestión do título), onde se expuxeron os resultados detallados das enquisas de satisfacción, incluíndo a información de todos os ítems. Os resultados amosan valores elevados de satisfacción dos titores/as académicos (5,00), titores profesionais (4,64) e estudiantado coas prácticas realizadas (4,40). Estes resultados poden estar relacionados coas acción de mellora implantadas no curso pasado.

A satisfacción do estudiantado coa docencia recibida (4,14) redúcese tras tres cursos ascendendo. Cabe destacar que a taxa de resposta a esta enquisa (48,28%) mellora moito respecto do curso pasado (8,33%). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (4,25) é alta. A satisfacción dos egresados (2,83) é a máis baixa nos últimos seis cursos.

Queixas, suxestións e reclamacións do estudiantado

O estudiantado non realizou queixas formais durante o curso 2023-24.

Máster Universitario en Dirección de Empresas:

No curso 2021-2022 realizáronse un conxunto de **cambios na memoria do MUDE**, derivadas do proceso de *Modificación da Memoria Verificada do Título de Máster Universitario en Dirección de Empresas*. En concreto, revisáronse as competencias xerais e específicas das fichas das materias, procedendo a unha redefinición de ámbolos dous grupos competenciais. Despois desta reestruturación, a lista de competencias xerais queda da seguinte forma:

CG01- Coñecemento avanzado en Dirección de empresas, fundamentalmente nos seus métodos, técnicas e áreas de aplicación.

CG02- Capacidade para dispoñer dunha visión estratéxica dos problemas empresariais.

CG03- Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos á realidade empresarial.

CG04- Capacidade de resolución de problemas en entornos novos o pouco coñecidos.

CG05- Capacidade para a toma de decisións de xestión no ámbito da empresa en xeral e en particular das súas diferentes áreas funcionais.

CG06- Capacidade para comunicar información, ideas, problemas de dirección de empresas -de carácter xenérico ou específico- e propostas de solución.

CG07- Capacidade para deseñar proxectos de xestión integrada ou de áreas funcionais da empresa.

CG08- Dominio de diversas ferramentas, instrumentos e métodos de xestión necesarios para dirixir unha empresa.

CG09- Capacidade para identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas coa xestión empresarial.

CG10- Conciencia da responsabilidade social da empresa.

Paralelamente, revisouse a lista de competencias específicas, que agora queda limitada a 8:

CE01- Visión de conxunto da empresa e do seu entorno, que permita diagnosticar e comprender problemas complexos, analízalos e tomar decisións axeitadas, sendo consciente do seu alcance.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 56 de 131

CE02- Coñecemento das repercusións da internacionalización.

CE03- Capacidade para comprender os mercados e o Marketing dende unha perspectiva estratéxica.

CE04- Capacidade para liderar equipos comerciais.

CE05- Capacidade para formular e implantar estratexias relativas ás persoas que axuden ás empresas a obter unha vantaxe competitiva sostible.

CE06- Capacidade para xestionar as operacións e os sistemas de información da empresa.

CE07- Capacidade para realizar a xestión económica-financeira dunha empresa.

CE08- Coñecemento e comprensión do papel da información contable como mecanismo para a avaliación e o control.

Atendendo a esta nova relación de competencias, procedeuse a **realizar unha reordenación das incluídas de cada unha das materias**, modificando substancialmente as fichas de cada unha delas e identificando claramente as competencias específicas e os resultados de aprendizaxe previstos. En paralelo, especificáronse as competencias correspondentes ás materias de carácter obrigatorio e optativo. Este proceso realizouse **de forma conxunta** entre o profesorado do MUDE no Campus de Santiago e o do Campus de Lugo, aprobándose posteriormente no seo da Comisión Académica do MUDE. Estas modificacións entraron en vigor no curso 2022-2023.

A **planificación da actividade docente** (elaboración, aprobación e publicación do PDA, do POD, do tamaño de grupos e da programación das materias) levouse a cabo segundo o establecido no SGC. As materias obrigatorias e optativas, así como o módulo preparatorio, discorron sen contratempos, observándose un nivel satisfactorio no cumprimento dos programas e dos obxectivos docentes. Cumpriuse co establecido no marco de planificación horaria das clases, así como coa previsión de actividades de avaliación, incluíndo as datas oficiais de exames.

A **programación docente** estivo dispoñible dende o primeiro momento nas webs das Facultades, e empregouse o Campus Virtual para a difusión de información e material de apoio, así como para a recepción das tarefas propostas nas materias. Igualmente, respectouse a **uniformidade na docencia** entre os campus de Santiago e Lugo. A programación presenta unha metodoloxía distribuída en **docencia expositiva e interactiva** con un alto grao de aplicación práctica dos contidos, a través de casos, resolución de problemas o similares, e interese pola participación. Os **sistemas de avaliación**, pola súa parte, ponderan estas actividades a través de exames teóricos finais e de actividades de avaliación continua, con equivalencia entre os dous campus. Neste senso, cabe sinalar que a solicitude da Comisión encargada da verificación da Memoria do MUDE, procedeuse a modificar e sistematizar os procedementos de avaliación de todas as materias do programa. Establecéronse ponderacións máximas e mínimas para cada unha das materias, incluíndo o intervalo de avaliación do exame (30%-60%) e relacionado coa avaliación continua (40%-70%). En paralelo, para cada materia especificáronse as actividades optativas que se realizan. Como no caso da revisión de competencias, este proceso elaborouse de forma coordinada entre o profesorado do campus de Santiago e de Lugo, e entrou en vigor no curso 2022-2023.

O ensino no MUDE é **presencial**, co apoio do campus virtual que ofrece a USC en todas as materias do Máster, de modo que o seu uso complementa de forma notable as actividades de aula. Neste criterio non se aprecian diferencias significativas entre ambos campus.

Adicionalmente, utilizouse a **Aula de Coordinación do Campus Virtual** en cada campus, a disposición das persoas coordinadoras, como medio para informar a estudantes e profesorado de toda a información e todas as actividades de interese relacionadas co Máster.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 57 de 131

2.a. Cumprimento de guías docentes:

Como parte do proceso de aseguramento da calidade, as guías docentes son revisadas previamente pola coordinación do máster para verificar a súa aliñación coa memoria do título. Posteriormente, son aprobadas en Comisión Académica, Consello de Departamento e Xunta de Facultade. No caso de detectarse discrepancias, infórmase ao profesorado correspondente para a súa subsanación antes da aprobación definitiva.

As guías docentes están á disposición do estudantado na web:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias-sociais-xuridicas/master-universitario-direccion-empresas-2aed>

2.b. Procedementos de coordinación:

No que se refire aos **mecanismos de coordinación**, o título ten estruturas de coordinación verticais e horizontais para garantir que a docencia se realiza de acordo coa memoria:

- Un coordinador/a de título en cada campus, que se coordinan entre si e que recollan suxestións sobre a titulación, tanto do corpo estudantil como do profesorado, participan na preparación do Informe Anual de resultados da titulación, coordinan o programa de prácticas, xestionan a distribución e avaliación de TFM, e informan permanentemente daqueles temas de interese para o bo funcionamento e coordinación do Máster aos distintos axentes implicados.
- Unha Comisión Académica Intercentros integrada por membros dos equipos directivos dos centros, polos responsables de calidade de ambos centros, por persoal de administración e servizos, por profesores de distintas áreas de coñecemento e por representantes dos estudantes, equilibrados por campus, e que se reúne para resolver calquera cuestión relacionada co funcionamento do título. A Comisión Académica Intercentros reúne periodicamente para garantir o bo funcionamento da titulación e a comunicación continua, tanto a profesores como a estudantes, de todas as datas e procedementos importantes en relación coas diferentes áreas do máster.
- Comisións específicas das dúas sedes do título (Santiago e Lugo), para resolver asuntos de interese específico de cada un dos centros.
- Comisións de Facultades, que aseguran un bo proceso de ensino-aprendizaxe para todas as titulacións impartidas nos centros, con especial referencia á Comisión de Calidade, que é a encargada de garantir o bo funcionamento do SGC dos centros.

2.c. Perfil de ingreso/egreso:

Durante o curso 2023–2024, o Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE) mantivo unha elevada demanda de prazas, o que reflicte o interese sostido por parte de potenciais estudantes e consolida a posición do máster como unha oferta formativa atractiva e pertinente. As cifras de preinscrición e matrícula ratifican a percepción positiva do programa no contorno académico e profesional.

O perfil de ingreso do estudantado continúa a ser coherente co establecido na memoria do título, garantindo o cumprimento rigoroso dos criterios de admisión por parte do Servizo de Xestión Académica da USC. Neste sentido, cómpre sinalar que as modificacións introducidas no curso anterior en materia de acceso e admisión implantáronse con éxito e consolidáronse durante o presente curso.

Entre estas melloras destaca a homoxeneización dos títulos de acceso, que incluíu a incorporación do concepto de "titulacións equivalentes" para ampliar o espectro de posibles candidaturas sen menoscabo do nivel académico esixido. Así mesmo, especificáronse as ponderacións dentro dos criterios de admisión, co obxectivo de reforzar a transparencia e a equidade no proceso de selección. Porén, mantívose o sistema de adxudicación baseado na orde de presentación das solicitudes, dado que a competencia sobre este procedemento recae nos servizos centrais da universidade. Por último, actualizáronse os requisitos

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 58 de 131

normativos de acceso para adaptalos ao marco legal vixente, incorporando as referencias ao Real Decreto 822/2021 en substitución do anterior RD 1393/2007. Esta actualización normativa permitiu asegurar o aliñamento pleno do MUDE coas disposicións legais aplicables á ordenación e seguimento das ensinanzas universitarias oficiais.

Antes do inicio do curso académico, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) garante o acceso do estudiantado a toda a información necesaria para unha adecuada planificación académica. A través da páxina web institucional, o estudiantado dispón dos horarios, calendarios de avaliación e guías docentes de todas as titulacións de máster, incluído o Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE). Esta estratexia de difusión centralizada reforza a transparencia e coherencia da oferta formativa de posgrao da universidade.

O MUDE mantén a súa oferta de 46 prazas anuais, distribuídas equitativamente entre os campus de Santiago e Lugo, en cumprimento do estipulado na súa memoria verificada. Esta dimensión permite unha xestión eficaz dos recursos dispoñibles e asegura condicións óptimas para a docencia e o acompañamento académico, favorecendo unha experiencia educativa de calidade.

En canto ao perfil de ingreso, o máster continúa a atraer un estudiantado diverso e cualificado. No curso 2023–2024, o estudiantado de novo ingreso no campus de Santiago presenta unha notable diversidade na súa procedencia académica, cunha representación importante de titulacións afíns á xestión empresarial, pero tamén con perfís menos convencionais que enriquecen o enfoque multidisciplinar do máster. En concreto, contabilízanse 3 estudantes procedentes de titulacións en Administración e Dirección de Empresas (ADE) —dous da USC e un da UNED—, así como 2 estudantes procedentes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A isto súmanse perfís procedentes doutras áreas como Ciencias da Cultura, Enxeñaría Industrial ou antigos estudos en Ciencias Empresariais, ademais dun grupo amplo de 12 estudantes con estudos realizados no estranxeiro, que representan o 60 % do total de novo ingreso.

Así mesmo, o MUDE mantivo unha presenza destacada de estudiantado internacional, contribuíndo á diversidade cultural e académica do programa. O procedemento de acceso para estudantes procedentes de sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior desenvolveuse conforme aos criterios establecidos na memoria do título. Estes criterios permiten a admisión de titulados internacionais sen necesidade de homologación, sempre que se acredite un nivel formativo equivalente ao esixido nos títulos oficiais españois que habilitan o acceso a estudos de máster. Este enfoque facilita a participación de candidaturas internacionais sen prexuízo do rigor académico esixido, e complétase cun sistema de orientación institucional que presta apoio ao longo de todo o proceso de admisión, matrícula e integración na vida universitaria.

Durante o curso 2023–2024, o MUDE presenta unha configuración xeográfica do estudiantado que combina unha sólida base local cunha dimensión internacional crecente, aínda que con certas diferenzas entre os campus de Santiago e Lugo. No campus de Santiago, a composición do estudiantado destaca pola súa diversidade e perfil internacionalizado. Dos 32 estudantes matriculados, 9 proceden do estranxeiro (5 de China, 2 de Perú, 1 de Arxentina e 1 de Uruguai), o que representa preto do 30 % do total. Este dato confirma o atractivo do máster no ámbito internacional e reforza o seu carácter aberto e multicultural.

No plano nacional, a maioría do estudiantado procede de Galicia, con representación das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, e unha presenza destacada de 6 estudantes residentes en Santiago de Compostela. Só un estudante procede de fóra de Galicia, concretamente de Madrid, o que indica unha presenza nacional aínda limitada, en contraste coa internacional.

Pola súa parte, no campus de Lugo, a distribución xeográfica do estudiantado mostra unha maior concentración territorial. Dos 28 estudantes matriculados, 17 son galegos, con predominio da provincia de Lugo (15 estudantes), Pontevedra (1) e A Coruña (1). A capital lucense achega por si soa 12 estudantes, o que reflicte unha clara conexión co contorno local.

Non obstante, tamén en Lugo se aprecia unha presenza internacional relevante, con 3 estudantes procedentes de China, Arxentina (2), Colombia, Marrocos, Perú e Venezuela, o que representa un 32,10 % do total. Ademais, hai un estudante procedente de Valencia, outro de Málaga e outro de Castela e León, engadindo un matiz interterritorial a nivel nacional. Adicionalmente, no curso 2023–2024, o MUDE contou coa participación de catro estudantes entrantes en programas de mobilidade internacional. Todos eles proceden de universidades de América Latina e América do Norte a través de convenios

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 59 de 131

bilaterais con outras institucións. En concreto, tres estudantes proceden da Universidade Arxentina da Empresa (Arxentina) e un da Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM).

Estes datos confirman unha tímida pero positiva reactivación da dimensión internacional do máster mediante mobilidade entrante, consolidando os vínculos con institucións latinoamericanas e ampliando a diversidade cultural do estudantado. Aínda que as cifras aínda son modestas, reflicten un paso significativo cara aos obxectivos de internacionalización e enriquecen o contorno académico do programa.

En conxunto, a procedencia xeográfica do estudantado do MUDE pon de manifesto un dobre eixo de atracción: por unha banda, o arraigamento local e institucional en Galicia, e por outra, unha vocación internacional que continúa gañando peso.

Co obxectivo de garantir unha base común de coñecementos entre todo o estudantado, o Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE) consolidou a implantación dun módulo preparatorio de complementos formativos, destinado a quen accede desde titulacións alleas ao perfil tradicional de Administración e Dirección de Empresas (ADE). Esta medida busca asegurar unha preparación inicial axeitada que permita aproveitar ao máximo o desenvolvemento do programa académico.

O módulo está constituído por dúas materias clave: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas, ambas cunha carga lectiva de dous créditos ECTS. O seu deseño responde á necesidade de cubrir posibles carencias en coñecementos básicos en áreas esenciais para a dirección empresarial, garantindo así a homoxeneidade do nivel de partida entre os estudantes. A obrigatoriedade de cursar estes complementos determínase segundo a formación previa do estudantado: quen non superase polo menos 2 créditos en materias relacionadas con finanzas ou contabilidade durante os seus estudos de grao debe matricularse na materia correspondente. A superación destes complementos formativos é condición indispensable para a obtención do título. Durante o proceso de matrícula, a coordinación do máster realiza unha revisión individualizada dos expedientes para verificar a correcta inscrición do estudantado nas materias de reforzo, no caso de seren necesarias. Nos casos nos que se detecta unha omisión, procédese a contactar co estudante para modificar a matrícula e garantir o cumprimento do requisito. A experiencia do curso 2022–2023 confirmou a eficacia deste procedemento, acadándose un cumprimento do 100 % na correcta asignación destes complementos entre o estudantado que os requiría. Esta dinámica mantívose de maneira efectiva durante o curso 2023–2024, consolidando o módulo como un instrumento fundamental para a nivelación de competencias de partida no MUDE.

2.d. Resultados de aprendizaxe:

As materias que conforman o plan de estudos do MUDE están deseñadas para asegurar que o estudantado adquira os coñecementos e habilidades —tanto teóricos como prácticos— necesarios para dar resposta ás demandas profesionais definidas no perfil de egreso recollido na Memoria do Título. Ao longo do curso 2023–2024, verificouse un elevado grao de aliñamento entre a planificación prevista e o desenvolvemento efectivo da docencia, grazas á consolidación das accións de mellora implantadas en cursos anteriores.

A planificación do ensino formalizouse e harmonizouse arredor de criterios comúns, facilitando a coherencia na implantación das actividades formativas e a consecución coordinada dos resultados de aprendizaxe agardados, tal e como se establece na Memoria verificada do título.

O grao de adquisición das competencias xerais, específicas e transversais avalíase por medios tanto directos como indirectos. A avaliación directa lévese a cabo a través dos mecanismos recollidos nas guías docentes de cada materia (nivelación, obrigatorias e optativas), así como no Traballo de Fin de Máster (TFM). No caso das Prácticas Externas, a avaliación realízase de forma indirecta, mediante os informes emitidos polos/as titores/as de empresa e académicos/as, así como pola memoria final do/a estudante.

No que se refire aos principais resultados de aprendizaxe do título:

Taxa de Rendemento (IN34M): O indicador amosa unha clara mellora respecto ao curso anterior, pasando del 84,30 % ao 88,96%, recuperando parte do terreo perdido tras os descensos observados nos últimos anos. Este avance suxire unha maior efectividade

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 60 de 131

na organización docente, na implicación do estudantado e na adecuación dos recursos de aprendizaxe.

Taxa de Éxito (IN35M): Aínda que se mantén en niveis moi elevados, o dato reflicte unha lixeira estabilidade arredor do 95%, o que segue a ser indicativo dunha alta consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

Taxa de Avaliación (IN36M): Este indicador experimenta un repunte importante, superando de novo o limiar do 90% e revertendo a tendencia descendente observada no curso anterior (86,89 %). O incremento suxire unha maior participación do estudantado nas avaliacións, posiblemente como resultado dunha mellor planificación docente, dunha xestión máis eficaz do calendario ou dun maior grao de motivación.

En conxunto, os indicadores do campus de Santiago permiten afirmar que, malia as oscilacións rexistradas en cursos anteriores, o programa conseguiu reorientar positivamente os resultados académicos. Non obstante, persisten oportunidades de mellora, especialmente no seguimento individualizado do estudantado e no reforzo da orientación académica, co obxectivo de continuar consolidando estes avances e asegurar unha adquisición efectiva das competencias previstas no perfil de egreso.

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese:

Os resultados da enquisa de satisfacción coa titulación no curso 2023–2024 amosan unha evolución positiva en numerosos aspectos, destacando especialmente a mellora nos trámites de matrícula, nas infraestruturas dispoñibles e na oferta de prácticas. Aínda que a valoración global descende lixeiramente respecto ao ano anterior (de 3,81 a 3,64), este cambio prodúcese nun contexto de maior participación estudantil (26,53 %, fronte ao 7,69 % en 2022–2023), o que puido contribuír a unha maior diversidade de opinións.

Entre os aspectos peor valorados mantéñense a distribución da carga de traballo (3,08) e o calendario das probas de avaliación (2,77), o que suxire a necesidade de seguir axustando estes elementos. Pola contra, a xestión e oferta do TFM melloran significativamente, así como a percepción sobre a utilidade do campus virtual e os recursos dispoñibles.

En conxunto, os resultados reflicten unha percepción global favorable do máster, con avances notables nalgúns indicadores e áreas específicas aínda susceptibles de mellora. A elevada taxa de participación converte esta edición nun referente máis representativo para futuras decisións en materia de calidade.

Os resultados da enquisa de satisfacción coa docencia recibida no curso 2023–2024 amosan unha valoración global positiva do MUDE, cunha media intercampus de 4,16 sobre 5. No campus de Santiago, a satisfacción do estudantado mantense elevada e estable (4,41), consolidando a tendencia dos cursos anteriores. No campus de Lugo, obsérvase unha pequena diminución respecto ao curso anterior (de 4,36 a 3,96), mais segue evidenciándose un elevado nivel de calidade percibida polo estudantado coa docencia recibida.

No campus de Santiago, a satisfacción do estudantado coa docencia mantense elevada, con valoracións especialmente positivas na claridade dos criterios de avaliación, no cumprimento do programa previsto e na actitude do profesorado. Estes resultados consolidan a mellora observada en anos anteriores. En Lugo, as valoracións máis altas obtivéronse no cumprimento do programa previsto e no feito de que os contidos se desenvolvan de acordo co cronograma temporal da materia.

En xeral, algúns ítems vinculados á orientación profesional, á carga de traballo e á oferta de prácticas recibiron valoracións máis baixas, o que apunta á necesidade de revisar estes aspectos. A taxa de resposta á enquisa é lixeiramente superior á do curso precedente (63 %), o que ofrece indicios útiles para orientar futuras melloras. Esta taxa aumentou significativamente no campus de Santiago respecto a cursos anteriores, mentres que en Lugo se produce unha lixeira diminución, o que subliña a necesidade de seguir propoñendo estratexias que incentiven a participación estudantil nos procesos de retroalimentación e mellora continua.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 61 de 131

A partir dos datos recollidos na enquisa de satisfacción do profesorado titor académico coas prácticas externas no MUDE, pódese afirmar que a valoración xeral do programa é positiva, cunha lixeira mellora entre os cursos 2022/2023 (4,38) e 2023/2024 (4,43).

Entre os aspectos mellor valorados destacan a coordinación e planificación das prácticas, a comunicación co estudiantado e o contacto que estas experiencias proporcionan co contorno profesional, todos eles cunha puntuación máxima (5,00). Non obstante, algúns aspectos como a satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/a (volume, dificultade, etc.) aínda presentan marxe de mellora, aínda que tamén experimentan un avance significativo (de 3,00 a 4,00).

En conxunto, os resultados reflicten unha evolución positiva e consolidan as prácticas externas como unha parte valiosa do MUDE, se ben se recomenda continuar reforzando a planificación e o apoio ao profesorado titor para garantir unha experiencia formativa de calidade.

A satisfacción xeral dos egresados do MUDE en Santiago durante o curso 2022–2023 amosa unha valoración media de 3,65 sobre 5, cunha taxa de resposta do 20% (2 respostas). Aínda que o número de respostas é reducido e non permite xeneralizacións amplas, o informe ofrece algúns sinais de interese:

- **Aspectos mellor valorados:** a relación do traballo actual coa titulación cursada (5,00) e a formación teórica (4,50), o que suxire que o compoñente académico segue sendo valorado positivamente polas persoas graduadas.
- **Aspectos peor valorados:** a formación práctica (3,00) e a utilidade percibida do título para o mercado laboral (3,00), o que coincide coas observacións cualitativas recollidas nos comentarios abertos.

Os egresados sinalan de forma explícita a necesidade de reforzar a dimensión práctica do programa, incorporando casos reais e retos profesionais máis próximos á realidade empresarial.

Para maior detalle, consultar o informe de resultados do título:

[INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEE 23-24](#)

Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira

O obxectivo fundamental do título é a formación de directivos e xestores cun perfil profesional claramente especializado nunha das áreas de xestión con maior demanda, na actualidade, polo sector empresarial. As distintas materias impartidas cobren o marco teórico-práctico necesario para comprender a realidade da xestión contable e financeira empresarial fomentando, á vez, o desenvolvemento das competencias e habilidades que os directivos deste ámbito precisan para o exercicio profesional, nun contexto globalizado e con crecente complexidade, tanto mediante o traballo na aula como mediante a realización de prácticas profesionais.

O programa formativo do Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira desenvolveuse conforme ao establecido na memoria verificada do título cuxo texto, tras a modificación realizada en 2019, está publicado en:

[Direccion e Xestion Contable 2020_21.pdf \(usc.gal\)](#)

2.a. Cumprimento das guías docentes:

Durante o curso 2023/2024 ofertáronse todas as materias previstas na memoria verificada. Os programas e as guías docentes de todas elas foron aprobados pola Comisión Académica do Máster e posteriormente polo Consello de Departamento e a Xunta de Facultade. Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 62 de 131

consecución das competencias.

2.b. Procedementos de coordinación:

O máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira foi proposto, desde o momento inicial de elaboración da Memoria, polo Departamento de Economía Financeira e Contabilidade, co obxectivo de proporcionar unha formación adecuada ás necesidades do mundo empresarial realizando a oferta de materias con diferentes contidos, pero interrelacionadas, de tal forma que se permita ver a complementariedade das mesmas sen duplicidade de contidos. Así, ofértanse 4 materias do ámbito contable (3 obrigatorias e 1 optativa), 4 materias do ámbito financeiro (3 obrigatorias e 1 optativa) e unha materia do ámbito fiscal (Departamento de Economía Aplicada).

Anualmente compróbase que non haxa solapamento dos programas das materias tanto antes da súa aprobación polo Consello de Departamento como, posteriormente, na Comisión Académica do Máster, a que poden asistir todos os profesores con docencia no mesmo (aínda que non formen parte da mesma).

A supervisión do cumprimento dos programas das materias realízase de xeito continuo. En base ao Protocolo de Coordinación do Máster (aprobado pola CAM do 19/06/2020, como consecuencia dunha Proposta de Mellora, nº 1, realizada no Autoinforme de Seguimento do curso 2018/2019 para o curso 2019/2020) realízanse comisións de coordinación co profesorado que imparte materias en cada cuatrimestre. Ademais, o feito de que os profesores das diferentes materias traballen en despachos moi próximos propicia a realización de reunións non-formais nas que se intentan mellorar as posibles deficiencias detectadas diariamente nas aulas.

As materias que imparten os profesores de contabilidade, finanzas e fiscal teñen contidos diferenciados e aínda que en algún tema poida parecer que existe solapamento o enfoque é diferente (contable, financeiro ou fiscal).

En relación á coordinación na realización de probas, exames, traballos etc., nos últimos anos, en cada cuatrimestre, a coordinadora do máster solicita a todos os profesores que cubran unhas *Táboas de información para a coordinación das materias do máster*. En base á información obtida nestas táboas compróbase se existe solapamento e procédese a falar co profesorado implicado para evitalo.

2.c. Análise do perfil real de ingreso/egreso:

Na seguinte táboa recóllense os indicadores que, xunto con outros informes facilitados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, vanse a empregar para a análise do perfil de ingreso.

Código	Nome	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN01M	Prazas ofertadas	25,00	25,00	25,00	25,00	25,00
IN02M	Matrícula	39,00	32,00	31,00	30,00	28,00
IN03M	Matrícula de acceso	22,00	16,00	19,00	18,00	20,00
IN04M	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	22,00	16,00	19,00	18,00	20,00
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	7,08	7,34	6,93	7,12	6,90
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (en %)	100,00	100,00	100,00	100,00	-
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (en %)	25,64	18,75	29,03	20,00	25,00
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de	2,56	3,13	6,45	3,33	3,57

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 63 de 131

	fora de Galicia sobre matriculados (en %)					
IN12M	Taxa de ocupación (en %)	88,00	64,00	76,00	72,00	80,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (en %)	43,59	62,50	48,39	56,67	42,86

A existencia de diferenzas entre número de alumnos matriculados e número de alumnos de novo ingreso está motivada por ter alumnos matriculados de edicións anteriores que atoparon traballo e non elaboraron o TFM. Asemade, estamos a detectar, en relación aos alumnos de novo ingreso, outro problemas en varias edicións do Máster e en varios Máster: nos meses de xullo e agosto a matrícula de novo ingreso cóbrese na súa totalidade (25 prazas), pero na segunda quincena de setembro ou a principios de outubro varios estudantes, que non se incorporaron as clases, anulan a matrícula no Máster, ben por estar matriculados en varios másteres de xeito simultáneo ou ben por non ter os visados correspondentes de entrada a España (denegada fundamentalmente ao estudantado procedente do norte de África e de Oriente Medio). No primeiro caso, si a anulación se realiza durante o mes de setembro, pódese abrir un novo prazo de matrícula para o estudantado que non accedeu no mes de xullo, pero, na maioría dos casos, ditos estudantes xa están matriculado noutras universidades ou noutros másteres. No segundo caso, os estudantes non anulan matrícula para poder ter opción de obter o visado nun momento posterior que lles permita entrar en España (deixan de estar na relación de matriculados no segundo semestre ao non pagar a matrícula). Por todo o anterior, dado que a matrícula de novo ingreso en outubro queda por debaixo da oferta realizada (e que estaba totalmente cuberta en agosto), mantivéronse varias reunións do Decano, a Vicedecana de Calidade e os coordinadores dos másteres que se imparten na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais con diferentes membros do equipo reitoral (Vicerreitora de titulacións e Internacionalización e Xerente) na que se transmitiu a necesidade de realizar as comprobacións necesarias de cumprimento de todos os requisitos de entrada no máster (visados, titulación de acceso e coñecemento do idioma).

No curso 2023/2024 matriculáronse 28 alumnos, dos cales 20 foron de novo ingreso sendo a titulación de procedencia a seguinte (Informe I2):

Titulación de procedencia	Nº de estudantes
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela	6
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade da Coruña	1
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo	2
Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade Francisco de Vitoria	1
Grao en Contabilidade e Finanzas pola Universidade de Oviedo	1
Grao en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela	2
Estudos realizados no estranxeiro	7
TOTAL	20

En base ao Informe de procedencia xeográfica (INF 16), dos 28 estudantes matriculados, 20 proceden da Comunidade Autónoma Galega (10 de A Coruña, 2 de Lugo, 2 de Ourense e 6 de Pontevedra), 2 do resto de España (Principado de Asturias e Castela e León) e 6 estranxeiros (Arxentina, China, Colombia, Xapón, Uruguai e Venezuela). Sinalar que, aínda que na documentación constan 1 estudante procedente de Salamanca, trátase de un estudante de nacionalidade China que descoñecen o idioma no que se imparte o máster.

2.d. Resultados de aprendizaxe:

As competencias e os obxectivos que os estudantes adquiren durante os seus estudos e que son esixibles para outorgar o título de Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira, son as establecidas na memoria do título.

O máster ten como obxectivo a formación de directivos e xestores cun perfil claramente especializado nunha das áreas de xestión con maior demanda na actualidade polo sector empresarial.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 64 de 131

As distintas materias cobren o marco teórico-práctico necesario para comprender a realidade da xestión contable e financeira empresarial, fomentando á vez o desenvolvemento das competencias e habilidades que os directivos deste ámbito precisan para o exercicio profesional, nun contexto globalizado e con crecente complexidade, tanto mediante o traballo na aula como mediante a realización de prácticas profesionais.

As distintas disciplinas que compoñen o plan de estudos do Máster están orientadas a garantir que o estudantado adquira as habilidades e coñecementos, teóricos e prácticos, relativos a todas as necesidades contables, financeiras e fiscais do Departamento de Administración ou da Xerencia dunha empresa.

Un estudante que curse o Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira debería posuír as seguintes capacidades específicas para:

- Recoñecer o marco xurídico nacional e internacional en materia fiscal e contable, comprendendo as súas distintas implicacións na información financeira e permitíndolle a formación dunha opinión.
- Identificar as relacións existentes entre estratexia e competitividade, podendo alegar en cada caso elementos de xuízo para a determinación das mellores opcións posibles.
- Analizar a información pertinente para comprender as implicacións financeiras dos negocios internacionais.
- Integrar a ética na xestión como valor recolleito nos Códigos de Conduta, co obxectivo financeiro da empresa e a capacidade de xerar valor dunha forma sustentable.
- Identificar e analizar a estrutura de custos e os procesos operativos e financeiros fundamentais na empresa, combinando datos cuantitativos e aspectos cualitativos da realidade analizada.
- Analizar a interrelación existente entre as alternativas de investimento e financiamento da empresa, integrando coñecementos financeiros e contables.
- Determinar a adecuación, en termos de rendibilidade e risco, dos activos que se negocian nos mercados financeiros ao perfil do investidor ou ben, para poder establecer puntos de referencia para a valoración de proxectos Empresariais de investimento e financiamento.
- Comprender e aplicar os conceptos e métodos empregados para a valoración e xestión do risco financeiro.
- Coñecer e comprender o papel da información contable como mecanismo para a avaliación e o control.

Ademais, realízanse actividades propias do máster e outras comúns para todos os másteres, en particular as ofertadas pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, dentro dos programas Aprendendo das Empresas e das Institucións e do programa Aula Profesional ECOADE, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do estudantado, tales como conferencias, seminarios, xornadas, etc. Ditas actividades danse a coñecer ao estudantado a través do Foro de Novas da aula de Coordinación do Campus Virtual do Máster.

Asemade, ofértanse outras conferencias, charlas, sesións on-line ou talleres tales como:

- Acto. “El papel de la Unión Europea para transformar nuestras economías societarias”, organizado pola Comisión Europea na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariales no marco da reunión informal do ECOFIN con motivo da Presidencia española no Consello.
- Curso. “Fundamentos da folia de cálculo para Economía e Empresa”, 20h de clase e 5 de traballo autónomo, dende o 5 de outubro ao 10 de novembro de 2023.
- Xornada. “Introducción a la RSE para el estudiantado universitario”, organizado polo Grupo Valoración Financeira Aplicada (VALFINAP) e polo CERGI, Centro de Estudos da Empresa: Responsabilidade Social e Competencia, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC, 16 de novembro de 2023.
- Sesión *on-line*. “Discover BCG”, organizado pola Boston Consulting Group, 23 novembro de 2023.
- Sesión *on-line*. “El reto de la información corporativa” impartida por D. Santiago Durán Domínguez, presidente del ICAC en el marco del X Encuentro de Directores de Departamento de Contabilidad organizado por ASEPUC, celebrado na *Universidad de Barcelona* o 24 de novembro de 2023.
- Curso. “Power Business Intelligence (Power BI)”, de 20h de clase e 5 de traballo autónomo. Data de inicio 20 febreiro 2024 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, USC.

- Convocatoria para a obtención de práctica profesional para estudiantado de Máster (curso 2023/2024). Resolución da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan 30 contratos a tempo parcial para persoal investigador de iniciación dirixidos a estudiantado de Máster (curso 2023-2024).
- *III Edición del Hackathon Social-Tech*. Solucións tecnolóxicas sostíbeis aos retos derivados dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, organizado pola AVTE da USC, do 14 ao 16 de marzo 2024, Edificio Emprendia, USC.
- Curso. “Funcionamento de un ERP (LIBRA)”, impartido por EDISA, 4 sesións no mes de abril 2024 (total 15h) na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

No Foro de Novas da aula Virtual de Coordinación do Máster tamén se inclúen ofertas de emprego (Vantrans, Banco de España, Deloitte, Pricewaterhouse Coopers, programa de talento de Zara, *Feira Virtual de Emprego da USC*), prácticas extra curriculares do Consello Social da USC ou premios (Premio de la Cátedra Vegalsa-Eroski UDC al *Mejor Trabajo de Fin de Máster* en “*Criterios ASG y Propósito Corporativo*” e premio María Xosé Rodríguez Galdo “Á Introducción da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Máster”).

En relación á análise dos resultados do Título, no curso 2023/2024 todos os indicadores melloran de xeito significativo. No curso 2023/2024 resulta significativo a taxa de éxito, do 100%, a baixada na duración media dos estudos que se sitúa en 1,06 anos, así como as taxas de éxito dos graduados e de eficiencia que se sitúan no 96,05%.

ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TÍTULO		2019/ 2020	2020/ 2021	2021/ 2022	2022/ 2023	2023/ 2024
IN34M	Taxa de rendemento (en %)	85,60	87,70	69,90	82,00	89,00
IN35M	Taxa de éxito (en %)	95,54	95,91	84,21	93,71	100,00
IN36M	Taxa de avaliación (en %)	89,60	91,44	83,01	87,50	89,00
IN37M	Taxa de graduación (en %)	55,00	77,27	68,75	57,89	83,33
IN38M	Duración media dos estudos	1,57	1,50	1,00	1,53	1,06
IN41M	Taxa de abandono RD 1393 (%)	5,00	4,55	0,00	26,32	11,11
IN50M	Taxa de éxito dos graduados (%)	87,50	95,81	99,10	98,24	96,05
IN53M	Taxa de eficiencia (%)	87,50	91,43	99,10	91,76	96,05

En xeral, obsérvase unha melloría significativa no curso 2023/2024 en relación aos cursos anteriores, así, a taxa de éxito (créditos superados entre os presentados), foi do 100%, as taxas de Rendemento (créditos superados entre os matriculados) e a Taxa de avaliación (créditos presentados entre os matriculados) do 89% e a taxa de graduación do 83,33%.

A Taxa de Éxito dos graduados (IN50M, relación porcentual entre o número de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi graduado e o número total de créditos aos que se presentou) diminúe nos tres últimos cursos pasando de 99,10% no curso 2021/2022 a 96,05 no curso 2023/2024.

A Taxa de Abandono (IN41M), que indica a porcentaxe de alumnos que non se matricularon neste curso académico nin no anterior, baixa de xeito moi significativo do 2022/2023 ao 2023/2024 (pasando de 26,32% ao 11,11%).

A Taxa de Eficiencia (IN53M, relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante durante a titulación na que se graduou e o número total de créditos nos que se matriculou) sitúase dende o ano 2020 por encima do 90%: 91,43% no curso 2020/2021, 99,10 no 2021/2022, 91,76% no curso 2022/2023 e 96,05% no curso 2023/2024.

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

A continuación preséntanse os principais indicadores de satisfacción da titulación:

ANÁLISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN		2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN19M	Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (S/5)	-		2,94	4,19	3,74
IN20M	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (S/5)	-	-	-	4,42	-
IN46M	Satisfacción do estudiantado coa docencia recibida (1-5)	3,46	4,06	4,00	4,13	4,05
IN42M	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	-	3,26	3,55	-	4,54
IN47M	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,59	4,12	4,29	4,64	4,38
IN48M	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida (%)	36,67	54,55	7,41	17,24	50,00
IN49C	Satisfacción do PTXAS co seu traballo (1-5)	3,75	3,88			

A satisfacción media dos estudantes ca materia recibida (IN46M) supera, dende 2020, os 4 puntos sobre 5.

En relación á materia optativa Prácticas en Empresa a satisfacción dos estudantes con ditas prácticas sitúase en 3,74 sobre 5. Neste senso é necesario indicar que varios estudantes non puideron realizar as prácticas na empresa por eles elixida, ben por non superar as probas de selección ou ben por que a empresa non admitiu estudiantado do máster en prácticas. Por outra banda, no curso 2023/2024 empezouse a detectar que, no momento no que o estudante elixe empresa (no momento inicial ou posteriormente si non é seleccionado), dita elección está máis condicionada pola proximidade a vivenda que a criterios académico-profesionais. Asemade das enquisas realizadas pola Area de Calidade da USC, a coordinadora do máster e titora académica das Prácticas en Empresa de todos os estudantes realizou dúas enquisas, unha aos alumnos e outra aos titores na empresa (ver Criterio 1, 1.2 Prácticas externa, deste informe) coa finalidade de coñecer a valoración de ditas prácticas.

Dende o ano 2021 a valoración global do estudiantado supera os 4 puntos alcanzando no curso 2022/2023 os 4,13 (cunha participación do 17,24%) e no curso 2023/2024 os 4,05 (cunha participación do 50%).

No que se refire á satisfacción dos egresados coa titulación, non se dispón dos datos correspondentes aos cursos 2019/2020 e 2022/2023, sendo o grao de satisfacción xeral dos egresados (IN42M) ca titulación de 4,54 sobre 5 no curso 2023/2024.

A satisfacción do profesorado ca docencia impartida (IN47M) supera en todos os cursos os 4 sobre 5 puntos, en 2021/2022 situouse en 4,29 sobre 5, pasando a 4,64 no curso 2022/2023 e no curso 2023/2024 en 4,38 sobre 5.

En xeral, o profesorado síntese satisfeito ca titulación (4,00 sobre 5), situándose a valoración global, en todos os cursos, en torno a 4 sobre 5 puntos, tal como se pode ver na seguinte táboa de satisfacción do profesorado ca titulación (INF 23).

No INF 14 obsérvase que no cursos 2022/2023 e 2023/2024 a satisfacción do profesorado coa docencia impartida supera, en todos os ítems, os 4 sobre 5 puntos.

Para maior detalle, consultar o informe de resultados do título: [INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEE 23-24](#)

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 67 de 131

Máster Universitario en Economía

2.a. Cumprimento das guías docentes:

No que se refire á coordinación das Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web do Máster www.mastereconomia.gal ou, ben a través da páxina web das tres universidades participantes, estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o estudantado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

2.b. Procedementos de coordinación:

Os coordinadores do Máster realizan as tarefas de coordinación horizontal e vertical. Aínda que a coordinación do Máster nunca entrou ao nivel de contidos individuais das diferentes materias, si que é consciente de que algunhas materias teñen contidos parecidos, e poderían solaparse. Tal é o caso das materias que se imparten a un nivel básico no primeiro semestre, e logo a nivel avanzado no itinerario de Análise Económica. Así, no seu momento, a coordinación organizou reunións (virtuais) entre os docentes de diferente secuencias de Teoría Económica (Análise de Decisións e Microeconomía Avanzada, e tamén entre os docentes da secuencia avanzada de Conxuntura Económica e Macroeconomía). Nestas reunións identificáronse os coñecementos que precisaría adquirir o estudantado no primeiro semestre para seguir as materias do segundo semestre, e do cotexo de contidos determinouse que non existían duplicidades. Do resto das materias non se precisou de ningunha reunión, ao ter contidos diferentes.

No que se refire á coordinación dentro dun mesmo centro, existen coordinadores dos itinerarios en cada universidade (que tamén pertencen á Comisión Académica). Especialmente no segundo semestre, que é cando se imparten as materias dos itinerarios, os coordinadores dos Campus realizan reunións e consultas periódicas, solúciónanse problemas que xurdan.

2.c. Perfil de ingreso/egreso:

A evolución do perfil de estudantado que solicitou acceder ao Máster nas tres universidades participantes tense modificado ao longo das diferentes edicións e é con un reparto desigual nas distintas sedes. Mentres nas primeiras edicións o estudantado era preferentemente galego, recentemente licenciado e procedente das licenciaturas/Graos de Economía e ADE, nas últimas edicións o Máster presentan un elevado número de alumnos estranxeiros (particularmente de Latinoamérica).

A heteroxeneidade formativa previa do estudantado é unha riqueza para o estudantado e profesorado do Máster. Pero tamén o gran desafío debido a que as diferentes bagaxes académicas previas do estudantado, especialmente nas materias cuantitativas e de teoría económica, dificultan que os alumnos poidan seguir (e eventualmente superar) as materias do Máster. Ademais, estes alumnos poden lastrar e retrasar as dinámicas docentes, prexudicando aos alumnos que si posúen coñecementos xa asentados.

Esta heteroxeneidade ten levado á coordinación a implementar varias iniciativas para manter a calidade formativa do Máster, sempre dentro do marco da memoria do Máster. En primeiro lugar, para manter o interese aos alumnos con coñecementos asentados, principalmente economistas, decidiuse ofertar algunhas materias cos mesmos contidos pero a dous niveles: un nivel estándar básico e un nivel avanzado. Especificamente, dende o curso 2018/19 da materias Análise de Decisións e Mercados e dende o curso 2021/22 o de Conxuntura Económica, ofértase ao estudantado dúas secuencias (estándar e avanzada) onde os propios alumnos se auto seleccionan durante as dúas primeiras semanas de impartición (aínda que se recomende aos alumnos Economistas cursar a secuencia avanzada).

En segundo lugar, ofertar cursos transversais de nivelación. Por exemplo, dende o curso 2020/21 ao inicio do 1o semestre

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 68 de 131

impártese un “Curso Introductorio do software R” online para todos os alumnos do Máster, impartido pola profesora Alicia Pérez (Universidade Complutense de Madrid) en coordinación cos profesores de Estatística, e un “Curso Introductorio de Dynare” online para os alumnos de Conxuntura Económica (secuencia avanzada) en coordinación cos docentes de Conxuntura Económica e Macroeconomía Avanzada.

Outro reto para coordinación do Máster refírese ao estudantado profesional que traballa. As características da docencia do Máster (que pivota na plataforma de teledocencia Moovi, onde se centraliza o Campus Virtual de todas as materias do Máster; e o emprego de plataformas de videoconferencia que permite gravar as clases presenciais, e que facilita seguir de forma asíncrona as clases) permite atraer a alumnos profesionais, unha oferta formativa inexistente na Galiza. Esta estratexia de captación de estudantado foi inicialmente explorada pola coordinación da UVigo nun proxecto piloto amparado polo Vicerreitorado de Internacionalización da UVigo durante os cursos 2020/21 e 2021/22. A estes alumnos que traballan aconséllase que cursen o Máster a tempo parcial, para poder aproveitar ben o Máster. Para UVigo, que ten problemas para captar alumnos, os alumnos profesionais son unha proporción relevante do seu estudantado.

Finalmente, comentar un perfil particular de alumno “interesado” en matricularse no Máster: o estudantado estranxeiro que, despois de realizar a solicitude e pagar as taxas do Máster, logo nin participa nas clases, nin realiza os exames. En particular, é estudantado de orixe chinés e norteafricano (Marrocos e Arxelia). A sospeita é que estes alumnos empregan o Máster en Economía (como outros Másteres e Graos doutras universidades españolas) para obter un visado que lles permita residir no Espazo Schengen durante un período lectivo. Aínda que a CAM aprobou certos requisitos (por exemplo, requirir uns mínimos coñecementos de español), as normativas das universidades participantes no Máster non permite excluír a estes alumnos (por exemplo, a USC permite que calquera alumno se matricule no terceiro prazo de matrícula sen ningunha restricción de haberen prazas vacantes).

Neste grupo de estudantado, débese indicar o caso de suplantación de estudantado no curso 2022/23 por estudantes de orixe chinés matriculados na USC (1 alumno) e na UDC (3 alumnos). A coordinación do Máster redactou un informe pormenorizado que remitiu aos reitorados da USC e da UDC.

2.d. Resultados de aprendizaxe:

As competencias, resultados da aprendizaxe, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web do Máster www.mastereconomia.gal ou, ben a través da páxina web das tres universidades participantes (no caso da UVigo en https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=303&ensenyament=V03M177V01).

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil do egresado e corresponden-se co nivel do MECES do título. Analizando conxuntamente a Titulación pode concluírse que os resultados da aprendizaxe son acadados con certo grao de éxito, o que parece coincidir ca percepción do estudantado.

A *taxa de graduación* foi reducíndose ao longo das edicións. As *taxas de avaliación* (% de alumnos presentados), e *rendemento* (% de aprobados do total de alumnos, Indicador I011-DO) tamén se reduciron ao longo das edicións, aínda que a *taxa de éxito* (% de aprobados dos alumnos presentados) foi elevada. Aínda así, os resultados de consecución foron elevados. Podemos apuntar a dúas razóns. En primeiro lugar os alumnos que cursaron o Máster estaban moi motivados. En segundo lugar, o profesorado do Máster estivo moi comprometido co programa, tendo unha atención aos alumnos moi individualizada, cun grande seguimento e coñecemento da aprendizaxe por parte dos profesores do Máster.

A Universidade de Santiago de Compostela mostra unha recuperación na taxa de graduación no curso 2023/24 do 40 ao 50%, despois de que nos cursos (2021/22 (40%), 2022/23(38,46%)) se reducirá debido a que moitos alumnos non presentaron o TFM o comezar a traballar xusto ao remate das aulas. A taxa de éxito e a taxa de rendemento mantivéronse a nivel alto e só descendeu lixeiramente no curso 2022-2023. No curso 2023/24 na USC as taxas de avaliación (87,74%), rendemento (87,10%) e de éxito (99,26%) aumentaron respecto o curso anterior. A taxa de abandono foi moi alta no curso 2020-2021 (40%) e no curso 2023-24

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 69 de 131

(40%), debido a alumnos estranxeiros sobre todo de orixe chinés e do norte de Africa que se matriculan no máster para obter un visado e sen interese de finalizar os estudos.

2.e. Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese

Globalmente, tanto docentes como alumnos parecen satisfeitos con esta oferta de posgrao. Parece que a pesar dos atrancos de impartir docencia por videoconferencia dende tres campus e con sistemas de videoconferencia diferentes e de tele docencia, ambos novos para o estudantado, parece estabilizarse en un nivel alto o grao de satisfacción. Por unha banda, o profesorado está bastante familiarizado cas plataforma de videoconferencia e de tele docencia. Alén da complexidade técnica na impartición da docencia online, está o seguimento a alumnos de diferentes campus dun xeito non presencial, non podendo interactuar co estudantado como na docencia presencial. A pesar da caída da satisfacción no curso 2021/22, non se recibiron na coordinación nin queixas, nin críticas, polo que os problemas deberon ser puntuais, de aí a recuperación no curso 2022/23.

No caso da Universidade de Santiago de Compostela, o grado de satisfacción do estudantado foi en aumento desde un 3,87 no curso 2018/19 ata un máximo de 4,39 no curso 2023/24, pero nos últimos anos sempre con valores superiores a 4.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida mantense sempre en 4 ou valores superiores e o valor máis baixo corresponde o último curso académico.

O grado de satisfacción dos egresados vai en aumento aínda que non acada o 4 e quedase no curso 2021/22 en un valor de 3,55.

O grado de satisfacción coas prácticas curriculares e superior a 4 excepto no curso 2021/22 que é de 3,56.

No curso 2022/23 obtense o valor máis baixo do grao de satisfacción do profesorado debido en parte por os problemas ocasionados por un estudante chinés que non asiste a clase nin presencialmente nin telemáticamente, e nalgún exame producíronse problemas de suplantación de identidade. Todo isto leva a unha desafección do profesorado a este estudantado que nin sequera coñece e só pretende aprobar as materias de modo fraudulento. De todo isto informouse a USC a través do rexistro xeral, e concluíse coa apertura dun expediente e a correspondente sanción ao estudante.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudantado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do estudantado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do estudantado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudantado:

- 3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
- 3.2. Admisión do estudantado (acción de captación).
- 3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
- 3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
- 3.5. Mobilidade.
- 3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe).
- 3.7. Avaliación da aprendizaxe.
- 3.8. Prácticas externas.
- 3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- 3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- 3.11. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 70 de 131

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A continuación preséntase unha reflexión para cada un dos títulos impartidos no centro en relación coa directriz 3:

Grao en Administración e Dirección de Empresas:

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

O funcionamento xeral do grao réxese pola normativa que se pode consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudantado>

Máis concretamente, o acceso ao grao segue os requisitos de acceso establecidos en el capítulo II del [RD 534/2024](#)

En relación ao TFG, toda a normativa e documentación relacionada con esta materia (regulamento, guía docente, material de apoio...) pódese consultar polo estudantado no apartado corresponde ao Traballo de Fin de Grao nas webs dos centros ([Santiago](#))

No que se refire á mobilidade:

[Acordo do Consello de Goberno do 26-10-2012 polo que se aproba o Regulamento de intercambios de Estudiantes](#)

En relación co recoñecemento de estudos:

[Acordo do Consello de Goberno do 14-03-2008 polo que se aproba a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES](#)

No que se refire ás prácticas:

[Acordo do Consello de Goberno do 29-07-2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela](#)

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

Os criterios de admisión non se modificaron respecto aos que figuran na Memoria orixinal do Título. En canto as accións de captación desenvólvense no marco do programa de captación institucional que ten a USC.

No que se refire ás accións de captación relativas ao grao en ADE foron comentadas na directriz 1, na avaliación do OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos (Liña estratéxica 1).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

Non existen cursos de adaptación ou nivelación.

Con respecto aos **complementos formativos**, durante o 2023-24 o vicedecanato de relacións coas empresas e institucións seguiu a desenvolver, seguindo a liña de cursos anteriores, diversas actividades no marco da Aula Profesional ECOADE (xa comentadas previamente).

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 71 de 131

As accións dirixidas aos estudantes de grao encádranse no plan de acción tutorial (PAT), que se poden consultar nas web da Facultade e que se revisa anualmente na Comisión de Calidade.

[Plan de Acción Tutorial](#) | [Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais](#) | [Universidade de Santiago de Compostela](#)

En canto ao Plan de Acción Tutorial, entre as accións recollidas nel cómpre salientar:

- Cursos de competencias informacionais e dixitais, impartidos polo Servizo de Biblioteca da Facultade de Santiago.
- Cursos para a elaboración e presentación de traballos académicos, impartido polo Servizo de Normalización Lingüística.
- Para o segundo semestre programouse xunto coa Área de Orientación Laboral da USC, o módulo Módulo de orientación laboral para o fomento da empregabilidade.
- Sesións de presentación dos Traballos de Fin de Grao, na que se lle explican as ferramentas das que dispón para desenvolver con éxito esta materia.
- Sesións informativas de prácticas.
- Sesións informativa sobre programas intercambios (ERASMUS, SICUE e BILATERAL).
- Para facilitarlle ao estudantado que accede por primeira vez á universidade e as ensinanzas de grao, o centro organiza unha xornada de acollida e orientación. En dita xornada dáselle información relevante sobre a organización do centro, as organizacións de estudantes que os representan nos distintos órganos do Centro e da USC, ademais de explicarlles o funcionamento do centro, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance. Reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web do centro e xeral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A estas xornadas de acollida común para os estudantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo, dirixido ao estudantado do primeiro curso en sesións desenvolvidas no primeiro día de clase nos distintos grupos de alumnos existentes.
- O estudantado titor colabora na recollida de suxestións, información e opinións do estudantado de cara a coordinación dos diferentes cursos, así como nas xornadas de captación.
- Tamén se levan a cabo sesións de apoio tutorial durante as primeiras semanas do curso en cada un dos grupos expositivos nas que se explica os aspectos máis importantes da guía de estudantes do centro e infórmase das sesións informativas existentes sobre distintos temas ademais de anunciarse a programación da aula PROFESIONAL ECOADE.
- En cada cuatrimestre existe como mínimo unha reunión entre os delegados e subdelegados de cada grupo por curso cos coordinadores e o equipo decanal para valorar a marcha do cuatrimestre.
- Desenrólanse sesións informativas e de fomento da participación do estudantado na vida universitaria (delegados/as de grupos, asociacións de estudantes, órganos de representación estudantil).

Por outra banda, entre as actividades deseñadas pola USC e desenvolvidas para a orientación do estudantado que valoramos de especial interese está o programa de Titores, pertencente ao programa A Ponte da USC, que crea a figura de alumno/a-titor/a que é un estudante veterano que orienta e apoia ao novo estudantado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do estudantado. En relación a este aspecto, no campus de Lugo fíxose unha difusión do programa titores polas aulas, a través da páxina web, redes sociais e monitores de televisión da Facultade. Ademais, enviouse un e-mail aos coordinadores de curso de 3º e 4º para que difundisen o programa Titores entre o estudantado. Este curso presentáronse tres estudantes. Tamén se realizou unha ampla difusión do programa titores a través das aulas, comunicacións a través de correo electrónico ao estudantado, cartelería e pantallas do centro. Este curso o resultado foi satisfactorio xa que participaron sete alumnos/as en Santiago.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 72 de 131

Actividades extra académicas

Como sinalamos, as dúas Facultades ofrecen múltiples actividades, complementarias ás que oferta a USC, dirixidas a mellorar e incrementar as competencias do estudantado: conferencias, seminarios, actividades con asociacións de economistas e empresarios, acordos cos Colexios de Economistas de Santiago e Lugo, concursos de pintura, etc.

En Santiago, durante o curso 23/24 ofertáronse na Facultade diferentes cursos coa finalidade de complementar a formación do noso estudantado. Destacar o ciclo de conferencias APRENDENDO DAS EMPRESAS no que antigos alumnos e alumnas da Facultade con experiencia recoñecida en diferentes áreas da empresa viñeron a contar ó estudantado en que consistía o seu traballo, os coñecementos e ferramentas precisas para desempeñalo e tamén a carreira profesional que desenvolveron ata chegar alí. Remitimos ao punto específico na Memoria de calidade na que se recollen de forma detallada.

3.5. Mobilidade

Código	Nome	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	3,13	2,42	2,05	2,86	1,97
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0,97	0,84	0,75	1,10	1,53
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	8,19	1,26	2,91	5,39	5,7

No último curso, a mobilidade entrante para este curso afectou a 52 estudantes (9 Erasmus, 41 convenios con outras universidades e 2 Sicue). A porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09G-PC-05) sobre matriculados sitúase no curso 2023-24 no 1,53% (porcentaxe baixo e algo superior o de cursos precedentes); e a porcentaxe de estudantado estranxeiro (IN08G-PC-05) segue sendo baixa, 1,97. En canto a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) sitúase no 5,7%, con un lixeiro incremento respecto ao curso pasado.

A mobilidade saínte foron un total de 53 estudantes (42 Erasmus, 3 convenios con outras universidades, e 8 Sicue) (INF03). Por outra parte a porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) sitúase no 5,7%, unha lixeiramente superior ó curso pasado.

Finalmente, de forma xeral sinalamos a valoración xeral respecto a mobilidade en Santiago. Durante o curso 2023-24 houbo una lixeira recuperación nos estudantes entrantes e saíntes. Na área de mobilidade da facultade continuaron este curso coa iniciativa Welcome Day, unha sesión para recibir ao estudantado entrante na que se lles presentou a facultade e se lles deron orientacións xerais sobre horarios, grupos e cambios nos acordos de estudos. Ademais, púxose en contacto aos estudantes entrantes con alumnos e alumnas titores, que responderon ás súas inquietudes desde a súa perspectiva de estudantes da facultade.

No curso 2023-24 o grado de satisfacción do estudantado saínte (IN15G) foi de 3,66, superior ao curso anterior.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 73 de 131

No que se refire a adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, a Facultade réxese polo Protocolo de atención a persoas con discapacidade da Universidade de Santiago de Compostela, elaborado polo Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e dispoñible nesta ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/inclusion-participacion-social>

Este plan contempla os protocolos de integración para o estudantado con discapacidade visual, discapacidade auditiva, discapacidade física e persoas con enfermidades mentais. En cada un dos casos, o plan establece actuacións específicas de intervención e comunicación, recomendacións sobre a metodoloxía didáctica, os sistemas de avaliación e axudas técnicas específicas.

A atención á diversidade nas titulacións lévase a cabo conforme ás actuacións específicas recollidas neste Protocolo, e que están en consonancia co disposto no artigo 33 do capítulo III dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, que garante como dereito do estudantado a igualdade de oportunidades no acceso, continuidade e finalización dos estudos, así como a non discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía, discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social no exercicio dos seus dereitos académicos.

Todas as medidas establecidas polo SEPIU están destinadas a garantir a integración na Universidade en igualdade de condicións, de modo que, segundo as necesidades de cada estudante e en función da súa diversidade, a Universidade encargárase de ofrecer os apoios necesarios de carácter persoal ou técnico-material.

Ademais, o SEPIU ten en vigor un programa de apoio no que se poden inscribir as persoas con necesidades específicas de apoio educativo e cuxos obxectivos son: ofrecer asesoramento; garantir a plena accesibilidade aos diferentes centros, servizos e instalacións; facilitar a adquisición en igualdade de competencias e habilidades; sensibilizar á comunidade universitaria sobre a situación e as necesidades das persoas con diversidade funcional; e xestionar a participación das persoas que colaboren de forma voluntaria nas distintas actividades e proxectos.

O estudantado que participe neste programa recibirá, por unha banda, apoios personalizados prestados por profesionais especializados como asistentes persoais ou intérpretes de lingua de signos, e por outra, apoios técnicos como ordenadores adaptados, software específico ou equipos de frecuencia modulada.

O centro, de acordo co protocolo da Universidade, atende cada caso de forma individualizada, informando das medidas establecidas polo SEPIU e trasladando, se é o caso, as actuacións a realizar ao profesorado e ao persoal de administración e servizos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso en si mesmo como o resultado acadado. O rendemento do estudantado na materia cursada depende, entre outros factores, da combinación de dous elementos: o esforzo realizado e a capacidade do propio estudantado. O exame avalía o resultado acadado, pero non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. A forma en que se avalía condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na aprendizaxe mesma. A aprendizaxe a través dos créditos ECTS axústase a unha avaliación continuada que debe contribuír de forma decisiva a estimular o alumno/a a seguir o proceso e a implicarse máis na súa propia formación.

Por este motivo, na avaliación valorase o rendemento e os aprendizaxes adquiridos mediante unha combinación equilibrada entre actividades de avaliación formativa e avaliación final. A primeira debe valorar o esforzo e o progreso na aprendizaxe, e incentivar unha dedicación constante á materia ao longo do semestre. A segunda permitirá valorar os resultados da aprendizaxe.

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 74 de 131

permite a consecución das competencias.

3.8. Prácticas externas

En canto a porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G-PC-09), en xeral, vense incrementando nos últimos anos nos dous campus con pequenas variacións anuais.

O indicador repunta de xeito apreciable nos últimos anos, ata o 49, 59% no curso 22/23 o 44,07% e o 48,44% no curso 23/24. O número de estudantado do grao en ADE que fixeron prácticas no curso 23/24 foi de 88 (o ano pasado foran 76). A satisfacción dos estudantes coas prácticas é alta segundo do IN19G (4,39), similar a dos cursos previos.

O propio centro realiza unha enquisa de satisfacción coas prácticas externas para o grao en ADE. Na enquisa realizada polo propio centro, á que houbo unha porcentaxe de resposta do 100% (88 persoas), a satisfacción do estudantado coas prácticas organizadas pola Facultade é moi alta:

A valoración global é moi positiva, cun valor medio do 4,58 na satisfacción coas prácticas realizadas e cunha porcentaxe de alumnos do 92% se declara satisfeito coas prácticas (valores 4 e 5 na escala de acordo).

Elaborouse unha guía docente de prácticas en empresas e se avanzou na harmonización da documentación relativa ás prácticas nos diferentes títulos do centro. As guías docentes están colgadas na web da Facultade (a primeira é para as prácticas curriculares e a segunda para as extracurriculares:

<https://acortar.link/XSdpm0>

<https://acortar.link/Xr8uLS>

Respecto aos titores profesionais (IN20G), a satisfacción é de 4,54 no curso 2023-24. No INF07 tamén se recolle a satisfacción dos titores externos que en xeral, é moi elevada onde o 96% volverían a ofertar a praza de prácticas.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

O proceso de asignación, supervisión e avaliación desenvólvese de acordo ao establecido no PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, na guía docente e no regulamento do traballo de fin de grao en ADE:

<https://acortar.link/8Ygot9>

<https://acortar.link/uKu2wb>

O Servizo de Biblioteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, teñen diferentes guías formativas relativas ás competencias informacionais. Estes documentos están dispoñibles na aula virtual e na web do TFG. O estudantado foi invitado a participar nos cursos de formación en Competencias Informacionais organizado pola biblioteca. En concreto o nivel avanzado está dirixido á elaboración do Traballo de Fin de Grao.

Segue a ser unha materia cunha xestión complicada nun centro con tanto estudantado. As reformas na normativa pensamos axudaron a mellorar o proceso. No relativo a esta materia, a maioría dos alumnos presentan os traballos en formato póster, (a valoración máxima que pode outorgar o titor é de 7,5 puntos). Ademais, mantívose a Aula Virtual do TFG dirixida pola coordinadora do 4º curso do grao, na que se daba conta de aspectos relacionados cos TFG. Asemade, tamén se utilizou como instrumento para solucionar posibles dúbidas que tivera o estudantado matriculado nesta materia.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 75 de 131

Realízase difusión de TFGs excelentes polo Servizo de Biblioteca a través do repositorio institucional MINERVA.

No que se refire aos resultados, cómpre salientar que a taxa de éxito sitúase no 100% no último cursos académico.

Indicador	2019/20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de éxito TFG	98,40	98,62	100	98,33	100
Taxa de avaliación TFG	60,68	60,92	60,50	56,46	58,72
Taxa de rendemento TFG	59,61	60,08	60,50	56,46	58,72

A taxa de rendemento (créditos superados/matriculados) da materia TFG segue a ser baixa. O mesmo acontece coa taxa de avaliación (créditos presentados/matriculados). De novo, se esta materia non pode ser avaliada sen superar o resto, tampouco pode ser aprobada. Consideramos que as modificacións recollidas no regulamento dos TFG en Santiago de Compostela foi positiva, tanto para o estudantado como para os titores.

Aclarar que para poder presentar o TFG, é preciso ter superados todos os demais créditos da titulación. Ademais, no suposto de que o estudantado non reúna os requisitos para presentar o TFG por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria, o que pode incentivar a matricularse nela aínda que finalmente non chegue a examinarse.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A media por curso das taxas de rendemento, éxito e avaliación para o curso 2023-24 recóllese nas seguintes táboas:

Taxa de rendemento por curso:

CURSO	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	51,74	72,64	64,35	53,51	57,4	52,58
2º curso	65,91	77,42	62,56	63,83	65,8	74,94
3º curso	60,76	70,64	54,88	60,77	64,04	63,32
4º curso	82,44	86,91	83,07	82,68	85,4	83,85
Total (%)	62,55	75,79	65,14	63,03	66,28	66,28

Taxa de éxito por curso:

CURSO	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	62,69	79,06	72,34	63,09	65,18	58,84
2º curso	74,71	82,19	70,22	72,53	75,26	80,79
3º curso	68,60	75,19	64,72	69,84	72,23	70,79
4º curso	93,25	95,01	93,08	93,12	94,81	93,21
Total (%)	72,56	81,63	74,17	72,58	74,98	73,44

Taxa de avaliación por curso:

CURSO	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	82,53	91,88	88,95	84,81	88,07	89,37
2º curso	88,22	94,20	89,10	88,00	87,44	92,76
3º curso	88,57	93,95	84,79	87,02	88,66	89,46
4º curso	88,41	91,48	89,25	88,79	90,07	89,95

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 76 de 131

Total (%)	86,21	92,84	87,83	86,88	88,4	90,25
-----------	-------	-------	-------	-------	------	-------

A taxa media global de rendemento non sufre variación respecto ao curso anterior, aínda que hai unha caída significativa no 1º curso . A taxa de éxito diminuíu lixeiramente (63,66), fronte o 2022-23 (64,64), debido a caída da taxa de primeiro curso, que se reduce de forma importante. O incremento da taxa de abandono fai que estas taxas diminuíran de forma importante no primeiro curso. En canto a taxa de avaliación incrementouse ata o 90,25% (2022-23: 88,4%).

En relación as taxas medias de rendemento, éxito e avaliación, con respecto o curso 2023-24 fronte o 2022-23 pódese observar que se incrementaron para o global da titulación e tamén para os tres primeiros cursos do grao, reducíndose todas elas no cuarto curso. No que se refire as diferencias entre cursos, en xeral, a medida que o estudantado avanza de curso académico as taxas analizadas incrementáanse progresivamente ata chegar ao 4º curso no que se obteñen as taxas de rendemento e éxito máis elevadas do grao, rompéndose este curso ese comportamento coa taxa de avaliación que é inferior a dos dous previos. Isto é debido a que o estudantado cando chega a Universidade teñen que pasar por un período de adaptación aos novos sistemas de docencia que se imparten nas ensinanzas universitaria, o cal vese reflectido en que estas taxas teñen o valor máis baixo no primeiro curso. Por outra parte, a importante taxa de abandono fai que estas taxas sexan especialmente baixas no primeiro curso. Ademais, o estudantado que está en último curso probablemente teñen unha maior motivación e amosan un maior interese en aprobar as materias porque xa ven preto o obxectivo da graduación.

Así mesmo, analizáronse as taxas de rendemento e éxito por curso, por materia e por campus (na medida en que se trata dun título intercampus) de forma resumida para o curso 2023/24. Segue a haber un número significativo de materias nas que hai diferenzas significativas respecto a media do curso ou intercampus, en especial no primeiro curso. En termos xerais as diferencias intercampus existentes probablemente estean relacionadas con diferencias previas na nota media de acceso os estudos e en cuestións dificilmente corrixibles como o número de alumnos por grupo (sobre todo interactivo) que necesariamente afecta ós resultados das metodoloxías docentes.

Seguimos a traballar para reducir as desviacións entre cursos e sedes nas diferentes taxas de rendemento e éxito, para elo puxéronse en marcha accións de mellora en anos anteriores analizándose as diferencias significativas tanto por curso como entre as dúas sedes, dando traslado aos departamentos dos resultados das análises e propoñéndolles analizar as causas das diverxencias e, se se estimaba oportuno, propoñer accións de mellora que poidan reducilas.

Para maior detalle, consultar o informe de resultados do grao en ADE:

[INFORMES DE RESULTADOS F.CEEEE 23-24](#)

Grao en Economía

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

A normativa de referencia é a mesma que a comentada para o grao en ADE.

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

Os criterios de admisión non se modificaron respecto aos que figuran na Memoria orixinal do Título. En canto as accións de captación desenvólvense no marco do programa de captación institucional que ten a USC.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 77 de 131

No que se refire ás accións de captación relativas ao grao en Economía foron comentadas na directriz 1, na avaliación do OE 1.1. Incrementar o talento a través da atracción de estudantado con mellores expedientes académicos (Liña estratéxica 1).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

No 2023-24 púxose en marcha un “**Curso cero de matemáticas aplicadas para a titulación de Economía**” (AM7.1/23-24) co obxecto de reducir as posibles carencias formativas do estudantado nese eido e, tamén, coa meta de diminuír a taxa de abandono no primeiro curso que puidera ter como orixe ditas carencias.

Con respecto aos **complementos formativos**, durante o 2023-24 o vicedecanato de relacións coas empresas e institucións seguiu a desenvolver, seguindo a liña de cursos anteriores, diversas actividades no marco da Aula Profesional ECOADE (xa comentadas previamente).

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

Dado que as actividades do PAT e de orientación profesional organízanse conxuntamente no centro para os Graos de Economía e ADE, neste apartado aplica o descrito para o grao de ADE.

3.5. Mobilidade

Indicador	Nome	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN18G	Estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (%)	1,00	2,85	2,06	2,09
IN15G	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (1-5)	4,51	4,50	3,25	3,8
IN16C (centro)	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (1-5)	4,20	3,00	4,06	----

O estudantado recibido por programas de **mobildade** (IN18G) supuxo o 2,09% sobre o total de matriculados, porcentaxe moi similar á do curso anterior.

Dos 22 alumnos/as saíntes no 23-24 (INF.03), 13 eran ERASMUS, con destino sobre todo a Polonia (8), e 9 eran SICUE. Nos datos de mobilidade entrante, no INF.03 figuran 11: 8 ERASMUS, todos de Italia, 2 SICUE e un convenio con outras universidades. Tanto o número de estudantes saíntes como o de estudantes entrantes mantense nas cifras do curso anterior (23 e 11 respectivamente o curso anterior).

En canto á satisfacción cos programas de mobilidade, os estudantes saíntes valoran globalmente moi ben a experiencia cun 4,5 (INF.04), algo por riba do 4,45 da media da USC. Esa valoración global da experiencia non coincide coa valoración que se obtén como media de todos os ítem que é un 3,8 (IN15G). As valoracións de todos os ítem foron, en xeral, boas, excepto as relativas á información dispoñible na web da universidade escollida (2,83) e á suficiencia da bolsa recibida (3,00). A taxa de resposta foi do 27,27% (6 enquisas cubertas). En canto á mobilidade entrante, o informe de satisfacción (INF.05) presenta os resultados para toda a Facultade, e só un dos que responde di ter cursado Economía, polo que non podemos extraer conclusións específicas para a nosa titulación. Non dispoñemos este curso do dato de satisfacción do estudantado entrante (IN16C).

A porcentaxe de profesorado do título que participou en programas de mobilidade (INF.I10) no curso 2023-24 foi o 10,13%, o que supón un incremento con respecto ao curso anterior (5,19%).

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 78 de 131

Dado que os actuacións do centro relacionadas coa mobilidade, como a acollida, organízanse conxuntamente para Economía e ADE, remitimos ao punto correspondente da Memoria de Calidade do centro para unha referencia máis polo miúdo ás mesmas.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No que se refire a adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, aplícase o xa comentado para o grao en ADE.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso en si mesmo como o resultado acadado. O rendemento do estudantado na materia cursada depende, entre outros factores, da combinación de dous elementos: o esforzo realizado e a capacidade do propio estudantado. O exame avalía o resultado acadado, pero non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. A forma en que se avalía condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na aprendizaxe mesma. A aprendizaxe a través dos créditos ECTS axústase a unha avaliación continuada que debe contribuír de forma decisiva a estimular o alumno/a a seguir o proceso e a implicarse máis na súa propia formación.

Por este motivo, na avaliación valorase o rendemento e os aprendizaxes adquiridos mediante unha combinación equilibrada entre actividades de avaliación formativa e avaliación final. A primeira debe valorar o esforzo e o progreso na aprendizaxe, e incentivar unha dedicación constante á materia ao longo do semestre. A segunda permitirá valorar os resultados da aprendizaxe.

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

3.8. Prácticas externas

A continuación, preséntanse os principais indicadores relativos ás prácticas externas:

Indicador	Nome	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN22G	Estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (%)	28,28	37,11	42,65	66,25
IN19G	Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5)	4,00	5,00	4,38	4,43
IN20G	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (1-5)	4,00	4,67	4,61	4,11

A porcentaxe de estudantes egresados que realizou prácticas en empresas ou institucións ao longo dos seus estudos (IN22G) experimentou un incremento moi destacable no curso 2023-24 con respecto á do curso anterior, situándose no 66,25%, sendo esta a porcentaxe máis elevada da serie observada.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 79 de 131

Os axentes implicados nas prácticas externas que responderon á enquisa da USC no 2023-24 (titores externos e estudantes) amosaron unha satisfacción moi alta coa experiencia. A satisfacción dos titores profesionais (IN20G) foi un 4,11 sobre 5 e a dos estudantes (IN19G) dun 4,43 sobre 5.

Como cabía esperar pola puntuación do IN19G, as valoracións que da o estudantado que fixo as prácticas en todos os ítem da enquisa da USC son moi elevadas (INF.06). En canto aos resultados máis específicos das enquisas de satisfacción dos titores profesionais (INF.07) comentámoslos no criterio 6, no punto “Valoración das competencias dos alumnos polos **titores profesionais** das prácticas externas”.

O número de alumnos/as do grao en ECONOMÍA que fixeron prácticas externas no curso 2023-24 foi de 47.

Na enquisa realizada polo propio centro, á que houbo unha porcentaxe de resposta do 100% (47 persoas), a satisfacción do estudantado coas prácticas organizadas pola Facultade **é moi alta**:

- A valoración global é moi positiva, cun valor medio do 4,66 na satisfacción coas prácticas realizadas e cunha porcentaxe de estudantes moi alta (95,7%) que se declara satisfeito coas prácticas (valores 4 e 5 sobre 5).
- Esta valoración positiva repítese na maioría dos ítems con lixeiras diferenzas. Os ítems con valoración máis alta son os referidos á atención recibida por parte dos titores profesionais e do persoal da empresa (4,87), ás instalacións e medios materiais da empresa/organización (4,72), e a se as prácticas lle resultaron útiles e foron un bo complemento para a formación do estudantado (4,70). O ítem con valoración máis baixa é a duración das prácticas (3,89), o único que baixa do 4), que o estudantado considera curtas.

Tendo en conta o exposto, consideramos que o programa de prácticas amosa unha evolución positiva e moi satisfactoria no Grao en Economía para o alumando das prácticas e os titores profesionais.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

O proceso de asignación, supervisión e avaliación desenvólvese de acordo ao establecido no PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, na guía docente e no regulamento do traballo de fin de grao en Economía:

<https://acortar.link/8Ygot9>

<https://acortar.link/26wiWq>

No curso 2023-24, e en virtude da **AM6.1/23-24**, modifícase a guía docente para incrementar o peso na cualificación da exposición oral. A razón desta medida é atender ao risco do uso da intelixencia artificial na elaboración dos TFG. Dar máis espazo á exposición oral na cualificación persegue ofrecer máis garantías de que o estudantado coñece o tema que está a defender.

Tamén no curso 2023-24, aplícase unha acción de mellora (**AM5.1/23-24**) para informatizar o procedemento de solicitude dos TFG que desexen optar aos premios convocados pola Facultade.

Recollemos a continuación, nas dúas táboas seguintes, os resultados na materia TFG (INF. 15; INF. 17; INF.18; INF. 19):

	TFG 20-21	TFG 21-22	TFG 22-23	TFG 23-24
Taxa de éxito (%)	99	100	98,55	100
Taxa de rendemento (%)	66,44	65,99	60,71	62,50
Taxa de avaliación (%)	67,11	65,99	61,61	62,50

Podemos subliñar que a **taxa de éxito** (superados/presentados) foi do 100%. Debe sinalarse que a **taxa de**

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 80 de 131

rendemento (superados/matriculados) é do 62,50%, cifra explicable xa que se esixe ter todas as restantes materias aprobadas para poder defender o traballo e, cando se matriculan a comezos do curso, non saben se cumpriran co requisito. A porcentaxe de alumnos/as que renunciaron é lixeiramente máis baixa que a do curso anterior.

O vicedecanato de calidade realizou unha enquisa sobre o TFG ao estudantado que o lera en xuño e setembro do 2024. As valoracións obtidas sobre a información recibida, os procedementos de asignación, a orientación prestada polos titores/as, a adecuación dos coñecementos obtidos durante a titulación e as competencias que permitiu desenvolver o **TFG foron elevadas**. A participación nesta enquisa foi do 52,5%.

No que se refire á satisfacción coa materia TFG, o dato é elevado (4,05 sobre 5, segundo a enquisa do propio centro), cumpríndose así unha das metas a acadar nos obxectivos estratéxicos. Por outra banda, no plan de estudos sinálase que a avaliación das competencias asociadas ao título lévase a cabo mediante a valoración do TFG presentado por cada alumno/a. Tendo isto en conta, as cualificacións obtidas no mesmo amosan que o estudantado acadou nun grado elevado ditas competencias (taxa de éxito na materia TFG 100% e, dos presentados, o 92,5% acada a cualificación de notable ou superior).

Ao avaliar estes resultados, compre ter en conta que o estudantado que está en cuarto curso en 2023-24 é o que comezou a carreira no 2020-2021, o curso seguinte ao do confinamento pola pandemia e no que os protocolos ante o COVID foron moi estritos.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación preséntanse as taxas de rendemento, éxito e avaliación por curso para o grao en Economía.

Taxa de rendemento (IN34G)

Taxa de rendemento = Nº de créditos superados/Nº de créditos matriculados

IN34G-Taxa de rendemento	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	47,58	57,99	45,35	41,37	47,77	53,94
2º curso	66,83	78,12	64,38	65,59	63,05	63,65
3º curso	79,11	89,27	83,21	70,39	76,49	78,77
4º curso	83,85	89,30	86,73	86,60	82,36	85,42
Sen asignación a curso	88,32	82,77	75,55	85,42	84,4	87,5
Total (%)	65,87	75,26	65,66	60,37	63,14	67,24
Media USC	79,49	88,71	80,97	70,09	80,29	81,65

Como se aprecia na táboa anterior, a taxa de rendemento total (67,24%) aumenta con respecto á do curso anterior. Segue a estar moi por baixo da media da USC (81,65%).

Taxa de rendemento por curso

Como cabía esperar, dada a taxa de abandono no primeiro curso, a taxa de rendemento increméntase a medida que se vai avanzando na titulación, acadándose un 85,42% en cuarto curso. Aínda así, a taxa que se observa en primeiro é a máis alta de toda a serie, exceptuando a do curso 2019-20 (curso do confinamento polo COVID).

Taxa de éxito (IN35G)

Taxa de éxito = Nº de créditos superados/Nº de créditos presentados

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 81 de 131

IN35G-Taxa de éxito	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	60,17	66,85	53,41	52,06	58,63	65,48
2º curso	75,59	83,89	73,81	76,03	71,22	68,68
3º curso	86,91	94,45	87,42	76,16	83,54	83,85
4º curso	95,25	96,29	93,90	95,33	92,37	94,24
Sen asignación a curso	94,50	99,03	100,00	97,62	100	98,72
Total (%)	76,84	82,77	73,96	70,69	72,98	75,69
Media USC	87,78	94,17	87,92	87,21	87,67	88,09

Como se observa na táboa anterior, a taxa de éxito (total) sitúase no 75,69% no 2023-24, e aumenta con respecto á do curso anterior (72,98%). Segue a estar por baixo da media da USC (88,09%).

Taxa de éxito por curso

A mesma dinámica que na taxa de rendemento se observa na taxa de éxito, que vai mellorando a medida que se avanza na titulación, superando sempre no cuarto curso o 90%, sendo o 94,24% en 2023-24. Chama a atención o aumento na taxa de éxito no primeiro curso.

Taxa de avaliación (IN36G)

Taxa de avaliación = Nº de créditos presentados/Nº de créditos matriculados

IN36G-Taxa de avaliación	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
1º curso	79,07	86,75	84,91	79,47	81,48	82,37
2º curso	88,42	93,13	87,22	86,27	88,52	92,68
3º curso	91,03	94,51	95,19	92,42	91,55	93,93
4º curso	88,03	92,74	92,37	90,84	89,16	90,64
Sen asignación a curso	93,46	83,58	75,55	87,5	84,4	88,64
Total (%)	85,72	90,92	88,78	85,40	86,52	88,83
Media USC	90,55	94,21	92,09	90,68	91,58	92,69

A taxa de avaliación (total) é o 88,83%, sube con respecto á do curso anterior. Segue a amosar que a meirande parte do estudiantado matriculado preséntase ás avaliacións. Non obstante, segue a estar por baixo da media da USC (88,83%).

Taxa de avaliación por curso

Como nas taxas anteriores, tamén a taxa de avaliación mellora nos cursos superiores da titulación con respecto á de primeiro.

Análise das taxas de resultados por materias.

Como ven sendo habitual, as taxas de rendemento máis baixas obsérvanse en primeiro e segundo curso. Este patrón ven sendo habitual no noso grao en Economía, e resulta coherente, en liñas xerais, coas taxas de abandono do

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 82 de 131

primeiro curso.

Con respecto ao primeiro curso, obsérvase unha mellora nas taxas de rendemento (INF.18). No 2023-24, non se supera o 50% só en tres materias: Dereito mercantil I (19,37%), Matemáticas para Economistas II (38,22%) e Historia Económica Mundial (49,03%). Nestes tres casos as taxas de éxito foron 32,35%, 47,51%, 66,09%, respectivamente, e as taxas de avaliación 59,86%, 80,44% e 74,19%.

En canto ás materias de segundo curso, só dúas materias teñen taxas de rendemento inferiores ao 50%: Modelos Matemáticos para a Economía (37,91%) e Microeconomía II (47,69%). Nestes dous casos as taxas de éxito foron 41,73% e 51,10%, respectivamente, e as taxas de avaliación 90,85% e 93,33%.

Tendo en conta que as taxas de rendemento máis baixas nos cursos anteriores correspondíanse en gran medida con materias do departamento de Economía Cuantitativa, púxose en marcha no 2023-24 un **“Curso cero de matemáticas aplicadas para a titulación de Economía” (AM 7.1/23-24)** co obxecto de reducir as posibles carencias formativas do estudiantado nese eido e, tamén, coa meta de diminuír a taxa de abandono no primeiro curso que puidera ter como orixe ditas carencias. Obsérvase no 2023-24 unha clara mellora na taxa de rendemento da materia Matemáticas para Economistas I que pasa do 37% ao 55,19% e unha certa mellora na taxa de rendemento das Matemáticas para Economistas II (do 32,75% ao 38,22%)

Seguindo coa aplicación da acción de mellora AM-8/19-20, envíanse aos departamentos os informes sobre a evolución dos indicadores de resultados das materias do Grao, para que se fagan as reflexións pertinentes.

Máster en Desenvolvemento Económico e Innovación

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudiantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Ao marxe da normativa xeral (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudiantado>), a continuación detállase a normativa específica do mestrado:

Regulamento TFG/TFM da USC:

<https://acortar.link/pn0gXn>

Regulamento de traballo fin de máster DEIN:

<https://acortar.link/cf3iZh>

3.2. Admisión do estudiantado (acción de captación)

Con respecto ao acceso e admisión, ademais da realización das actividades previstas na memoria, contéplanse máis aspectos, que supoñen unha importante dedicación por parte da coordinación do máster. A experiencia dende a implantación desta titulación amosa que a atención requirida polo estudiantado é moi alta ao longo de todo o proceso (dende o momento previo á matriculación ata o seguimento durante o curso e posteriormente para ter en conta a opinión dos egresados e coñecer a súa inserción laboral). Para este curso 2023-2024, participouse nas iniciativas que se levaron a cabo tanto dende a vicerreitoría de titulacións como dende o propio centro, esencialmente actividades de promoción de carácter virtual.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 83 de 131

A información previa á matrícula é ofrecida institucionalmente pola propia Universidade de Santiago de Compostela. A coordinación ofrece información personalizada demandada por correo electrónico, teléfono ou encontros presenciais con calquera persoa interesada na titulación.

Tamén hai que sinalar que o máster conta coa colaboración do persoal de apoio do grupo de investigación vinculado a este título, para a colaboración nas tarefas de administración e organización e, en particular, de atención ao estudiantado.

Ademais de manter todas as accións de difusión aplicadas nos últimos cursos (como información a través do centro, participación nas xornadas informativas sobre másteres que organiza a Facultade e a Universidade, correo personalizado ás persoas graduadas nas titulacións de acceso, potenciais interesados, entradas no blog de egresados, ...), utilízanse habitualmente as redes sociais. Así, o máster está presente nas redes sociais Facebook, LinkedIn e Twitter, e conta cun blog. Igualmente, dispón dunha conta de correo electrónico propio para información e consultas.

O sistema de selección e admisión do estudiantado nos másteres oficiais realízase de forma centralizada, seguindo os criterios establecidos pola USC e a prelación de titulacións establecidas na memoria verificada (prioridade para titulados de Economía e ADE, despois titulados doutras ciencias sociais e xurídicas e finalmente as demais titulacións). No caso do Máster DEIN, neste curso, ao implementarse a terceira edición, pasouse de criterios xerais a criterios específicos, polo que é a Comisión Académica quen aplica os criterios específicos de CV, o que permite definir un perfil máis adecuado do estudiantado. No caso de que a matrícula sexa superior ás prazas ofertadas, para a adxudicación de prazas téñense en conta as cotas de reserva, as prelacións segundo as titulacións de orixe e o expediente académico.

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

O título conta con tres materias de nivelación (Introdución á Economía, Introdución á Empresa e Finanzas e Introdución á Econometría), que deben cursar todas as persoas matriculadas que non sexan tituladas en Economía ou Administración e Dirección de Empresas e que non teñan coñecementos previos sobre esas áreas. Non se teñen detectado dificultades especiais por parte dos estudantes procedentes de titulacións que non sexan Economía e Administración e Dirección de Empresas. Pola contra, ese perfil variado é un aspecto valorado moi positivamente polos distintos grupos implicados na titulación.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

O proceso de acollida do Máster DEIN comeza antes da propia admisión. O correo electrónico así como o teléfono e as redes sociais reciben numerosas consultas de posibles persoas candidatas que solicitan información ou resolución de dúbidas. Son realmente numerosas, sobre todo de estudantes internacionais e, de xeito moi especial, ao longo de todo o período de matrícula anticipada, durante o curso 2022-2023 recibíronse aproximadamente 30 consultas para o curso 2023-2024, das cales máis do 80% proviñan de persoas candidatas de fora do espazo europeo de educación superior. A coordinación do Máster encárgase de resolver estas dúbidas ou derivalas ao servizo da USC competentes para facelo. Unha vez pasada a fase de admisión, realízase un primeiro contacto co estudiantado a través do correo electrónico onde se lles dá a primeira benvida informándolles das formas de comunicación coa coordinación do Máster, así como dos horarios e do calendario académico. Igualmente, neste correo, convócaselles para unha primeira sesión presencial de benvida o primeiro día de curso. Nesta sesión de benvida, participan, conxuntamente co coordinador do título, o profesorado parte da Comisión Académica. Esta sesión é a primeira toma de contacto, onde se lles explica o funcionamento do Máster, organización docente, recursos, horarios, prácticas, deixando tamén tempo para algunha dinámica participativa na que se dea a coñecer tanto o profesorado como o

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 84 de 131

estudantado como primeira toma de contacto. Estas fases descritas neste apartado está recollidas igualmente no plan de acción tutorial do Máster DEIN.

Pode atoparse maior detalle no Plan de Acción Tutorial do máster: <https://acortar.link/tTnt74>

3.5. Mobilidade

Con respecto á mobilidade entrante, debe indicarse que no curso 2023-2024 recibíuse un estudante de intercambio. Aínda que o máster participa no programa Erasmus, tendo asinado convenios con distintas Universidades de Italia, Portugal ou Francia, non se envían alumnos de mobilidade. Este feito explícase polas dificultades de realizar a mobilidade Erasmus para un máster de carácter anual, dado que as datas de solicitude e estancia non coinciden cos tempos do propio Máster.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No caso da adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, apícase o xa comentado para o caso dos graos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Os obxectivos e competencias que se recollen na memoria do título verificada no ano 2022 son axeitados ao contexto actual e conformes ao establecido no Real Decreto 1393/2007 que regula a ordenación das ensinanza universitarias oficiais. O obxectivo fundamental do máster é proporcionar aos participantes unha formación avanzada, de carácter especializado e multidisciplinar, orientada á especialización académico-profesional ou investigadora nos ámbitos do sustentabilidade e da economía circular e da análise e xestión da I+D e a innovación.

Dous elementos contribúen a acadar uns resultados de aprendizaxe satisfactorios. O primeiro é o deseño do plan de estudos, porque aínda que está conformado por un número elevado de materias de 3 créditos ECTS, están claramente relacionadas e vinculadas. O segundo elemento é que as competencias establecidas na memoria son traballadas e avaliadas en distintas materias, para tratar de garantir a súa adquisición polos titulados. O deseño das actividades interactivas contribúe á adquisición das competencias polos egresados. As reunións celebradas entre o profesorado do máster para coordinar a programación docente tamén abordan as competencias. A realización das prácticas e a elaboración e defensa do Traballo Fin de Máster permiten avaliar dun xeito integral a adquisición das competencias previstas.

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

3.8. Prácticas externas

En relación coas prácticas, para a súa realización é necesario ter asinado un convenio coa entidade, seguindo o modelo establecido pola USC. Antes de que finalice o primeiro cuatrimestre, habitualmente no mes de decembro, ofértanse as entidades coas que hai convenio vixente para que o estudantado exprese as súas preferencias. Varias entidades ofertan máis dunha praza anualmente. Unha vez asignada a entidade para realizar as prácticas seguindo a Normativa da USC e o procedemento establecido pola Comisión Académica do Máster, cada estudante conta cun

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 85 de 131

titor/a académico e un titor/a profesional, para realizar o seguimento e avaliación das prácticas.

Todos os cursos amplíanse as entidades con convenios para a realización de prácticas. En xeral, mantéñense vixentes os convenios coas entidades, excepto que esa entidade non continúe a súa actividade. No curso 2023-2024, todo o estudiantado realizou prácticas, debido a que na terceira edición do Máster que comezou neste curso as prácticas son obrigatorias para as dúas orientacións. Debe sinalarse que o estudiantado tende a seleccionar entidades localizadas en Santiago de Compostela ou no seu entorno, debido á proximidade, aínda que tamén poderían ser de moito interese outras empresas ou institucións.

A entidade na que se realizan prácticas asígnase tendo en conta a preferencia dos estudantes e a dispoñibilidade das entidades para recibir máis dunha persoa cando hai colisión. Na medida do posible inténtase que a actividade realizada en prácticas estea relacionada co seu traballo fin de máster. As instalacións desas entidades son axeitadas para a correcta adquisición das competencias vinculadas á materia prácticas.

Dende o curso 2016-2017 o máster organiza máis actividades complementarias, como seminarios de emprendemento en empresas de base tecnolóxica, centros de I+D ou tecnolóxicos, ou parques científico-tecnolóxicos e empresariais. Eses seminarios foron posibles polo financiamento de GAIN e as axudas ás prácticas de campo convocadas pola USC nas materias que inclúen as prácticas de campo na súa programación docente.

O indicador IN19M mide a satisfacción dos/as estudantes co programa de prácticas externas para o curso 2022-2023, é de 3,78 sobre 5, o que é un valor considerablemente alto.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

O proceso de asignación, supervisión e avaliación do TFM está recollido no Regulamento de Traballo Fin de Máster <https://acortar.link/cf3iZh>

O proceso de asignación do TFM comeza a finais do primeiro semestre, cando se publica a convocatoria de solicitude de tema de TFM. Adiantouse a asignación de tema e titor de TFM; os temas son suxeridos polo profesorado; e recomendouse que na medida do posible o estudiantado orientara as prácticas e as tarefas que deben realizar nas distintas materias a temáticas claramente relacionadas co seu Traballo Fin de Máster. A taxa de graduación foi do 62.5 algo inferior ao curso anterior que foi do 77,78.

É importante tamén destacar que hai estudiantado a tempo parcial e/ou que compatibiliza estes estudos co traballo, polo que a elaboración do TFM en prazo supón un maior esforzo. Hai que recoñecer que máis aló das actuacións realizadas, a Comisión Académica do máster ten unha limitada capacidade de actuación neste ámbito. Á hora de elaborar un traballo fin de máster, hai un traballo autónomo que lle corresponde ao estudiantado, máis aló do papel de titorización e apoio no proceso por parte do profesorado que dirixe os traballos e do equipo organizador do título. Dende a organización do máster insistiuse na importancia de que defendan o TFM no curso de inicio no máster, para o que se debería comezar a realizar o TFM como moi tarde ao inicio do segundo cuadrimestre.

Destácase tamén o tempo medio de realización de estudos, que se reduciu ate o 1,21 inferior ao 1,50 de media da USC o que reitera o positivo da medida de adiantar a asignación dos TFM.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 86 de 131

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación, preséntase un resumo dos principais resultados de aprendizaxe das materias do título para o curso 23-24:

Materia	Taxa de rendemento(%)	Taxa de avaliación (%)	Taxa de Éxito (%)
Modelos de acumulación e cambio estrutural	100	100	100
Economía da innovación	100	100	100
Sistemas nacionais e rexionais de innovación	100	100	100
Planificación Estratéxica e Deseño de Programas e Proxectos	95,45	95,45	100
Economía Ecolóxica e Sustentabilidade	100	100	100
Comercio, Innovación e Sustentabilidade	100	100	100
Políticas ambientais e innovadoras	100	100	100
Medición e Indicadores de Sustentabilidade e Innovación	100	100	100
Prácticas Externas orientación profesional	100	100	100
Prácticas Externas orientación investigadora	100	100	100
Traballo Fin de Máster Orientación Profesional	65	65	100
Traballo Fin de Máster Orientación Investigadora	71,43	71,43	100
Economía das Políticas Científicas e de Innovación	100	100	100
Políticas e Programas de Apoio á I+D e á innovación	100	100	100
Fronteiras das Ciencias e das Tecnoloxías	100	100	100
Deseño, Avaliación e Xestión de Proxectos de Investigación	100	100	100
Propiedade industrial e intelectual: Economía e Dereito	100	100	100
Dirección Estratéxica da innovación	100	100	100

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24		
	Páxina 87 de 131		

Implantación de Sistemas de Xestión da innovación	100	100	100
Creación de Empresas de base tecnolóxica	85,71	85,71	100
Recursos e desenvolvemento sostible	100	100	100
Estrutura sectorial e territorial da economía galega	100	100	100
Introdución á Economía	100	100	100
Introdución á Empresa e Finanzas	100	100	100
Introdución á Econometría	100	100	100
Políticas para a Economía Circular: Fiscalidade e Financiación	90	90	100
Desenvolvemento urbano e sustentabilidade	100	100	100
Economía Circular	100	100	100
Ferramentas para a avaliación da economía circular	100	100	100
Avaliación e financiación de proxectos de investimento	94,12	94,12	100
Metodoloxía e técnicas de investigación aplicada en desenvolvemento, sustentabilidade e innovación	100	100	100
Pautas sectoriais e orientación da innovación	100	100	100
Modelos de negocio circulares es sustentables	100	100	100
Desenvolvemento rural e sustentabilidade	100	100	100
Sustentabilidade, desenvolvemento social e desigualdade	100	100	100

Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Aplicase a normativa xeral (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudiantado>)

Regulamento TFG/TFM da USC:

<https://acortar.link/pn0gXn>

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 88 de 131

Regulamento de TFM do Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas:

<https://acortar.link/OcmrEe>

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

O sistema de admisión do estudantado no máster realízase de acordo ao establecido na memoria do título, que establece que se seguirán os criterios e procedementos establecidos no Regulamento de Posgrao Oficial da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. A Normativa Académica da USC relativa á admisión dos estudantes faise pública previa anualmente previa aprobación do Consello de Goberno da Universidade. Este proceso, así como os criterios, etc. publícanse na web corporativa.

Dado que o estudantado estranxeiro ten unha presenza importante no máster, é relevante o proceso de admisión para os estudantes con este perfil. Neste caso, a memoria do título establece que poderán acceder ao máster as persoas tituladas conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinos de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os ensinos de máster.

A coordinación do mestrado recibe por email durante todo o curso numerosas solicitudes de información de estudantado interesado en realizar o mestrado, destacando as solicitudes de estudantado estranxeiro. Faise un esforzo importante por responder a estes emails con celeridade e proporciónase apoio sobre a aplicación e procedemento de matrícula a todo o estudantado que o solicita. A implicación da coordinación do mestrado é considerada relevante para facilitar a matrícula, sobre todo, do estudantado estranxeiro.

Cando o permiten os recursos dispoñibles, o mestrado publicítase en xornais dixitais. Elíxese para ilo o período de matrícula. Até 2020 publicáronse dous anuncios por curso no diario *La Voz de Galicia* e este último ano un único anuncio no diario *La Opinión*. Nos cursos 2020-21 e 2021-22 non se dispuxo de financiamento para realizar publicidade. No curso 2021-22 recibíronse 10.200 € da Axencia Galega de Turismo, en concepto de patrocinio dos anos Xacobeos 21 e 22 en toda a documentación do mestrado. Este importe foi investido integramente na xestión das redes sociais. O mesmo fin tiveron os 1.200€ asignados pola USC ás actividades do Máster no ano 2023.

No curso 2022-2023 desenvolveuse, en colaboración co Servizo de Captación Internacional da USC, unha actividade conxunta con outros mestrados e consistente na gravación de vídeos informativos protagonizados polas coordinadoras e coordinadores para seren presentados nun Webminar en directo.

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

Dende o curso 2019-20 establécese un módulo preparatorio de complementos de formación que consta de dúas materias de dous créditos cada unha: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas. Fundamentos de Finanzas debe ser cursada por todo o estudantado que non realízase un mínimo de 2 créditos en materias sobre finanzas en titulacións universitarias. Fundamentos de contabilidade deberá ser cursada por todo o estudantado que non realízase un mínimo de 2 créditos en materias sobre contabilidade en titulacións universitarias.

A superación das materias que conforman o módulo preparatorio é un requisito obrigatorio para obter o título para os alumnos/as que deban cursalo.

Durante o proceso de matrícula, a coordinación do máster revisa que os alumnos/as que deben cursar o módulo

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 89 de 131

preparatorio o fan e insta a modificar a matrícula a aquelas persoas que deben facelo e non o fan.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

Orientación académica

Aproximadamente unha semana antes do inicio do curso, a coordinación do mestrado organiza unha sesión de acollida para os estudantes. A sesión de acollida está especialmente recomendada para os alumnos estranxeiros, pero é aberta a todo o estudantado do mestrado. Conta dunha parte desenvolvida na aula e dunha visita polo centro, se as condicións sanitarias o permiten. Na sesión desenvolvida na aula, trátanse as seguintes cuestións:

- Estrutura do plan de estudos e cuestión básicas do seu funcionamento.
- Información básica sobre a web da USC e o seu funcionamento.
- Información básica sobre o Campus Virtual.
- Información básica sobre a Secretaría Virtual.
- Lugares da USC onde se realizan algunhas xestións relevantes para o estudantado.
- Coméntanse os horarios da materia.

Na visita ao centro, amósanse as aulas nas que impartirá o centro e os lugares comúns de utilidade para o estudantado (Biblioteca, aulas de informática, conserxería...).

Posteriormente á sesión de acollida, na presentación do mestrado, se revisan as cuestións máis relevantes expostas na sesión de acollida. O material entregado ao estudantado inclúe copia dos horarios de clase e das datas de exames de todas as materias.

Pode atoparse maior detalle no Plan de Acción Tutorial do máster: <https://acortar.link/QHffMk>

Orientación profesional

O estudantado do máster foi informado polo Coordinador a unha serie de actividades complementarias prácticas (cursos, talleres...) desenvolvidas na Facultade de CC Económicas e Empresariais ou noutros centros da USC e orientadas á adquisición de competencias transversais de interese para os futuros egresados:

As actividades do curso 2023/2024 foron:

- Programa de conferencias “Aprendendo das Empresas”, organizado polo Decanato da Facultade en colaboración coa Cátedra de Empresa Familiar. O curso 2023-24 incluiu as seguintes conferencias:
 - “A Xestión de datos e elaboración de estatísticas como saída profesional: o Instituto Galego de Estatística” por Marcos Rodríguez Rey, de IGE
 - “Funcións do departamento de administración: o caso de Castrosúa” por Noelia Suárez López, de Castrosúa
 - “A aportación domar á economía galega” por Silvia Cortiñas Fernández, de Xunta de Galicia
 - “A economía circular na actividade das empresas” por varios ponentes, de WAS CIRCULAMOS USC
 - “O papel do Banco Central Europeo” por Gonzalo Camba-Méndez, de Banco Central Europeo
 - “A estratexia de internacionalización dunha empresa” por Ángel Lamas, de Torre de Núñez
 - “A asesoría fiscal como saída profesional” por Gerardo Díaz Casal, de Telefónica
 - “Marketing dixital” por Eva Filgueiras, de Ymedia
 - “O control externo do sector público” por Anxo Calvo Silvosa, do Consello de Contas de Galicia
 - “Coñece a unha empresa” por Alejandro Amoedo, de Espina y Delfín

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 90 de 131

As actividades formativas desenvolvidas no programa do máster, ademais, complementáanse coa presenza do estudantado e o profesorado nas redes de información e decisión do ámbito turísticos. Así, o máster participa nas actividades da Rede Interuniversitaria de Posgraos en Turismo (RedIntur). Esta é unha rede de cooperación no estudo, intercambio de experiencias e propostas de actuación co obxectivo de colaborar para a mellora continua.

3.5. Mobilidade

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	2019 -20	2020 -21	2021 -22	2022 -23	2023 -24
IN16C	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (1-5)	-	4,2	3	4,06	3,38

Existe unha cifra elevada de estudantes estranxeiros, que supoñen no curso 2023-24 un 59,26% do estudantado matriculado

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No caso da adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, apícase o xa comentado para o caso dos graos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

3.8. Prácticas externas

A continuación, preséntanse os principais indicadores relativos ás prácticas externas:

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	19-20	20-21	21-22	22-23	23-24
IN22M	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (%)	94,44	-	89	83,33	92,86
IN19M*	Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (1-5)	4,52	-	4,1	4,61	4,4
IN20M*	Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (1-5)	4,71	-	4,18	4,44	4,64
IN21M*	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas (1-5)	4,95	-	4,64	4,66	5

*Resultados da enquisa propia que se detalla a continuación.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 91 de 131

As prácticas externas son unha materia optativa. A pesares de non seren obrigatorias, son realizadas pola maioría do estudiantado do mestrado (IN22M). Nos últimos 6 anos, a porcentaxe máis baixa de alumnos que realizou prácticas foi do 83,33%, cifra de 2022-23, que se incrementou no 2023-24 ata o 92,86%.

As enquisas relativas á satisfacción co programa de prácticas externas presentaban, en xeral, unha baixa taxa de resposta por parte dos titores/as externos, do estudiantado e -en menor medida- dos titores/as académicos. Para mellorar estas taxas o Máster realiza a súa propia enquisa, que lle proporciona información mais detallada de mostras mais representativas.

A enquisa desenvolvida pola coordinación do mestrado está destinada aos titores profesionais, académicos e ao estudiantado. No curso 2023-24, tivemos resposta do 77,77% do estudiantado, do 100% dos titores académicos, e do 55,55% dos titores profesionais. A satisfacción do titor académico é de 5, no caso dos titores profesionais foi do 4,64 e de 4,40 no caso do estudiantado.

Os resultados en detalle desta enquisa poden consultarse no informe de resultados do título:

[INFORMES DE RESULTADOS F.CEEEEE 23-24](#)

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A organización do Traballo fin de Mestrado (TFM) xestiónase a través do Regulamento de TFM do mestrado, dispoñible na web:

<https://acortar.link/OcmrEe>

Dado que o Regulamento actual foi aprobado en 2021.

Tamén se considerou interesante crear unha Guía docente do TFM, como un documento de axuda adicional para realización do TFM. Esta guía publicouse na mesma web que o Regulamento de TFM. Estas modificacións recolléronse como accións de mellora para o curso 2020-21 (AM02 e AM03) e xa foron executadas.

Asignación dos temas e titores de TFM

Rematado o prazo de matrícula, a Comisión Académica do Máster abrirá o proceso para o desenvolvemento dos TFM nese curso académico. Primeiro extraerase a lista de estudiantado repetidor que, mediante escrito razoado e co visto e prace do seu titor/a; solicite repetir título e titor/ra. Os que non o fagan someteranse ao procedemento novo de asignación que se vai abrir, onde se integrarán no caso de que non fose posible esa repetición. Esta opción para os estudantes repetidores só poderá utilizarse unha vez.

O proceso de asignación de TFM realizarase segundo o seguinte procedemento:

- Cada curso académico, a Coordinación do máster comunicará ao estudiantado unha relación das liñas xerais de Traballos Fin de Máster.
- O estudiantado remitirá a organización do no prazo establecido pola coordinación unha orde de preferencia das liñas propostas.
- A asignación de traballo e director ou codirector realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante.
- A Comisión Académica aprobará a asignación definitiva e a remitirá ao/á coordinador/a para a súa publicación.

Supervisión do estudiantado

Cada estudante contará cun titor ou titora. O titor/ra programará sesións de traballo co estudante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo. A avaliación do estudiantado explícase con máis detalle no Artigo 10 do Regulamento do TFM.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 92 de 131

Avaliación do TFM

A avaliación do TFM será realizada por un tribunal. Cada Tribunal estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación, dos que en todo caso un debe pertencer a unha área de coñecemento afín ás liñas temáticas do traballo, e, polo menos, un suplente. Os titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. A avaliación do TFM explícase con máis detalle no Capítulo 5 do Regulamento do TFM.

Resultados dos TFM

INDICADOR	DESCRICIÓN	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN53M	Taxa de rendemento (%)	86,64%	87,12%	93,58	93,62
IN50M	Taxa de éxito (%)	98,73%	95,12%	100%	98,65
IN36M	Taxa de avaliación (%)	87,67%	84,76%	78,83%	90,85

As taxas de rendemento, éxito e avaliación do TFM tendían a ser inferiores das do resto de materias, mais no curso 2019-20 comezaron a mellorar considerablemente, acadando no curso 2023-24 unhas cifras de 93,62%, 98,65% e 90,85%, respectivamente.

O aumento dos valores dos indicadores para os novos alumnos/as desde o curso 2019-20 pode entenderse tendo en conta as diferentes accións de mellora implementadas en cursos anteriores.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación figuran os principais resultados de aprendizaxe das materias do título para o curso 23-24:

Materia	Taxa de rendemento(%)	Taxa de avaliación (%)	Taxa de Éxito (%)
Fundamentos de Finanzas	92,86	92,86	100
Fundamentos de Contabilidade	92,86	92,86	100
Dirección Estratéxica de organizacións turísticas	100	100	100
Dirección estratéxica de persoas nas empresas turísticas	100	100	100
Dirección comercial de empresas turísticas	100	100	100
Promoción do turismo urbano	100	100	100
Dirección financeira das empresas turísticas	100	100	100
TICs aplicadas ao turismo	100	100	100
Impacto económico do turismo urbano	100	100	100

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24		
	Páxina 93 de 131		

Tendencias internacionais en destinos urbanos	100	100	100
Transporte, mobilidade e xestión dos fluxos turísticos en destinos urbanos	100	100	100
Xestión do patrimonio urbano: A cidade histórica	100	100	100
Prácticas externas	100	100	100
Traballo Fin de Máster	53,85	61,54	87,5
Dereito urbanístico e planeamento turístico	100	100	100
Dereito do traballo e da seguridade social en empresas turísticas	100	100	100
Comportamento do turista urbano	100	100	100
Dirección de calidade e dos procesos nas empresas turísticas	100	100	100
Investigación de mercados: Análise do turismo urbano	100	100	100
Metodoloxía de investigación: Cartografía aplicada ao turismo	100	100	100
Metodoloxía de investigación en xestión de empresas turísticas	100	100	100
Marketing dixital	88,24	100	88,24

Máster en Dirección de Empresas

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Ao marxe da normativa xeral (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudiantado>), a continuación detállase a normativa específica do mestrado:

Regulamento TFG/TFM da USC:

<https://acortar.link/pn0gXn>

Regulamento de traballo fin de máster en Dirección de Empresas:

<https://acortar.link/SfLylr>

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 94 de 131

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

O proceso de admisión é competencia única e exclusiva dos servizos xerais da USC.

No informe recibido para a verificación da nova Memoria do MUDE, sinalouse a conveniencia de equiparar títulos con competencias e contidos similares ás titulacións que dan acceso ao MUDE. Neste senso, e seguindo a recomendación da Comisión, procedeuse a incluír a expresión *titulacións equivalentes* onde procede, entre os criterios de admisión.

Así mesmo, especificáronse as ponderacións dentro dos criterios de admisión, co obxectivo de reforzar a transparencia e a equidade no proceso de selección. Porén, mantívose o sistema de adxudicación baseado na orde de presentación das solicitudes, dado que a competencia sobre este procedemento recae nos servizos centrais da universidade. Por último, actualizáronse os requisitos normativos de acceso para adaptalos ao marco legal vixente, incorporando as referencias ao Real Decreto 822/2021 en substitución do anterior RD 1393/2007. Esta actualización normativa permitiu asegurar o total aliñamento do MUDE coas disposicións legais aplicables á ordenación e seguimento das ensinanza universitarias oficiais.

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

Co obxectivo de garantir unha base común de coñecementos entre todo o estudantado, o Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE) consolidou a implantación dun módulo preparatorio de complementos formativos, destinado a aquelas persoas que acceden desde titulacións alleas ao perfil tradicional de Administración e Dirección de Empresas (ADE). Esta medida busca asegurar unha preparación inicial axeitada que permita aproveitar ao máximo o desenvolvemento do programa académico.

O módulo está constituído por dúas materias clave: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas, ambas cunha carga lectiva de dous créditos ECTS. O seu deseño responde á necesidade de cubrir posibles carencias en coñecementos básicos en áreas esenciais para a dirección empresarial, garantindo así a homoxeneidade do nivel de partida entre o estudantado. A obrigatoriedade de cursar estes complementos determínase segundo a formación previa do estudantado: quen non teña superado polo menos 2 créditos en materias relacionadas con finanzas ou contabilidade durante os seus estudos de grao debe matricularse na materia correspondente. A superación destes complementos formativos é condición indispensable para a obtención do título.

Durante o proceso de matrícula, a coordinación do máster realiza unha revisión individualizada dos expedientes para verificar a correcta inscrición do estudantado nas materias de reforzo, no caso de seren necesarias. Nos casos nos que se detecta unha omisión, contactase co estudante para proceder á modificación da matrícula e garantir o cumprimento do requisito. A experiencia do curso 2022–2023 confirmou a eficacia deste procedemento, acadándose un cumprimento do 100 % na correcta asignación destes complementos entre o estudantado que os requiría. Esta dinámica mantívose de maneira efectiva durante o curso 2023–2024, consolidando o módulo como un instrumento fundamental para a nivelación de competencias de partida no MUDE.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

Con carácter previo ao inicio do curso, a coordinación do MUDE organiza unha sesión de acollida para o estudantado. Esta sesión está especialmente recomendada para o estudantado estranxeiro, pero é aberta a todo o estudantado. Neste contexto, desenvólvese unha parte da sesión na aula e complementase con unha visita polo Centro. Nesta sesión trátanse distintas cuestións de interese para o estudantado, como poden ser:

- Estrutura do plan de estudos e cuestións básicas de seu funcionamento.
- Información básica sobre a web da USC.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 95 de 131

- Información básica sobre o Campus Virtual.
- Información básica sobre a Secretaría Virtual.
- Lugares da USC onde se realizan algunhas xestións relevantes para o estudantado.
- Horarios das materias.

Na visita ao centro, móstranse as aulas nas que se impartirá docencia no centro e os lugares comúns de utilidade para o estudantado (Biblioteca, aulas de informática, conserxería ou fotocopiadora, por exemplo).

Pode atoparse maior detalle no Plan de Acción Titorial do máster: <https://acortar.link/eT1Trk>

3.5. Mobilidade

No curso 2023–2024, o MUDE contou coa participación de catro estudantes entrantes en programas de mobilidade internacional. Todos eles proceden de universidades de América Latina e América do Norte a través de convenios bilaterais con outras institucións. En concreto, tres estudantes veñen da Universidade Arxentina da Empresa (Arxentina) e un da Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM).

Estes datos confirman unha tímida pero positiva reactivación da dimensión internacional do máster mediante mobilidade entrante, consolidando os vínculos con institucións latinoamericanas e ampliando a diversidade cultural do estudantado. Aínda que as cifras aínda son modestas, reflicten un paso significativo cara aos obxectivos de internacionalización e enriquecen o entorno académico do programa.

En conxunto, a procedencia xeográfica do estudantado do MUDE pon de manifesto un dobre eixe de atracción: por unha banda, o arraigamento local e institucional en Galicia, e por outra, unha vocación internacional que segue gañando peso.

O notable incremento da porcentaxe de estudantes estranxeiros (IN08M), que acada un 43,75 %, reflicte unha recuperación do compoñente internacional e un avance nos obxectivos de internacionalización. Pola contra, a ausencia de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) e a aínda limitada presenza de estudantado de mobilidade (IN18M), aínda que mellora até o 12,5 %, sinalan oportunidades claras para mellorar a proxección nacional e internacional do máster.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No caso da adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, apícase o xa comentado para o caso dos graos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

En cada materia, o sistema de avaliación combina dous mecanismos principais:

- Avaliación mediante proba final, xeralmente cun peso do 50 % na cualificación total. Estas probas realízanse nas datas definidas pola Comisión Académica Intercentros, de acordo co calendario académico da USC.
- Avaliación continua, baseada no traballo realizado polo estudantado nas sesións interactivas. Este compoñente permite unha valoración máis completa do proceso de aprendizaxe, a través de actividades

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 96 de 131

como resolución de casos, comentarios críticos, exposicións, probas parciais ou participación activa. Cada guía docente especifica de forma detallada as actividades avaliábeis e os seus criterios de ponderación.

A avaliación do Traballo de Fin de Máster (TFM) segue o procedemento regulado no Regulamento do MUDE, así como na programación docente específica desta materia. A cualificación final estrutúrase en tres bloques: calidade do contido, adecuación do formato e exposición pública do traballo.

Finalmente, a avaliación das Prácticas Externas artículase a partir dun sistema multifonte que inclúe os informes do/a titor/a de empresa, do/a titor/a académico/a e do propio estudante. Este enfoque contribúe a obter unha visión integral do desempeño do estudantado en contextos reais de aplicación.

3.8. Prácticas externas

No ámbito das prácticas externas, os titores académicos e profesionais continúan aplicando os criterios establecidos na Guía Docente, seguindo un protocolo que contempla a comunicación inicial e final do proceso de prácticas, así como a elaboración de tres documentos de avaliación: o informe do titor profesional, o informe do titor académico e a memoria de prácticas do estudante.

Os resultados derivados destes informes, xunto cos cuestionarios de seguimento interno, reflicten un alto nivel de satisfacción xeral, tanto por parte das entidades colaboradoras como do estudantado participante e do profesorado implicado. Estes indicadores confirman a efectividade dos mecanismos de coordinación aplicados e a súa contribución á adquisición das competencias asociadas ás prácticas.

Durante o curso 2023-24, a porcentaxe de estudantes egresados que realizaron prácticas externas descende até o 53,33 %, fronte ao 70,00 % rexistrado no curso anterior. Este descenso rompe a tendencia crecente observada nos últimos anos, nos que o máster reforzara notablemente a conexión entre a formación académica e o entorno profesional.

Aínda que a maioría dos egresados continúa accedendo a experiencias prácticas durante a súa formación, esta diminución relativa expón a necesidade de analizar posibles causas (como a dispoñibilidade de prazas, a carga docente ou os axustes no calendario académico), co fin de reforzar os mecanismos de asignación e seguimento.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

O proceso de asignación, supervisión e avaliación do TFM réxese polo establecido no regulamento de traballo fin de máster de Dirección de Empresas: <https://acortar.link/SfLylr>

No curso 2023-24 a taxa de éxito foi do 100% (INF 17), a taxa de rendemento (INF 18) e de avaliación (INF 19) foi do 55,56%. Obsérvase un incremento significativo no número de traballos defendidos e superados en relación aos cursos anteriores.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación figuran os principais resultados de aprendizaxe do título para o curso 23-24:

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 97 de 131

Materia	Taxa de rendemento(%)	Taxa de avaliación (%)	Taxa de Éxito (%)
Fundamentos de Finanzas	81,82	90,91	90
Fundamentos de Contabilidade	71,43	85,71	83,33
Dirección Estratéxica	84,21	100	84,21
Dirección de Operacións e da tecnoloxía	94,12	100	94,12
Dirección estratéxica de persoas	100	100	100
Marketing estratéxico	94,44	100	94,44
Marketing internacional	100	100	100
Finanzas empresariais	94,74	100	94,74
Xestión avanzada de custos e riscos	90	100	90
Prácticas externas	100	100	100
Traballo fin de máster	55,56	55,56	100
Habilidades Directivas	100	100	100
Xestión de produtos e marcas	100	100	100
Dirección de equipos comerciais	100	100	100
Finanzas empresariais II			
Información financeira para a toma de decisións	100	100	100
Sistemas de información para a dirección	100	100	100
Metodoloxía de investigación en dirección de empresas	100	100	100

Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 98 de 131

Ao marxe da normativa xeral (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudantado>), a continuación detállase a normativa específica do mestrado:

Regulamento TFG/TFM da USC:

<https://acortar.link/pn0gXn>

Regulamento de traballo fin de máster en Dirección de Empresas:

<https://acortar.link/LxOAUT>

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

Na Memoria do Máster indicase, en relación aos requisitos de acceso, que o acceso é a capacidade que dan as leis para que unha persoa cuns estudos determinados poida cursar un determinado Máster. O artigo 18 do Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad establece de forma xenerica que para acceder aos ensinos oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que faculden, no país expedidor do título, para o acceso á docencia do máster.

Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade dá homologación dos seus títulos, previa comprobación pola Universidade de que aqueles acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois que facultan no país expedidor do título para o acceso aos ensinos de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os ensinos do máster.

O perfil de ingreso que se busca é o dun alumno interesado en profundar na Dirección e Xestión empresarial, desde unha perspectiva financeira ou contable, pero sempre consciente de que, antes de centrar o seu interese nun aspecto concreto, debe coñecer de forma suficiente o contexto económico-financeiro no que se enmarcan as realidades empresariais que desexa analizar e establecer as oportunas relacións entre elas.

En canto ás condicións específicas para o acceso ao Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira: poderán acceder a este Máster os que estean en posesión de calquera título de grao.

En canto aos requisitos de admisión, estes poden verse na páx. 7 da Memoria do Máster:

[Dirección e Xestión Contable 2020_21.pdf](#)

A admisión ao Máster cumpre a normativa da USC para másteres con límite de prazas e criterios xerais de selección.

A Comisión Académica do Máster ten as competencias en materia de admisión, tal como se establece na memoria do título na que se inclúen como criterios de selección os seguintes, por orde de preferencia, para o caso en que o número de preinscritos supere o número de prazas dispoñibles:

1. Graduados en ADE e Licenciados en ADE e Licenciados en Ciencias Empresariais.
2. Diplomados en Ciencias Empresariais
3. Graduados en Economía e Licenciados en Economía.
4. Titulados en Enxeñaría Superior
5. Outros graduados ou licenciados.

Dende o curso 2023/2024 inclúense na relación anterior os graduados en Contabilidade e Finanzas ou similares.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 99 de 131

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

No máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira non están previstos complementos de formación.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

O primeiro día de clase realízase unha xornada de benvinda aos novos estudantes do Máster, na que se orienta ao estudantado tanto nos asuntos docentes relacionados co título, como dos medios e infraestruturas dispoñibles na facultade (biblioteca, salas de informática, etc) para o correcto seguimento da titulación.

No segundo cuadrimestre, a coordinadora do Máster volve a realizar unha reunión co estudantado o primeiro día de clase coa finalidade de recalcar a importancia das materias correspondentes a dito cuadrimestre e de xeito especial o relativo as Prácticas en Empresa e ao TFM. Durante todo o curso realízanse sesións informativas sobre os diferentes problemas que poidan xurdir e utilízase a Aula Virtual de Coordinación do Máster para manter informado a todo o estudantado das novidades que poidan ser do seu interese, entre outros, prácticas, becas, postos de traballo, seminarios, conferencias, xornadas ou cursos.

Pode atoparse maior detalle no Plan de Acción Tutorial do máster: <https://acortar.link/AxbOLg>

3.5. Mobilidade

No curso 2020/2021 estivo matriculado, na materia Produtos Financeiros, un alumno de Intercambio Internacional procedente de Italia. Os cursos 2021/2022, 2022/2023 e 2023/2024 o máster non tivo alumnos procedentes de programas de mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No caso da adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, apícase o xa comentado para o caso dos graos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

3.8. Prácticas externas

A realización de Prácticas externas é opcional. Para lograr alcanzar as competencias previstas na materia e evitar lagoas, a persoa responsable da tutela académica de ditas prácticas é a Coordinadora do Máster, a cal establece periodicamente contacto tanto cos estudantes como coas persoas encargadas da titorización nas empresas para coñecer o desenvolvemento das prácticas e tentar mitigar as posibles desviacións.

Na intranet da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais inclúese a documentación correspondente a cada curso académico.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 100 de 131

[PAE do M.U. en Dirección e Xestión Contable e Financeira](#)

Procedemento:

- 1.- Realizar a convocatoria de prácticas en empresa.
- 2.- Cubrir e presentar, o estudantado, o formulario de prácticas no Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.
- 3.- Realizar a asignación provisoria de prácticas.
- 4.- Realizar a asignación definitiva de prácticas.

No curso 2023/2024, matriculáronse 15 estudantes dos cales 14 realizaron e superaron as prácticas e unha alumna convalidou as prácticas ao estar traballando no departamento contabilidade dunha empresa.

Dende o curso 2018/2019 as enquisas de satisfacción dos estudantes, dos titores profesionais e da titora académica coas prácticas externas non as realiza a área de Calidade e Mellora dos Procedementos (debido ás baixas taxas de participación nos cursos anteriores) e utilízanse as enquisas realizadas pola coordinadora do Máster no momento da finalización de ditas prácticas, tanto aos alumnos como aos titores na empresa.

A nota media dada por os titores das prácticas na empresa no curso 2023/2024 de 9,40 o cal é un reflexo de que as empresas consideran, de xeito global, moi positivamente as prácticas realizadas polos alumnos.

A satisfacción do estudantado co programa de prácticas foi dun 4.67 (escala 1-5) no curso 23/24.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A avaliación final do título realízase a través Traballo de Fin de Máster (TFM) e o seu Regulamento e información xeral que lle afecta, pódese atopar na seguinte dirección web:

[Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais - Regulamento-do-TFM DIXECOFI.pdf - Todos os documentos \(sharepoint.com\)](#)

A información correspondente ao TFM está dispoñible na Intranet da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais:

[TFM do M.U. en Dirección e Xestión Contable e Financeira](#)

O proceso de asignación de temas e titores e o seguinte:

- 1.- Realízase a convocatoria de asignación de temas e titores de TFM.
- 2.- O alumno ten que cubrir e enviar ao Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais o formulario de solicitude do tema e titor do TFM que se inclúe na convocatoria.
- 3.- Asignación provisoria de temas e titores en función da nota media obtida nas materias obrigatorias do primeiro semestre.
- 4.- Asignación definitiva de temas e titores. Non houbo reclamacións polo que coincide ca anterior.

A asignación definitiva dos TFM realizouna a Comisión Académica do Master en función da orde de preferencia nas solicitudes e as notas de acceso.

Os resultados obtidos foron moi satisfactorios, xa que se defenderon 18 TFMs no curso 2023/2024 (17 nas convocatorias de xullo e setembro e 1 na convocatoria de febreiro 2025 correspondente a unha alumna matriculada

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 101 de 131

a tempo parcial).

No curso 2023/2024 a taxa de éxito foi do 100% (INF 17), a taxa de rendemento (INF 18) e de avaliación (INF 19) foi do 65,38%. Obsérvase un incremento significativo no número de traballos defendidos e superados en relación aos cursos anteriores se temos en consideración, asemade, que unha alumna a tempo parcial defendeu e superou o seu TFM en febreiro 2015.

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación, preséntanse as taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias do título para o curso 23-24:

Materia	Taxa de rendemento(%)	Taxa de avaliación (%)	Taxa de Éxito (%)
Análise Contable Avanzado	94,74	94,74	100
Contabilidade de Xestión	94,74	94,74	100
Contabilidade das Combinacións de Negocio	94,74	94,74	100
Planificación e valoración	89,47	89,47	100
Finanzas Operativas	89,47	89,47	100
Análise e Xestión do Risco Financeiro	94,74	94,74	100
Fiscalidade Empresarial	94,74	94,74	100
Traballo Fin de Máster	65,38	65,38	100
Contabilidade Internacional	90	90	100
Produtos Financeiros	85,71	85,71	100
Prácticas en Empresa	93,33	93,33	100

Para maior detalle consultar o informe de resultados do título:

[INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEEE 23-24](#)

Máster en Economía

3.1. Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do estudantado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)

Aplicase a normativa xeral (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/estudentado>)

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 102 de 131

3.2. Admisión do estudantado (acción de captación)

O Máster Interuniversitario en Economía é impartido conxuntamente polas Universidades de Santiago de Compostela (USC), A Coruña (UDC) e Vigo (UVigo), e coordinado por esta última. Está pensado para graduados en Economía, Administración de Empresas, Matemáticas, Estatística e Enxeñería.

Busca formar no manexo de ferramentas analíticas, cuantitativas, e de análise de datos, que poidan servir como un primeiro paso para proseguir estudos de doutoramento de Economía e Finanzas, ou para incorporarse á vida profesional neses ámbitos.

Os criterios de admisión consisten nun 75% en base a expediente académico e un 25% outros méritos (idoneidade da formación de grado, experiencia profesional, idiomas, etc.).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou nivelación, se procede

No máster en Economía non están previstos complementos de formación.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras.

A Aula de Informática 5, onde se imparte a docencia do Máster, está dotada con ordenador, pantalla dixital, canón e cámaras para videoconferencias. Todos os recursos necesarios para impartir docencia presencial conxuntamente con docencia online para os alumnos da UDC e UVigo. Os ordenadores da aula dispoñen de paquetes informáticos para seguir as clases prácticas das materias impartidas no mestrado.

Os estudantes teñen accesibles salas de ordenadores e seminarios para realizar os seus traballos.

A orientación do estudantado é realizada pola coordinación do máster.

3.5. Mobilidade

No curso 2023-24, a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados no caso de Santiago foi do 23.08% fronte ao 38.89% do curso anterior.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe)

As actividades formativas, as súas metodoloxías e sistemas de avaliación están contidos na MVT. Para cada materia, esta información figura na Guía Docente e pódese consultar na páxina web do centro.

No caso da adaptación a necesidades específicas de aprendizaxe, apícase o xa comentado para o caso dos graos.

3.7. Avaliación da aprendizaxe

Tanto o contido do programa das materias como o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 103 de 131

3.8. Prácticas externas

O Máster conta dentro da súa oferta docente, prácticas curriculares que realizan os alumnos no a partir do segundo semestre (Xaneiro-Xullo). A duración das prácticas curriculares son de 150 horas non remuneradas. Existe a posibilidade de estender as práctica, converténdose en prácticas non curriculares. Finalmente, os estudantado que traballaba en empresas con actividades laborais vencelladas aos contidos do Máster solicitaron o recoñecemento de créditos das prácticas curriculares das prácticas curriculares.

No Máster existe un procedemento interno e descentralizado. A principal razón desta descentralización é a localización das potenciais empresas, o que dificulta que exista unha oferta única do Máster ao estudantado (por exemplo, sería gravoso asignar a un alumno da UDC a unha empresa situada na periferia de Vigo sen ningunha axuda financeira). Unha segunda razón, é que cada empresa debe asinar un convenios de Prácticas con cada universidade para poder aceptar alumnos. Aínda que destacable (o Máster ten convenios con empresas que asinan as tres universidades), o proceso é lento (pode durar entre 1 e 2 meses) e só as empresas con varias sedes poden admitir alumnos en Prácticas das tres universidades.

Na USC, seguindo a normativa interna da universidade, teñen un pool de empresas para realizar prácticas, e existe un procedemento regrado con diversos prazos onde se saca unha oferta de empresas, os alumnos desta universidade elixen as súas preferencias dentro dun prazo, realízase unha asignación pola coordinación da USC (segundo as notas do 1o semestre), publicítase a asignación dando un prazo para reclamacións, e finalmente resolven-se as reclamacións e publicítase a asignación definitiva.

No caso da Universidade de Santiago de Compostela:

i) Período de realización das prácticas. As Prácticas Curriculares realízanse despois de rematar os exames do 2º semestre ata o mes de xullo, e hai flexibilidade na distribución das 150h por parte da empresa e o estudante. No acordo de prácticas cada empresa establece o horario máis axeitado coordinado co alumno. Algunhas empresas como o Instituto Galego de Estatística teñen establecido dous calendarios de prácticas e temos que adaptarnos, pero o segundo período está dentro do noso período de prácticas.

ii) Empresas. Os alumnos da USC realizaron as prácticas curriculares nas seguintes empresas: OpSeeker, Valora Consultores, Biostatech, Arestora, IGE, Tecnologías Plexus, CLUN, Iberfinancia, Arxón Estratexia, Indra, Grupo de Análise Xurídico Económico, Grupo VALFINAP, Grupo GAME, Insignium Iberia.

iii) Satisfacción. As enquisas de satisfacción dos estudantes cas prácticas externas foron de 4,06 no curso 2018/19, de 4,50 no curso 2020/21, 3,56 no curso 2021/22, 1 no curso 2023/24. Dende o máster achegase un cuestionario o alumno sobre a avaliación persoal das prácticas curriculares, do titor da empresa e do titor académico. O estudantado en xeral está satisfeito co trato recibido e co aprendido. Concretamente no curso 2022/23 a unha alumna ofertáronlle un posto de traballo na empresa de prácticas que ela rexeitou. E varios alumnos que realizaron prácticas en OpSeeker están traballando na empresa. A satisfacción dos titores profesionais cas prácticas externas no curso 2022/23 foi de 4,89.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación)

A materia Traballo de Fin de Máster evidencia unha gran complexidade na súa organización e no seu desenvolvemento (traballos individuais baixo a tutela dun profesor/a). Cada membro do profesorado con docencia no Máster en Economía ten que ofertar como mínimo un TFM.

A proposta dos coordinadores do Máster, no curso 2018-2019 a Comisión Académica aprobou un regulamento sobre os TFM, casando as normativas das tres universidades participantes. Tamén no curso 2018-2019 a Universidade de Vigo aprobou unha nova normativa para os Traballos de Fin de Máster que entrou en vigor no curso 2019-2020. Nela

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 104 de 131

estableceuse que o estudantado pode elixir entre ser avaliado polo seu titor ou ben por un tribunal colexiado. Esta normativa da Universidade de Vigo aplicárase ao Máster evitando colisionar cas normativas das demais universidades e sempre que non sexa en prexuízo da igualdade de oportunidades de todo o estudantado que curse o Máster.

Porén, a normativa de TFM tivo que ser modificada novamente no curso 2019-2020 para adaptarse á nova normativa da UVigo.

Os TFM idealmente deberían agruparse por itinerarios, para que o Tribunal realizara unha avaliación comparativa mais xusta entre o estudantado. Porén, cada unha das 3 universidades participantes teñen un calendario de TFM completamente diferente. Na UVigo ten dúas convocatorias (Xuño e Xullo), e a USC e a UDC teñen dúas (Xuño e Setembro), e a maiores, a UDC ten unha “convocatoria adiantada” de Setembro na última semana de Xullo. Esta disparidade de calendarios fai moi difícil (senón imposible) crear tribunais que avalíen ao estudantado do seu propio itinerario. Por esta razón, os coordinadores de Campus solicitaron á Comisión Académica que, mentres as 3 universidades non presenten un calendario común, os Tribunais de TFM se organicen por universidade e non por itinerarios.

No curso 2023-2024, 14 estudantes defenderon o seu traballo ante tres tribunais colexiados paritarios compostos por tres membros. A distribución por universidades foi: 7 na UDC e 7 na USC.

3.11. Resultados da aprendizaxe nas materias do título

A continuación figuran os principais resultados de aprendizaxe das materias do título para o curso 23-24:

Materia	Taxa de rendemento (%)	Taxa de avaliación (%)	Taxa de Éxito (%)
Análise de decisións económicas e mercados	100	100	100
Análise da conxuntura económica e crecemento	100	100	100
Técnicas econométricas	100	100	100
Métodos cuantitativos	100	100	100
Pensamento económico e institucións	100	100	100
Técnicas de investigación	100	100	100
Prácticas externas	71,43	57,14	100
Traballo Fin de Máster espec. Economía e finanzas	83,33	83,33	100
Traballo Fin de Máster espec. Políticas públicas e análise económico internacional			
Traballo Fin de Máster espec. Economía e sociedade			

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24		
	Páxina 105 de 131		

Traballo Fin de Máster espec. Análise económica	100	100	100
Economía do sector público	100	100	100
Modelos de xestión pública	100	100	100
Avaliación de políticas públicas			
Análise económica rexional	100	100	100
Política económica rexional			
Xestión integral de proxectos públicos	100	100	100
Medio ambiente, recursos naturais e sustentabilidade	75	75	100
Economía da desigualdade	50	100	50
Economía da saúde	66,67	66,67	100
Innovación e sociedade	66,67	66,67	100
Servizos e nova economía	100	100	100
Globalización económica e desenvolvemento social	100	100	100
Fundamentos de valoración de mercado	100	100	100
Técnicas de cuatificación do risco de mercado	100	100	100
Análise económica da actividade bancaria	100	100	100
Economía internacional e finanzas	100	100	100
Política monetaria e sistema financeiro	100	100	100
Econometría financeira	100	100	100
Econometría avanzada	100	100	100
Microeconomía avanzada	100	100	100
Macroeconomía avanzada	100	100	100
Comportamento estratéxico	50	50	100
Temas avanzados en teoría económica	100	100	100
Técnicas avanzadas para a análise de datos	100	100	100

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 106 de 131

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:

- 4.1. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
- 4.2. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
- 4.3. Formación do profesorado e mobilidade.
- 4.4. Actividade investigadora.
- 4.5. Detección de necesidades de persoal académico.
- 4.6. Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio, mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
- 4.7. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
- 4.8. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
- 4.9. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Tipoloxía de profesorado que imparte docencia nos títulos do centro:

Algún dos aspectos solicitados na directriz 4, xa foron comentados en outros apartados desta memoria. A continuación, preséntanse os indicadores relativos ao profesorado doutor, profesorado funcionario, profesorado con sexenio, categorías profesionais, formación do profesorado e mobilidade.

En termos xerais, os recursos humanos con que conta o centro para o bo desenvolvemento dos distintos títulos que nel se imparten cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade aos estudantes. Polo tanto, pode considerarse que, en xeral, o profesorado é suficiente para o correcto desenvolvemento dos títulos.

A continuación preséntase unha serie de táboas cos indicadores relativos ao PDI (que xa se comentaron previamente):

Porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25C-PS-01)

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	74.29	74.23	76.6	80.21	80.81
Grao en Economía	77.92	79.73	84.06	75.32	79.49
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	84.62	78.57	96.55	93.33	90.32
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	68.42	70	77.78	72.22	85.75

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 107 de 131

Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	85.71	83.33	83.33	90	83.33
Máster Universitario en Economía		100	100	93.75	93.33
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	71.43	75	80	71.43	85.71
Total	76.21	77.82	82.88	80.22	83.03

Porcentaxe de PDI funcionario sobre PDI total (IN26C-PS-01)

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	48.57	45.36	43.62	45.83	47.47
Grao en Economía	48.05	47.30	40.58	40.26	46.15
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	53.85	46.43	51.72	60	64.52
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	47.37	30	50	50	47.62
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	64.29	66.67	58.33	70	66.67
Máster Universitario en Economía		73.33	73.33	75	73.33
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	42.86	35	50	47.62	47.62
Total	49.07	46.62	47.08	50	52.28

Porcentaxe de PDI con sexenio sobre PDI total (IN24M-PS-01)

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas [S]	50.70	52.38	53.33	60.34	66.15
Grao en Economía	47.17	52	61.36	68.75	69.23
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	80	75	85	85.71	90.91
Máster Universitario en Dirección de Empresas [S]	81.82	80	90.91	100	85.71
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	40	55.56	55.56	75	77.78
Máster Universitario en Economía		80	80	81.25	86.67
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	86.67	72.73	76.92	90.91	83.33
Total	57.22	60.11	65.70	72.67	74.60

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento nos últimos 5 anos (como xa se comentou na directriz 1).

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 108 de 131

O 52.28% do PDI con docencia no centro é funcionario, en liña coa media da USC (52.8%). O peso do PDI doutor sobre o total do PDI é do 83.03% sendo a media da Universidade 83.26%.

No conxunto do centro, a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total, experimentou un crecemento nos últimos anos, situándose no 74.6% no curso 23-24. Existe unha considerable diferenza con respecto á porcentaxe da USC (84,46%), o cal se podería explicar pola dificultade para acceder aos sexenios no campo 8 da Economía e a Empresa, e aos problemas derivados da excesiva carga docente debido á elevada ratio de alumnos por profesor existente nas titulacións impartidas no centro. De todos os xeitos, e polas dificultades antes apuntadas, sería desexable que as comparacións deste indicador se puidesen facer en relación con outras titulacións da área de Ciencias Sociais e Xurídicas.

A continuación faise unha análise do profesorado en función da súa categoría profesional e a súa experiencia docente e investigadora (tomando como referencia os datos para o grao en ADE).

Categoría Profesional	Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico		Curso Académico	
	2019-20		2020-21		2021-22		2022-23		2023-24	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Catedrático de Universidade	2	2	3	3,06	3	2,91	3	3	5	5.32
Titular de Universidade	42	42	39	39,80	38	36,89	40	40	35	37.23
Titular de Escola Universitaria	2	2	1	1,02	1	0,97	1	1	1	1.06
Contratado Doutor	19	19	19	19,39	21	20,39	14	14	16	17.02
Colaborador	1	1	1	1,02	1	0,97	1	1	1	1.06
Axudante Doutor	7	7	7	7,14	5	4,85	12	12	9	9.57
Asociado de Universidade	15	15	13	13,27	13	12,65	12	12	12	12.77
Interino por Substitución/Vacante	8	8	14	14,29	9	8,74	13	13	9	9.57
Profesor Laboral Fixo									3	3.19

Para o caso do grao en ADE, a porcentaxe máis elevada de profesorado atópase na categoría de titular de universidade (37.23%), seguida polos Profesores/as Contratados/as Doutores/as (17.02%). Sinalar tamén o importante número de Asociados/as de Universidade (12377%) e de Axudantes Doutores/as (9.57%).

4.2. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións

En canto á **satisfacción do PDI coas infraestruturas do centro**, tomando como referencia o ítem do informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida relativo a servizos e espazos, no caso do PDI de ADE obtívose un 4.23 e no caso do PDI de Economía un 4.19 (escala 1-5).

Polo que se refire á **queixas**, non se recibiron queixas do PDI en relación co se ámbito de traballo.

4.3. Formación de profesorado e mobilidade

Outro aspecto relevante en relación á calidade da docencia, é a actualización por parte do profesorado nos métodos de ensino-aprendizaxe, polo que é interesante incentivar a presenza do profesorado nestes cursos.

Como se pode observar na seguinte táboa, en termos xerais, en anos pasados, en torno a un 20-25% do profesorado participou en plans de formación. É de destacar o incremento tan pronunciado nas porcentaxes que se observa para o curso 2019-20 debido posiblemente á necesidade do profesorado de formarse nas ferramentas de docencia telemática empregadas durante o confinamento. No curso 20-21 a porcentaxe mantense no 54% pero no 21-22 a porcentaxe descendeu de novo ata o 28,06% e no curso 22-23 ata o 22.14%. En este senso, formulouse unha acción de mellora co obxecto de incrementar o interese do profesorado por desenvolver este tipo de cursos (**AM-5/22-23**), consistente na convocatoria do Premio de Innovación Docente, na creación dun repositorio para dar difusión ás iniciativas presentadas e na celebración dunha xornada para a súa presentación. Esta cuestión xa foi amplamente comentada previamente.

Porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas	58.82	59.00	25.71	20.79	28.57
Grao en Economía	50.62	49.40	25	33.33	23.81
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	51.85	46.43	36.36	37.93	24.14
Máster Universitario en Dirección de Empresas	64.71	55.00	26.32	5.56	28.95
Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	65	47.62	15.88	28.64	18.18
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	84.62	69.23	53.85	10	21.43
Máster Universitaria en Economía	47.06	53.33	13.33	18.75	18.75
Total	60	54	28.06	22.14	23.4

A porcentaxe de profesores/as que participaron en programas de mobilidade no curso 23-24 foi do 13.96%, recuperando a senda de crecemento previa ao dato do curso pasado.

Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en Administración e Dirección de Empresas	6.00	4.08	8.82	4	9.68
Grao en Economía	6.33	3.80	5.19	5.19	10.13
Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación	17.86	13.33	7.41	12.5	16.13
Máster Universitario en Dirección de Empresas	11.76	5.00	26.32	5.56	

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24				
	Páxina 110 de 131				

Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas	11.00		11.11	10.53	15
Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira	7.69	25.00	30.77	10	27.27
Máster Universitario en Economía	5.88		6.67		5.56
Total	9.5	7.32	13.75	6.83	13.96

4.4. Actividade investigadora

Previamente analizouse o indicador de PDI con sexenios sobre o total, a continuación, detállanse os grupos de investigación asociados aos departamentos adscritos á Facultade son os seguintes:

Departamento de Economía Aplicada:

Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social

Economía Pesqueira e Recursos Naturais

Grupo de Estudos de Historia Empresarial e Sectorial. Pesca, Industria e Comercio

Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento

Departamento de Economía Cuantitativa

Econometría e Estudos Cualitativos de Desenrolo Económico Europeo e Internacional

Economía Ecolóxica e dos recursos naturais

Modelización Econométrica e Medición da Eficiencia-Produtividade

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade

Valoración financeira aplicada

Departamento de Fundamentos de Análise Económica

Análise Económica dos Mercados e Institucións

Grupo de Análise e Modelización Económica

Grupo de Análise xurídico-económica

Departamento de Organización de Empresas e Comercialización

Persoas, Organizacións Sostibles e Marketing

4.5. Detección de necesidades de persoal académico

De acordo co PS-01 Xestión dos recursos humanos, a Comisión de Calidade do centro revisa o perfil e situación dos recursos humanos do centro con carácter anual e elabórase un informe que figura na AASX. A análise dos recursos humanos do curso 23-24 realizouse o 31 de maio de 2025.

4.6. Persoal de apoio. Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

Como xa se comentou, a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con 26 persoas que prestan apoio para un correcto desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras realizadas no centro así como para a xestión da biblioteca, que conta con 10 postos de traballo. A *Unidade de Xestión de Centro e Departamentos* subdivídese na área de

conserxería e na área administrativa. A área de conserxería está dotada con 5 postos de traballo: 1 conserxe, 1 oficial de servizos e 3 auxiliares técnicos informáticos. A área administrativa conta con 10 postos de traballo: 1 responsable da Unidade, 1 responsable de Asuntos Económicos, 1 persoa na secretaría de decanato, 6 responsables administrativos dos que a cada un dos 5 departamentos da facultade se adscribe 1 deles, e 1 posto base.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais ten unha complexidade especial na xestión administrativa, derivada do elevado número de títulos que se imparten e xestionan, 2 títulos de grao, 5 títulos de máster e 2 programas de doutoramento. Por este motivo, considérase que sería oportuno contar con persoal de apoio adicional para a xestión administrativa dos títulos do centro. Esta problemática foi trasladada ao Reitorado en diferentes xuntanzas.

4.7. Indicadores de satisfacción e formación do persoal de apoio

A satisfacción do PTXAS do centro co traballo desenvolvido (IN49C) é alta, acadando no 2023-24 un valor de 4.13.

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
IN49C-Satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido	3.75	3.84	3.57	4.01	4.13
I7. Porcentaxe de participación do PTXAS do centro nos plans de formación	61.54	64	48	65.38	68
INF11- Satisfacción media do PTXAS coas actividades formativas desenvolvidas (escala 1-10)	7.64	7.64	7.64	8.27	7.98

A asistencia do PTXAS a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PTXAS do centro que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade situouse no 68% no 2023-24. O nivel de satisfacción coas actividades formativas da totalidade do PTXAS da USC é notable, acadando unha puntuación de 8.27 puntos sobre 10.

4.8. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

De acordo co PS-01 Xestión dos recursos humanos, a Comisión de Calidade do centro revisa o perfil e situación dos recursos humanos do centro con carácter anual e elabórase un informe que figura na AASX. A análise dos recursos humanos do curso 23-24 realizouse o 31 de maio de 2025.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do estudantado.

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:

Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 112 de 131

Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.

Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.

Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.

Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do estudantado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.

Os programas de acollida e apoio ao estudantado oríentano no funcionamento da institución.

No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Facultade existe unha comisión de Asuntos Económicos e Infraestruturas que toma decisións relativas ás necesidades de infraestruturas do centro. Esta comisión está formada por unha representación do equipo decanal, profesorado, PTXAS e estudantado e séguense os procedementos descritos no SGC do centro.

No curso 2023-24 procedeuse, do mesmo xeito que se fixo no cursos anteriores, a facer unha análise e revisión das carencias e necesidades de mellora no ámbito dos recursos e infraestruturas necesarias para o desenvolvemento dunha docencia de calidade no ámbito do EEES.

A continuación realízase unha análise dos recursos materiais e servizos cos que conta o centro.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais está situada nun edificio que, se ben dispón das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior, en termos de infraestruturas e mobiliario presenta varias carencias tanto en equipamento como na estrutura do edificio. Non obstante a Facultade de Ciencias Económicas está adaptada ás persoas con diversidade funcional. Así, conta con prazas de aparcamento reservadas a persoas con mobilidade reducida, ascensores, ramplas de acceso, servizos adaptados, portas de dobre folia nas aulas, etc, que facilitan a accesibilidade ao edificio sen limitación algunha por razón de discapacidade ou minusvalía. Por outra banda dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por wifi, está dispoñible en toda a Facultade.

A web da Facultade dispón dun acceso coa información dos espazos do centro dentro da propia páxina web: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/equipamentos>

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro inclúe tamén un apartado de Planos da Facultade (<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/equipamentos>) onde se pode consultar a situación dos despachos do profesorado, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc., e tamén un apartado de servizos de interese para o estudantado e dos recursos de que dispón en este ámbito (http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modules/destacados/news_0005.html).

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 113 de 131

As instalacións que ofrece o centro para o desenvolvemento da actividade académica son as seguintes:

- 37 aulas de docencia teórica / seminario. Tódalas aulas dispoñen de monitor tv ou canón de vídeo con pantalla de proxección, cámara fixa ou portátil, e ordenador conectado á rede e 5 das aulas máis grandes están dotadas de megafonía. A práctica totalidade das aulas do centro están cableadas. Ademais, a Facultade pon a disposición de todo o profesorado diversos elementos portátiles: ordenadores, canóns de vídeo, pantallas, cámaras, encerados e dispositivo de megafonía. Hai que destacar tamén que a Facultade dispón de rede wifi accesible en todas as instalacións.
- 7 aulas de informática para docencia con 242 postos. Tamén dispón dun aula para libre disposición de estudantado con ordenadores conectados á rede. O relevo de equipos obsoletos por outros novos é unha acción que se realiza de forma continua no tempo e á que se destinan numerosos recursos.
- Outros espazos: biblioteca con acceso libre a libros e revistas, que inclúe ademais unha sala de estudo, e mesas de traballo colaborativo; 3 salas de traballo para grupos pequenos de estudantes, e 3 salas de traballo con múltiples postos para estudo e traballo colaborativo para estudantes (unha delas, ademais, dispón de forno microondas e serve como zona para que poidan comer a mediodía), 3 espazos con mesas e bancos (próximas a varias entradas/saídas do edificio) que serven para reunión/estudo/traballo dos estudantes, 5 locais para asociacións e representantes do estudantado, 1 Sala de Xuntas do Centro, 1 Salón de Graos, 6 salas de reunión/actividades para membros dos diferentes departamentos con sé na facultade), 1 sala de reunión para o persoal de administración e servizos, servizo de reprografía, cafetería/comedor universitario; 2 dos baños comúns dispoñen de duchas.

A Biblioteca do centro da servizo na actualidade ao estudantado dos graos en Economía e Administración e Dirección de Empresas. Forma parte da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela e xunto á Biblioteca Intercentros “Concepción Arenal”, (Políticas, Dereito e Relacións Laborais) aglutina os recursos bibliográficos indispensables na área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Accesible dende a planta baixa da Facultade, desfruta dunha boa visibilidade. O seu espazo repártese en tres plantas en alzado, en torno a un patio central. Na planta baixa está a sala de lectura, con 348 postos de lectura. Con grandes ventanais, goza dunha excelente iluminación natural, ademais de estar dotada dun sistema de refrixeración de aire. Nesta mesma planta, pero na zona de acceso, está o mostrador de atención ao público, tras o que se instalaron 83 metros lineais de estantes para conter as coleccións de Documentos de Traballo e Referencia; os despachos de traballo do persoal técnico, unha zona de lectura de prensa con outros 10 postos máis, un PC con acceso a Internet e 4 “Webopacs” que permiten acceder ao catálogo automatizado de toda a Biblioteca Universitaria. Na segunda planta o primeiro semisótano, ubícase o depósito de monografías, que albergan o resto dos fondos, fundamentalmente de investigación, tamén en libre acceso. O equipamento complétase con outro PC destinado tanto á consulta do catálogo como de outros recursos en rede. A terceira planta o segundo semisótano, está ocupada pola Hemeroteca, onde poden consultarse en 23 postos de lectura toda a colección en libre acceso de revistas impresas en papel, tanto do último ano como retrospectivos. As revistas electrónicas e as bases de datos propias da BUSC e do Consorcio de Bibliotecas de Galicia, poden consultarse tamén dende outros 2 PCs situados na mesma sala de lectura, onde tamén se ubica outro “webopac”.

Toda a superficie da biblioteca permite conexión inalámbrica á rede. Tres fotocopiadoras, dúas delas de autoservicio e pertencentes a unha empresa externa, un fax, un scanner, un lector-reproductor de microformas, e tres impresoras, unha delas en rede, completan a dotación da biblioteca.

En resumen, a Biblioteca ocupa unha superficie total de 1844 m², e conta cunha dotación global de 3143 m lineais de estanterías, que aloxan un total de máis de 70.000 volumes de monografías, repartidos nunha colección de libros permanentemente actualizada (uns 3500), de Documentos de Traballo (6500), Obras de Referencia (390), Teses e Memorias de Licenciatura (115), Bibliografía profesional (135) mapas (16), títulos en CD e DVD (353). O resto corresponde fundamentalmente ao fondo de investigación. A isto hai que engadir a colección de publicacións periódicas, formada por

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 114 de 131

2900 títulos dos que 700 se reciben actualmente na súa edición impresa e delas, 82 tamén en versión electrónica. Para consultar os seus fondos “in situ”, a biblioteca ofrece un total de 381 postos de lectura, e para acceder aos seus recursos de información 5 “Web opacs” e 4 Pcs.

Como o resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, brinda aos seus usuarios as prestacións de formación, consulta en sala, préstamo a domicilio e interbibliotecario, fotodocumentación e acceso a todos os recursos web.

Continuáronse realizando accións de mellora e actualización dos contidos da páxina web do centro (infraestruturas, planos da facultade, servizos, TFG, prácticas externas, mobilidade), así como o mantemento actualizado das redes sociais da Facultade con información das actividades.

En novembro de 2021 recibíuse o informe de riscos, elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos da Universidade, onde se sinalaban determinadas carencias nas instalacións do centro. Ao longo do curso 21-22, corrixióronse boa parte das mesmas, entre as que cómpre destacar as seguintes:

- BIBLIOTECA: Arranxo de diferentes fiestras para facilitar a súa apertura e peche, recolocación de extintores segundo a normativa vixente.
- SALÓN DE GRAOS: Reorganización dos cables nas zonas de paso, recollida de cables eléctricos dos diversos equipos e colocados fóra do alcance dos membros inferiores das persoas usuarias.
- SECRETARÍA DO DECANATO: Compra e substitución da cadeira por unha que cumpre os requisitos mínimos da normativa vixente.
- UNIDADE DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA: Sinalización das portas transparentes con bandas de cor e anchura adecuada para previr riscos de golpes, compra e colocación de estores nas fiestras, colocación de extintores segundo a normativa vixente.
- CONSERXARÍA: Sinalización da porta transparente con bandas de cor e anchura adecuada para previr riscos de golpes.
- AULAS 7 E 8: Colocación de varanda en escaleiras e lateral da tarima e colocación de cinta para sinalizar o final da tarima e evitar así caídas de persoas a distinto nivel. Ademais, púxose unha varanda na rampla de acceso a ditas aulas.
- DIVERSAS AULAS: Reorganización e canalización de cables en zonas de paso, recollida de cables eléctricos dos diversos equipos e colocados fóra do alcance dos membros inferiores das persoas usuarias.
- DIVERSOS DESPACHOS: Instalación de máis tomas de corrente, retirada de archivadores metálicos que permitían abrir varios caixóns á vez, retirada de mobiliario en desuso, retirada de mobiliario en mal estado e substitución por outro adecuado, fundamentalmente cadeiras de traballo que non tiñan as condicións adecuadas.
- EDIFICIO: Arranxo integral das escaleiras de emerxencia, eliminando os chanzos existentes de madeira en mal estado por outros metálicos adecuados á normativa vixente. Pintado de toda a escaleira. Arranxo de porta de saída, reparación de humidades en diferentes lugares do edificio, sinalización de medios de extinción e pulsador en diferentes puntos, mellora da iluminación exterior.

No curso 22-23 formulouse a Acción de Mellora **AM-8/22-23** que recollía a necesidade de mellorar as instalacións do centro. Entre as melloras realizadas no curso 22-23, poden sinalarse as seguintes:

- Reforma e mellora das salas para estudantado: sala de traballo colaborativo, sala de informática de uso libre e nova sala de usos múltiples (cambio de fiestras antigas por outras climatizadas e substitución de cristais translúcidos por transparentes para dotar de maior luz natural, apertura de vidreiras cara corredores e zona de patios para maior luz natural, substitución de chan e teitos defectuosos):
- Compra de 2 proxectores de vídeo para aulas de docencia e substitución dos existentes anteriormente.
- Compra de fotocopiadora para Unidade de Xestión do Centro.
- Compra de 90 estores para despachos de PDI e salas de reunións, para substituír as persianas defectuosas existentes.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 115 de 131

- Compra dun secamáns de aire óptico para baño en zona de aulas.
- Compra de Televisor de 75 polgadas para substituír proxector existente en aula.
- Restauración do mural cerámico de Atienza na Aula A, para restituír pezas rotas ou desaparecidas.
- Pintado de varandas exteriores en accesos á facultade e de varandas de interior en rampas de acceso a ascensores.
- Pintado de varios despachos de PDI e outras dependencias de uso común.
- Traslado e instalación de porta de cristal á sala Argos (uso de estudantado), para aumentar a visibilidade da mesma e aumentar a luz natural.
- Reparación de mobiliario diverso. Reforzo de asentos de cadeiras e tapizado de cadeiras e sofás.

No curso 23-24 realizáronse, entre outras, as seguintes melloras:

- Equipamento de sala de traballo colaborativo para estudantado: compra de cadeiras, mesas de traballo, sofás, etc
- Compra de 4 deshumidificadores para colocar en diversas aulas e mellorar a confortabilidade nas mesmas
- Compra de 2 microondas para sala Argos: a sala utilízase como sala de traballo e como comedor para estudantado, PDI...
- Apertura de varias salas de espera e convivencia en zona de despachos de PDI
- Acondicionamento de seminario en zona despachos de PDI para uso prioritario do departamento de Economía Cuantitativa (insonorización, pintado, instalación de mobiliario, etc)
- Arranxo integral de aulas 14 e 17 (substitución de falsos teitos, arranxo de chan, pintando, mellora de iluminación...)
- Reparación de todas as fiestras da sala de estudo da biblioteca e de varias aulas.
- Instalación dunha segunda papeleira exterior na entrada principal da facultade
- Renovación de equipos informáticos en aulas de informática i1 e i2
- Renovación destrutora de papel para o Punto de atención, información e servizos
- Renovación de equipos informáticos para o Punto de atención, información e servizos
- Arranxo integral do despacho de PDI 110 (anteriormente estaba en desuso)
- Arranxo de humidades e impermeabilización en diversas zonas

No que se refire á **satisfacción dos estudantes e egresados coas infraestruturas**, a enquisa de satisfacción dos egresados foi modificada e nos últimos anos non se pregunta pola satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no centro.

O centro, dende o curso 20/21 realízase unha enquisa propia na que se pregunta, entre outras cuestións, sobre estes aspectos.

No curso 23-24, o indicador propio que mide a satisfacción dos egresados coas infraestruturas do centro acadou un valor de 4.23 para os egresados/as de ADE e 3.83 para os/as de Economía, nunha escala 1-5.

Con respecto aos servizos de **orientación académica e profesional dispoñibles**, a USC conta con diferentes servizos de atención ao estudante que, incluíndo estudantes estranxeiros e egresados (programas de apoio ao estudante como as xornadas de acollida e orientación, plan de acción tutorial, programa de *mentoring*, servizos para visitantes, oficina de apoio a persoas con discapacidade, bolsas e axudas). Estas iniciativas teñen por obxecto lograr, a través dunha atención personalizada ao estudante, a mellora no seu labor de aprendizaxe. Pola súa banda, a área de Orientación Laboral leva a cabo diversas actuacións dirixidas a apoiar e orientar ao estudante na procura de emprego, para mellorar o seu empregabilidade e favorecer a inserción laboral, contando así mesmo cunha bolsa de emprego. A Universidade tamén pon ao servizo do estudantado e do profesorado a área de Valorización, Transferencia e Emprendemento. Esta área vai dirixida, entre outros, a emprendedores da comunidade universitaria que teñan interese en pór en marcha un novo proxecto empresarial baseado no coñecemento.

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 116 de 131

Como xa se comentou previamente, para facilitarlle a adaptación ao estudantado que accede por primeira vez á universidade, o centro organiza unha xornada de acollida e orientación. Nela desenvólvense charlas informativas para dar a coñecer a estrutura da Universidade e da Facultade, o seu funcionamento, normativas, actividades, as canles de información, os servizos que oferta, os responsables académicos e as súas funcións. Ademais de explicarlles o funcionamento do centro, da biblioteca e os servizos que ten ao seu alcance, reciben información precisa sobre a localización das distintas dependencias e dos contidos da web do centro e xeneral da USC que están especificamente dirixidos a eles. A esta xornada de acollida común para os estudantes de novo acceso, súmase a presentación que o persoal da Biblioteca realiza deste servizo.

De igual maneira desenvólvense outras actividades enfocadas á orientación profesional: actividades e talleres sobre saídas profesionais, elaboración de currículos, etc., sesión informativa sobre os títulos de Máster que se imparten na facultade, así como impartición de conferencias sobre temáticas relacionadas coa orientación profesional e a docencia.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

6.Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.

6.1.Recollida, análise e utilización da información.

6.2.Publicación da información

6.3.Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

6.1.Recollida, análise e utilización da información

O procedemento de información pública implantado dentro do SGC (PC-12) ten como obxectivo establecer o sistema para facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro, así como o modo no que se realiza a súa revisión periódica e actualización con fin de manter informados aos seus grupos de interese. Alcanza á totalidade de información publicada sobre cada unha das titulacións oficiais impartidas nos centros.

Trátase, ademais de garantir a transparencia, de facilitar información aos grupos de interese nos procesos de toma de decisións, en particular ao estudantado e profesorado implicado no proceso de ensino-aprendizaxe. Deste xeito, cómprese a función de render contas á sociedade sobre a evolución pasada, actual e previsible do título.

Na web do centro/título publícase información actualizada e axeitada sobre o desenvolvemento dos títulos e o seu plan de estudos (programas, horarios, calendarios de exames, prácticas, mobilidade, etc.), sendo accesible a todos os grupos de interese, internos e externos. Os cambios sobrevidos xunto con calquera outra información de interese, resáltanse na web do centro no apartado de “Novidades”.

Froito das reflexións do seguimento dos títulos realizadas nos cursos pasados, fixéronse na Facultade pequenos cambios que consideramos melloraron este aspecto concreto que estamos a avaliar:

- Dende que funcionan as aulas virtuais de coordinación, empréganse para enviar mensaxes a todo o estudantado con información diversa sobre as actividades desenvolvidas no centro.
- Hai dúas pantallas para transmitir a información pública no centro.
- Organízanse a sesión de acollida en primeiro onde, entre outras moitas cousas, se lle informa ao estudantado das fontes de información dispoñibles;

 FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS	MEMORIA DE CALIDADE 23-24
	Páxina 117 de 131

- Realízanse sesións de orientación recollidas no Plan de Acción Titorial como por exemplo as sesións de presentación presenciais da materia Traballo Fin de Grao, dos programas de mobilidade, dos posgraos que se imparten na Facultade, etc.
- O centro conta con perfíles nas redes sociais Instagram, Youtube, Bluesky, Facebook e LinkedIn. A través destas redes faise difusión de todo o que acontece no centro e de cuestións de relevancia para a comunidade universitaria.

6.2. Publicación da información

Unha das liñas estratéxicas que reñen as accións de mellora do centro é a mellora da comunicación do mesmo. O obxectivo xeral é mellorar as políticas de comunicación, tanto cara dentro como cara ao exterior.

En xeral, consideramos que os títulos impartidos no centro cumpren con todos os requirimentos da ACSUG en materia de información pública, xa que a información relevante dos distintos títulos está dispoñible para os axentes interesados na mesma.

A pesar disto, nos últimos anos véñense desenvolvemento diferentes accións de mellora co fin de avanzar neste obxectivo, como por exemplo as seguintes:

- Elaboración dunha guía do estudantado coa información máis relevante sobre o funcionamento do centro.
<https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2025-09/guia-estudiantes-curso-sep-2025.pdf>
- Elaboración dunha guía do profesorado enfocada ao profesorado de nova incorporación.
<https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-12/guia-profesorado-13-12-2024.pdf>
- Posta en funcionamento de perfíles en diferentes redes sociais.
- “Welcome day” para o estudantado estranxeiro
- Elaboración de horarios específicos por grupo de interactiva e posta a disposición dos mesmos na páxina web do centro
- Elaboración de indicadores propios do centro: enquisa de perfil, enquisa TFG (na que tamén se recolle información sobre a satisfacción coas infraestruturas e servizos do centro, coa información dispoñible e coa titulación).

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-economicas-empresariais/SitePages/Calidade.aspx>

- Publicación periódica en relación á actividade do centro: Xornal ECONTADE.

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias-economicas-empresariais/econtade>

6.3. Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública

Co fin de avaliar a satisfacción dos egresados/as coa información pública dispoñible, o centro ven elaborando unha enquisa propia dende o curso 20-21. Os/as egresados/as de ADE valoraron cunha puntuación de 4.15 (nunha escala 1-5) a información dispoñible sobre o título (enquisa contestada polo 51.2% dos egresados no curso 23-24). No caso dos egresados en Economía, a puntuación foi de 3.87 (enquisa contestada polo 52.5% dos/as egresados/as no curso 23-24).

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 118 de 131

3. Plan de Melloras do centro

(As accións de mellora dos títulos de Máster poden consultarse nos respectivos informes de resultados) ([INFORMES DE RESULTADOS F.CCEEE 23-24](#))

Como xa se comentou na Directriz 1 desta memoria, as accións de mellora formuladas para o curso 24-25 derívanse da avaliación do grao de cumprimento do plan estratéxico do centro. Así, están vinculadas ao cumprimento dos obxectivos estratéxicos.

Na sección na que se avalía o grao de cumprimento do plan estratéxico, relaciónanse as diferentes accións de mellora co obxectivo estratéxico ao que contribúen.

Obxectivo a conseguir: Reducir as taxas de abandono dos graos en ADE e Economía.			
Responsable do obxectivo: Coordinadores/as de titulación, vicedecana de Calidade e Innovación Docente.		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.		
Procesos clave relacionados	PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas		
	PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Taxa de abandono	Meta a conseguir	Reducir respecto a media dos 3 últimos cursos académicos.
Accións de mellora relacionadas	Programar no horario de inicio de curso unha sesión fixa do PAT na que se insistirá en cuestións relevantes para o seguimento do curso e dos estudos.		
AM-1.1	Analizar a cuestión do abandono cos/as delegados/as en diferentes xuntanzas realizadas ao longo do curso.		
AM-1.2			
AM-1.3	Promover entre o profesorado a consideración da participación activa na clase como un elemento a considerar na avaliación continua.		
Obxectivo a conseguir: Incrementar a participación do estudantado na vida do centro e a asistencia ás clases.			
Responsable do obxectivo: Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais.		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 119 de 131

Procesos clave relacionados		PC-03 Apoio a estudantes PC-04 Desenvolvimento das ensinanzas	
Indicadores de medición	Nº de actividades de benvida novas realizadas	Meta a conseguir	2 actividades adicionais ás xa existentes.
Accións de mellora relacionadas AM-2.1 AM-2.2		Realizar novas actividades de benvida de carácter deportivo e cultural: 3x3 de baloncesto, feira das nacionalidades... Fomentar a permanencia do estudantado no centro revitalizando os espazos comúns como zonas de convivencia.	
Obxectivo a conseguir: Coñecemento sobre a nova edición dos plans de estudos de ADE e Economía			
Responsable do obxectivo: Vicedecano de Titulacións e Organización Docente		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado		Directriz 6. Información pública	
Procesos clave relacionados		PS-06 Información pública PC-03 Apoio a estudantes PC-04 Desenvolvimento das ensinanzas	
Indicadores de medición	Material de divulgación elaborado e nº de actividades de promoción e captación realizadas	Meta a acadar	Incrementar nun 20ª o número de charlas.
Accións de mellora relacionadas AM-3.1 AM-3.2		Elaboración de material divulgativo sobre a nova edición dos graos do centro e difusión do mesmo. Colaboración con centros de secundaria e de formación profesional a través de charlas ou outro tipo de actividades.	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 120 de 131

Obxectivo a conseguir: Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado		Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	
Procesos clave relacionados		PE-01 Planificación Estratéxica	
Indicadores de medición	Nº de actividades realizadas	Meta a acadar	2 por curso académico
Accións de mellora relacionadas		Avanzar no recoñecemento da Revista Galega de Economía e no seu posicionamento nos diferentes índices de calidade.	
AM-4.1			
AM-4.2		Achegar a Facultade á sociedade a través da realización ou colaboración en actividades socioculturais como por exemplo visitas guiadas ao patrimonio artístico do centro.	
Obxectivo a conseguir: Contribuír á formación integral do estudantado.			
Responsable do obxectivo: Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.	
Procesos clave relacionados		PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas	
Indicadores de medición	Nº de actividades realizadas	Meta a acadar	2 por curso académico

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 121 de 131

Accións de mellora relacionadas AM-5.1		Promover o uso da lingua galega a través da proposta de actividades por parte da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade.	
Obxectivo a conseguir: Obter información que permita xestionar mellor a mobilidade saínte e incrementar a satisfacción do estudiantado de mobilidade entrante.			
Responsable do obxectivo: Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais		Data inicio: 01/09/2024	Data fin: 21/12/2025
Obxectivo estratéxico relacionado		Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.	
Procesos clave relacionados		PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas	
Indicadores de medición	Satisfacción do estudiantado de mobilidade entrante Información recollida na enquisa realizada	Meta a acadar	Incrementar a media dos 3 últimos anos da satisfacción do estudiantado de mobilidade entrante. Dispoñer dunha base de datos con información sobre os destinos de mobilidade.
Accións de mellora relacionadas AM-6.1 AM-6.2		Realizar unha enquisa dirixida ao estudiantado de mobilidade saínte co obxectivo de coñecer con maior profundidade os destinos e as súas características. Asignar un/unha estudante titor/a a cada estudante de mobilidade entrante coa finalidade de facilitar a súa adaptación ao centro.	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 122 de 131

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
		Análise causa	Taxas de abandono elevadas nos graos en ADE e Economía, especialmente en primeiro curso.
	Definición	Definición/descrición proposta	Reducir as taxas de abandono dos graos en ADE e Economía.
		Data prevista de finalización	31/12/2025
		Data inicio	01/09/2024
	Responsables		Responsable da implantación Coordinadores/as de titulación de grao Vicedecana de Calidade e Innovación Docente Vicedecano de Titulacións e Organización Docente
Tarefa 1, 2 e 3	Código		AM-1.1
	Descrición tarefa		Programar no horario de inicio de curso unha sesión fixa do PAT na que se insistirá en cuestións relevantes para o seguimento do curso e dos estudos.
	Data prevista de finalización		31/12/2025
	Persoa responsable		Vicedecano de Titulacións e Organización Docente
	Código		AM-1.2
	Descrición tarefa		Analizar a cuestión do abandono cos/as delegados/as en diferentes xuntanzas realizadas ao longo do curso.
	Data prevista de finalización		31/12/2025
	Persoa responsable		Vicedecano de Calidade e Innovación Docente Coordinadores/as de título de grao
	Código		AM-1.3
	Descrición tarefa		Promover entre o profesorado a consideración da participación activa na clase como un elemento a considerar na avaliación continua.
	Data prevista de finalización		31/12/2025

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 123 de 131

	Persoa responsable	Vicedecana de Calidade e Innovación Docente
--	--------------------	---

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante.
			PC-03 Apoio a estudantes
			PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
	Definición	Análise causa	Escasa participación do estudantado na vida do centro.
		Definición/descrición proposta	Incrementar a participación do estudantado na vida do centro.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
Data inicio		01/09/2024	
Responsables		Responsable da implantación	Decano Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais
Tarefa 1 e 2	Código	AM 2.1	
	Descrición tarefa	Realizar novas actividades de benvida de carácter deportivo e cultural: 3x3 de baloncesto, feira das nacionalidades...	
	Data prevista de finalización	21/12/2025	
	Persoa responsable	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais	
	Código	AM 2.2	
	Descrición tarefa	Fomentar a permanencia do estudantado no centro revitalizando os espazos comúns como zonas de convivencia.	
	Data prevista de finalización	21/12/2025	
	Persoa responsable	Decano	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de	Código	AM-3

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 124 de 131

		Tipo	Acción de Mellora
		Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas PC-03 Apoio a estudantes PS-06 Información pública
	Definición	Análise causa	Posta en marcha da nova edición dos graos en ADE e Economía.
		Definición/descrición proposta	Coñecemento sobre a nova edición dos plans de estudos de ADE e Economía.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Data inicio	01/09/2024
	Responsables	Responsable da implantación	Vicedecano de Titulacións e Organización Docente Vicedecano de Estudantes e Internacionalización
Tarefa 1 e 2		Código	AM 3.1
		Descrición tarefa	Elaboración de material divulgativo sobre a nova edición dos graos do centro e difusión do mesmo.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Persoa responsable	Vicedecano de Titulacións e Organización Docente
		Código	AM 3.2
		Descrición tarefa	Colaboración con centros de secundaria e de formación profesional a través de charlas ou outro tipo de actividades.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Persoa responsable	Vicedecano de Estudantes e Internacionalización

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Política e obxectivos de calidade. PE-01 Planificación Estratéxica
		Análise causa	Certa desconexión da Facultade no seu ámbito de influencia.
	Definición	Definición/descrición proposta	Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 125 de 131		

		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Data inicio	01/09/2024
Responsables		Responsable da implantación	Decano
Tarefa 1 e 2		Código	AM.4.1
		Descrición tarefa	Avanzar no recoñecemento da Revista Galega de Economía e no seu posicionamento nos diferentes índices de calidade.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Persoa responsable	Decano
		Código	AM. 4.2
		Descrición tarefa	Achegar a Facultade á sociedade a través da realización ou colaboración en actividades socioculturais como por exemplo visitas guiadas ao patrimonio artístico do centro.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Persoa responsable	Decano

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-5
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
			Definición
	Definición/descrición proposta	Contribuír á formación integral do estudantado.	
	Data prevista de finalización	21/12/2025	
	Data inicio	01/09/2024	
	Responsables		Responsable da implantación
Tarefa 1		Código	AM. 5.1

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 126 de 131

	Descrición tarefa	Promover o uso da lingua galega a través da proposta de actividades por parte da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade.
	Data prevista de finalización	21/12/2025
	Persoa responsable	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-6
		Tipo	Acción de Mellora
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante. PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
		Análise causa	Necesidade de coñecer mellor o funcionamento dos destinos de mobilidade. Necesidade de facilitar a adaptación do estudantado de mobilidade entrante.
	Definición	Definición/descrición proposta	Obter información que permita xestionar mellor a mobilidade saínte e incrementar a satisfacción do estudantado de mobilidade entrante
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Data inicio	01/09/2024
		Responsable da implantación	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais
Tarefa 1 e 2		Código	AM. 6.1
		Descrición tarefa	Realizar unha enquisa dirixida ao estudantado de mobilidade saínte co obxectivo de coñecer con maior profundidade os destinos e as súas características.
		Data prevista de finalización	21/12/2025
		Persoa responsable	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais
		Código	AM. 6.2
		Descrición tarefa	Asignar un/unha estudante titor/a a cada estudante de mobilidade entrante coa finalidade de facilitar a súa adaptación ao centro.
		Data prevista de finalización	21/12/2025

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 127 de 131

	Persoa responsable	Vicedecano de Estudiantes e Relacións Internacionais
--	---------------------------	--

4. Modificacións nos diferentes títulos

No curso 23-24 non houbo modificacións nas titulacións do centro.

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directric es	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	ACTAS 23-24
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Evidencias 23-24
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2023-2024
			INF.16_2013-2024 (información por título)
			INF.CiUG_2023-2024 (información por título)

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 128 de 131		

1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2023-2024 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2023-2024
			INF.03_2023-2024 (información agrupada por centro)
6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do centro
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2023-2024
			Informes de enquisas (docencia, PDI, PTXAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2023-2024
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2023-2024 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2023-2024 (información agrupada por centro)

	MEMORIA DE CALIDADE	
	Páxina 129 de 131	

4	I7	Porcentaxe de participación do PTXAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2023-2024 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_2023-2024 (información por título)
			INF.14_2023-2024 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2023-2024 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extra curriculares	Evidencias 23-24
5	I11	Distribución estudiantado por centros de prácticas	Evidencias 23-24
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, a lo menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	Evidencias 23-24
2,3	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2016-2017 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)
			INF.17_2023-2024 (información por título)
			INF.18_2023-2024 (información por título)
			INF.19_2023-2024 (información por título)
			SIU_2023-2024 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)

	MEMORIA DE CALIDADE		
	Páxina 130 de 131		

			INF.CiUG_2023-2024 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2023-2024 (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de estudantado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2023-2024 (información agrupada por centro)